Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 26/10/2022 05:24:59
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 88

Sesión plenaria
29 de xuño de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 30738 (11/PNP-002653)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación do sistema de gardas de vinte e catro horas nos xulgados da Coruña e Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 281, do 23.02.2022

4.2 33937 (11/PNP-002978)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co incremento dos delitos de odio contra as persoas do colectivo LGTBI
Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 27.04.2022

4.3 34931 (11/PNP-003089)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas políticas que afectan as persoas do colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

4.4 35280 (11/PNP-003122)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e cinco deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para a rectificación do disposto na lei de residuos estatal e a ampliación do prazo, fixado pola directiva europea en decembro de 2023, que teñen os concellos de deputados/as máis de cinco mil habitantes para implantar a recollida de biorresiduos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

4.5 35403 (11/PNP-003139)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e catro deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da creación de xulgados de violencia sobre a muller nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago de Compostela e Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 35965 (11/PNP-003203)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e catorce deputados/as máis
Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de medidas para solucionar o problema xerado polo colapso e o peche da circulación do viaduto do Castro, na autovía do Noroeste, e garantir a seguridade e a funcionalidade desa infraestrutura viaria
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 332, do 15.06.2022

Punto 5. Interpelacións

5.1 34926 (11/INT-001795)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis
Sobre a sinistralidade laboral
Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

5.2 35117 (11/INT-001803)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego sobre o uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 25.05.2022

5.3 35511 (11/INT-001831)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre os servizos de medicina interna
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 36264 (11/POPX-000071)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reforzar a Atención Primaria ante o inicio da temporada estival
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

6.2 36266 (11/POPX-000072)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a defensa polo Goberno galego dos intereses de Galicia ante o Estado
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 36263 (11/PUP-000264)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre os contratos privados de patrocinio publicitario adxudicados no mes de maio pola Axencia de Turismo de Galicia mediante procedemento negociado sen publicidade a medios de comunicación con domicilio social en Madrid
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

7.2 29533 (11/POP-004430)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Carballo Páez, Ramón e doce deputados/as máis
Sobre a decisión do Goberno municipal de Lugo de manter pechado, sen uso e sen mantemento, o novo auditorio
Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022

7.3 34660 (11/POP-005016)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da sentenza do Tribunal Supremo de Xustiza que desestima a reclamación feita pola empresa concesionaria da AP-9 sobre o pagamento das peaxes en sombra de Rande e A Barcala
Publicación da iniciativa, BOPG nº 320, do 19.05.2022

7.4 35976 (11/PUP-000260)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e once deputados/as máis
Sobre a información dispoñible por parte da Xunta de Galicia en relación coas circunstancias, causas e posibles solucións en que traballa o Goberno de España para a reparación do viaduto colapsado na A-6
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332, do 15.06.2022

7.5 36260 (11/PUP-000263)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a colaboración do Goberno galego co Goberno central na mellora do mapa de transportes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

7.6 35206 (11/POP-005085)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis
Sobre a inclusión da oferta do novo bacharelato xeral e o bacharelato de artes para o curso 2022-2023 nos centros educativos do Val Miñor
Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.7 27427 (11/POP-003980)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis
Sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

7.8 35352 (11/POP-005108)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e dous deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para dotar de dous profesionais de psiquiatría o cadro de persoal do Servizo de Saúde Mental da Mariña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reforzar a Atención Primaria ante o inicio da temporada estival. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 12.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 15.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a defensa polo Goberno galego dos intereses de Galicia ante o Estado. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 19.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 21.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 22.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación do sistema de gardas de vinte e catro horas nos xulgados da Coruña e Vigo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 27.) *e Sra. Prado del Rio (P).* (Páx. 30.)

Nova intervención da señora Castro Rey (S). (Páx. 34.)

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión plenaria pola que se debaterán de xeito acumulado as proposicións non de lei 4.2 e 4.3. (Páx. 35.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co incremento dos delitos de odio contra as persoas do colectivo LGTBI. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas políticas que afectan as persoas do colectivo de lesbianas, gais, transxénero, transexuais, bisexuais e intersexuais. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 36)

Intervención dos grupos autores da proposición non de lei: *Sra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 38.) *e Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 41.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 44.)

As señoras Carreira Pazos (BNG) (Páx. 48.) *e Otero Lago (S)* (Páx. 50.) *interveñen para posicionarse respecto das emendas.*

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Sol Díaz Mouteira e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para a rectificación do disposto na lei de residuos estatal e a ampliación do prazo, fixado pola directiva europea en decembro de 2023, que teñen os concellos de máis de cinco mil habitantes para implantar a recollida de biorresiduos. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 52.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 53.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 56.) *e Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 58.)

A señora Díaz Mouteira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 62.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e catro deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da creación de xulgados de violencia sobre a muller nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago de Compostela e Lugo. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 65.)

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 65.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 68.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 71.)

O señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 74.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Carmen María Pomar Tojo e catorce deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de medidas para solucionar o problema xerado polo colapso e o peche da circulación do viaduto do Castro, na autovía do Noroeste, e garantir a seguridade e a funcionalidade desa infraestrutura viaria. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 76.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 78.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 79.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 81.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 84.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación do sistema de gardas de vinte e catro horas nos xulgados da Coruña e Vigo: *rexeitada por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co incremento dos delitos de odio contra as persoas do colectivo LGTBI: *rexeitada por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas políticas que afectan as persoas do colectivo de lesbianas, gais, transxénero, transexuais, bisexuais e intersexuais: *rexeitado por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Sol Díaz Mouteira e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para a rectificación do disposto na Lei de residuos estatal e a ampliación do prazo, fixado pola directiva europea en decembro de 2023, que teñen os concellos de máis de cinco mil habitantes para implantar a recollida de biorresiduos: *aprobada por 39 votos a favor, ningún en contra e 29 abstencións.* (Páx. 88.)

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e catro deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da creación de xulgados de violencia sobre a muller nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago de Compostela e Lugo: *rexeitado por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Carmen María Pomar Tojo e catorce deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de medidas para solucionar o problema xerado polo colapso e o peche da circulación do viaduto do Castro, na autovía do Noroeste, e garantir a seguridade e a funcionalidade desa infraestrutura viaria: *aprobada por 68 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Suspéndese a sesión ás dúas e un minuto da tarde e retómase ás catro e dezasete minutos.

Interpelación de D. Daniel Pérez López e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a sinistralidade laboral. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 89.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 92.)
Réplica do autor: *Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 95.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 97.)

Interpelación de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego sobre o uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 99.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 102.)
Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 105.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)* (Páx. 107.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os servizos de medicina interna. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 110.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 112.)
Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 117.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 120.)

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os contratos privados de patrocinio publicitario adxudicados no mes de maio pola Axencia de Turismo de Galicia mediante procedemento negociado sen publicidade a medios de comunicación con domicilio social en Madrid. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 122.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 123.)
Réplica do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 124.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 125.)

Pregunta de D. Ramón Carballo Páez e doce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a decisión do Goberno municipal de Lugo de manter pechado, sen uso e sen mantemento, o novo auditorio. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Carballo Páez (P).* (Páx. 126.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 127.)
Réplica do autor: *Sr. Carballo Páez (P).* (Páx. 128.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 129.)

Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración polo Goberno galego da sentenza do Tribunal Supremo de Xustiza que desestima a reclamación feita pola empresa concesionaria da AP-9 sobre o pagamento das peaxes en sombra de Rande e A Barcala. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 130.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 131.)
Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 132.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 133.)

Pregunta de Dª Carmen María Pomar Tojo e once deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información dispoñible por parte da Xunta de Galicia en relación coas circunstancias, causas e posibles solucións en que traballa o Goberno de España para a reparación do viaduto colapsado na A-6. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 134.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 135.)
Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 136.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 136.)

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a colaboración do Goberno galego co Goberno central na mellora do mapa de transportes. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 138.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 139.)
Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 140.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 140.)

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a inclusión da oferta do novo bacharelato Xeral e o bacharelato de Artes para o curso 2022-2023 nos centros educativos do Val Miñor. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 142.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 143.)
Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 144.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 145.)

Pregunta de Dª María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 146.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 147.)
Réplica da autora: *Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 149.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 149.)

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para dotar de dous profesionais de psiquiatría o cadro de persoal do Servizo de Saúde Mental da Mariña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 151.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 152.)
Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 153.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 154.)

Remata a sesión ás sete e corenta e un minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reanudamos o pleno coas preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reforzar a Atención Primaria ante o inicio da temporada estival

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta do portavoz do Grupo Parlamentario Socialista. Cando queira, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor Rueda.

Hoxe imos falar de novo da atención sanitaria en Galicia. E Galicia, señores do Partido Popular, inclúe tamén Ourense. Digo isto porque ás veces incluso se permiten afirmacións como falar da Galicia interior, de Lugo e Ourense, obviando toda a zona entre Ribadeo e O Vicedo, para pasmo dalgún deputado ou deputada que hai aquí que é desa zona.

Señor Rueda, hai dúas semanas trouxemos a situación de colapso da sanidade galega e vostede, desde o meu punto de vista particular —podo estar errado—, devaluou o debate introducindo un concurso televisivo —*O prezo xusto*— coma se isto fose unha subasta. Pero tranquilícese, con respecto á mecánica dese concurso non corren vostedes o máis mínimo risco de pasarse orzando. Eu, que son un fiel defensor do audiovisual galego, voulle dicir que hai outro programa de produción propia da Televisión de Galicia que se adecúa máis á realidade da situación que ten a sanidade galega, e ese programa é *Era visto*. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rueda, equivocouse vostede hai dúas semanas introducindo o debate sobre as retribucións do persoal médico desta comunidade autónoma. Non é certo que un médico de atención primaria cobre, cando entra a formar parte da sanidade pública de Galicia, 65.000 euros ao ano. É falso. Vostede incluso dixo despois que ese non era o debate, consciente de que estaba desvirtuando e mentindo sobre esa realidade. Pero, afortunadamente, a sanidade galega funciona grazas ao magnífico traballo dos profesionais que temos. Digo isto —agradecéndolles o seu traballo— porque non vaia ser que vostedes digan despois que desprezamos os traballadores do servizo público da sanidade galega.

Por se non tivo tempo vostede de ler nestas dúas semanas o que se publicou na prensa, hai algunhas noticias, algunhas afirmacións, que son particularmente reveladoras. Din: «¿Podemos estar tranquilos os pacientes en verán? Non, rotundamente non, nin os pacientes nin os médicos. ¿Como foi a planificación de recursos humanos do Sergas? Entre pésima e horrorosa» —*(sic)*—. «Levamos anos alertando de que, cando se xubilen os máis

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

veteranos, quedamos sen médicos e fixeron caso omiso» —isto é colleita propia: era visto—. «¿Con contratos estables resolveríase o problema? Son varias as situacións que hai que resolver. Todo ese persoal que temos con contratos precarios hai que facelos fixos. Non podemos permitir que nin un só médico máis marche de Galicia. ¿É a ampliación da xornada unha solución para a primaria? Non, porque un médico non pode atender nun día a cen pacientes. A única solución ao problema que vimos arrastrando desde hai anos é a ampliación dos recursos humanos e mellorar as condicións. Os médicos non están dispostos a vender a súa saúde nin as dos seus pacientes. Pagar máis por facer substitucións é un parche, é como unha manta curta, se tapas por un lado, destapas por outro. E o problema xa non é só económico, é máis gordo. Queremos condicións adecuadas, fundamentalmente para os nosos pacientes. Os pluses son paliativos, a Administración vainos pagar máis por acumular máis enfermos nas nosas sobrecargadas axendas; é dicir, pagar máis por traballar peor. Non podemos deixar de levantar a voz de protesta ante medidas que son froito dunha tremenda falla de previsión e improvisación. Pedimos traballo e condicións dignas para asistir á nosa poboación con máis profesionalidade».

Ata aquí, fin da cita, e non porque non haxa máis. Señor Rueda, podería botar aquí todo o pleno lendo noticias de prensa. Non trouxen copia porque non atopei ningún carro libre para traer o papel ata aquí. O problema da sanidade pública galega é un problema de falla de médicos e non é un problema salarial, sábeno vostedes perfectamente. É un problema de estabilidade e de condicións laborais. E non o digo eu, non o di este grupo parlamentario, dino os propios profesionais sanitarios.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Por isto, señor Rueda, ante esta situación —remato, señor presidente—, ¿que vai facer vostede para solucionar o problema da sanidade pública galega á vista das complicacións que se engaden coa chegada do verán?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Bos días, señor Álvarez.

Efectivamente, nova sesión de control, nova pregunta, e vostedes volven preguntar sobre a sanidade galega. Por suposto, eu, como é a miña obriga, estou satisfeito de poder seguir falando dun tema no que creo que é necesario, efectivamente, dicir o que pasa, explicar por

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que pasa e dicir quen son os responsables do que está pasando. Porque, se non sabemos quen son os responsables, será moi difícil atopar solucións.

Por suposto que lin as entrevistas e as declaracións que se fixeron estas semanas. E podemos falar de prensa, imos falar un pouco de prensa, para que vexa vostede que simplemente lendo declaracións moi respectables de calquera non se poden arranxar os problemas.

Seguimos discrepando no principal, señor Álvarez. Vostede hoxe, efectivamente, baixou un pouco o pistón porque se dan conta de que exaxerar nunca é bo e non responde á realidade. Pero no fondo seguen pensando —vese en canto se relaxan un pouco nas cousas que din bastantes dos seus compañeiros de escano e de partido, e aí hai un fallo de concepto no que nunca nos imos poñer de acordo— e queren dar imaxe de que a nosa sanidade é unha sanidade —dicíallo o outro día e sígoo pensando, porque non vin que cambiaran ese concepto—, ao nivel dun hospital de guerra e ao nivel dun país africano subdesenvolvido. É a imaxe que dan do que están dicindo. E mire, iso non é así. Por suposto que non estamos de acordo nin o Goberno da Xunta de Galicia nin está de acordo este grupo parlamentario nin o Partido Popular, pero é que non está de acordo tampouco a cidadanía galega. E, claro, mentres non se dean conta de que as cousas non son así é moi difícil arranxar os problemas.

Vexamos o último barómetro sanitario do CIS, do CIS e non do INE, ese INE que vostedes acaban de fulminar porque non estaban de acordo cos datos que lles daba. Do CIS supoño que si lles valerá todo o que di porque sempre fala moi ben de vostedes e, polo tanto, supoño que darán por bo o que diga da realidade do que pregunta. Pois, mire, di que a valoración da cidadanía galega sobre a sanidade pública galega está por enriba da valoración que fai a cidadanía española en xeral da súa sanidade. ¿Sabe cal é o servizo mellor valorado pola cidadanía galega dentro dos servizos sanitarios? A sanidade primaria. ¿Isto fai que nos conformemos? Non, por suposto. ¿E imos dicir que non hai problemas? Claro que hai problemas, por suposto. E agora que vén o verán virán momentos de tensión, por suposto. Pero, mire, estes problemas hainos aquí, hainos en Asturias, hainos en Castela-A Mancha, hainos en Estremadura, hainos en moitísimos sitios. E habíaos tamén en Galicia cando vostedes gobernaban.

Vostede tira de hemeroteca. Permítame que eu o faga tamén. Maio de 2007 —vostede sabe quen gobernaba— en *La Opinión* —despois pódolle deixar todas as copias do que estou dicindo—: «A atención primaria galega, a sexta peor valorada de España». En 2008, *La Voz de Galicia*: «¿Por que está tan enferma a atención primaria?». Seguimos. En xaneiro do 2008, no diario *20 minutos*: «Galicia á cola de España en atención primaria». ¿Quere outro máis? Aquí hai un moi bo, en *El País*, xaneiro do 2009: «*Xunta y CIG achacan la saturación de la sanidad a la falta de médicos. Touriño y la ministra de Sanidad debatieron ayer soluciones a la escasez de especialistas*».

¡Xa me dirá! Claro, é que, se os problemas os inventamos nós e vostedes tiñan as solucións... Así non se vai a ningún sitio. Mire, nós preferimos falar de solucións antes de contar que vostedes tiñan os mesmos problemas que agora parece que queren ignorar, parece que os creou o Partido Popular. Preferimos falar de que só no capítulo de atención primaria —e non por repetir moitas veces as cifras que non son verdade vostedes van conseguir que

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acaben sendo certas, porque non o son—, só en atención primaria, hai un investimento en persoal, no capítulo de persoal, de máis de 100 millóns con respecto ao que vostedes tiñan, 800 persoas máis traballando na atención primaria, 300 millóns de euros máis que no 2009 investidos na sanidade pública. ¿Orzamento para infraestruturas? O 82 % máis.

¿Sabe en que baixamos? Baixamos en concertos, non chegamos apenas ao 5 % en concertos coa sanidade privada. Vostedes estaban no 7 %. Baixamos en gasto farmacolóxico, cun 30 % máis en xenéricos —menos ganancia da que lles daban vostedes aos grandes laboratorios—, e subimos en eficacia.

¿É dabondo? Dende logo que non. ¿É para estar tranquilos? Dende logo que non.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Agora, máis tranquilos que con vostedes, que só saben relatar esta verdade e se esquecen da que tiñan vostedes, dende logo que podemos estar máis tranquilos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica do señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, ¿de verdade, de verdade, que o seu argumento é falar da sanidade de Galicia no ano 2007? ¿Non ten nada vostede mellor que argumentar nin mellor que dicir? Podemos falar tamén da mellora do servizo de asistencia hospitalaria no Camiño de Santiago desde o século XVIII ata aquí, pero iso non vai resolver os problemas que ten esta comunidade autónoma no ano 2022.

Mire, señor Rueda, pode que eu exaxere, imos admitilo como hipótese válida. Pero é que estas declaracións que lle lin son da Asociación Galega de Médicos Internistas, da Confederación Estatal de Médicos de Galicia, da Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia, da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, do Colexio de Médicos de Ourense. Non son miñas. Podo subscribir e podemos subscribir todas e cada unha das palabras que din, pero non son declaracións deste grupo parlamentario nin deste portavoz. Podería seguir cunha lista extensa de profesionais e entidades nas que se queixan da situación da sanidade pública galega, de colapso, de falla de planificación e da xestión nefasta do Sergas.

Xa llo dixen e voullo repetir porque non acaba de interiorizalo: o problema da sanidade galega é estrutural —xa llo dixen en moitas ocasións— porque vostedes non crearon prazas estruturais, e así estamos como estamos. Convocaron vostedes unha OPE de 106 prazas MIR de familia. O meu compañeiro, o señor Torrado, deixoulles unhas horas para resolver un

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

problema que non require, de entrada, métodos numéricos de cálculo aproximado, é unha simple resta que pode facer un alumno de primaria. Se vostedes convocan unha OPE de 106 prazas MIR —que, por certo, incluía 27 de promoción interna, é dicir, que xa están dentro, pero, bueno, iso é o de menos—, se se presentan 347 —míreme un momentiño, señor Rueda, 106 e 347— e se vostedes encaixan esas dúas cantidades, ao mellor atopan —¡oh, sorpresa!— que poderiamos ter 241 médicos máis no sistema público de Galicia neste momento. É unha cuestión de vontade política, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Sabe vostede que Galicia é a terceira comunidade autónoma de España con menos médicos por habitante. Necesitariamos 821 para situarnos na media. E sabemos que as condicións laborais que ofrece o Sergas son peores que noutras comunidades autónomas. Vostede acaba de citar a Castela-León —ou Castela-A Mancha, se quere—, e ofrece contratos de catro anos.

Mire, señor Rueda, fágolle unha proposta. Unha vez que remate esta sesión de control reúnase co señor Comesaña e redacten unha nova convocatoria para contratar eses 241 médicos que parecen estar dispoñibles e en condicións de vir traballar a Galicia. A solución é sinxela: ofreza contratos estables e dignos, e comezará a ver solucións.

Señor Rueda, é unha cuestión de vontade política. Poden vostedes orzar 140 millóns de euros adicionais en atención primaria.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Por certo, a recente orde que pon ao inicio dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2023 cita a sanidade unha vez, ¡unha vez!, e esa é toda a importancia que lle dan vostedes á situación sanitaria de Galicia.

Señor Rueda, recorrendo de novo ao magnífico audiovisual galego, voulle citar outro programa que a min particularmente me gustaba moito e que reflicte a situación na que está a sanidade galega, porque vostedes a teñen posta aí. ¿Sabe cal é o nome dese programa? *Desmontando Galicia*.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Para o peche da pregunta, o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, di vostede: «Pode que exaxeremos». Non, «pode» non. Xa lle digo eu que exaxeran seguro. Grazas por recoñecelo. É parte do principio da solución se seguen por aí, igual que o sería recoñecer tamén que isto non é un problema de agora mesmo, que simplemente llo dicía para que se dera conta de que era un problema endémico, non só de agora. Isto é de antes e non só de aquí, doutras moitas comunidades autónomas.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede di que mire arredor. Mire vostede arredor, a outros territorios tamén gobernados polo Partido Socialista, e verá que, efectivamente —dicíallo na miña primeira intervención—, hai problemas. Por suposto que hai problemas, quen non recoñeza que hai problemas non será capaz de solucionalos. E nós recoñecemos que hai problemas. E, a partir de aí, hai que solucionalos. Pero, mire, é que a realidade é terca por moito que vostedes se enfaden cando nós dicimos que esta é a situación e que xa viña de antes, que realmente pasaba. Xa llo dixen cun dos artigos que viña na hemeroteca que antes lin. Dicía o presidente Touriño que faltaban médicos. Polo menos el tiña a valentía de recoñecelo, e tiña a valentía de dicirllo á ministra naquel momento —que era unha ministra socialista—.

E dígoo porque vostedes onte trouxeron aquí unha proposta cunha serie de solucións que apoiou o Partido Popular, cunha serie de argumentos para intentar mellorar. Nós así o tomamos, e sabe que a votamos a favor. Polo tanto, non pode dicir que este goberno, este grupo parlamentario, non ten vontade de escoitar a todo o mundo para arranxar as cousas. ¿Sabe que pasou? Que, na parte onde se dicía que no problema principal —a falta de médicos— hai trabas absurdas que segue poñendo o Ministerio de Sanidade e que iso había que removelo, vostedes non se atreveron e votaron en contra diso. ¿Dáse conta da diferenza? ¿Dáse conta de que cargan a Xunta de reproches, cargan a Xunta de obrigas —non vou dicir que non sexa o seu labor de oposición, estou de acordo—, pero despois non son capaces de levantar a voz absolutamente fronte ao seu goberno para tamén solucionar a parte importante do problema? *(Aplausos.)* Así é imposible.

E eu dígolle: ¿de que teñen medo? ¡Pero se está reclamando Asturias, está reclamando Aragón, está reclamando Estremadura nas reunións que temos, nas conferencias sectoriais, que o Goberno central faga o que non está facendo para acabar con gran parte do problema! E vostedes aquí, nun parlamento no que non gobernan, no que están na oposición, non son capaces de levantar a voz. E, claro, cando non se teñen arrestos para facer estas cousas —e perdoe que llo diga, pero creo que é a palabra—, o que se fai é intentar terxiversar a verdade, cambiar os datos, dicir cousas que non son certas.

Din vostedes que os médicos foxen de Galicia. Mire, nos últimos dez anos máis do 90 % dos médicos de familia que empezaron traballando en Galicia seguen traballando en Galicia. Din vostedes que hai menos médicos que noutros sitios. Mire, Galicia é a cuarta comunidade autónoma coa mellor ratio. ¿De onde saca vostede estes datos? ¿Que pasa?, ¿que menten entón os xornais?, ¿os xornais non menten cando lles convén o dato e, cando dan un dato que non ten nada que ver coa realidade catastrofista que vostedes pintan, entón non valen? Eu téñolle que dar ben os datos, señor Álvarez. Segue tendo un problema nese sentido. Dende logo, se cre que a ratio de Galicia non é das mellores e é das peores, entón ten mal os datos e é moi difícil poñerse de acordo.

Din que investimos menos en sanidade que hai anos, que hai recortes. Por iso lle falaba de antes. ¡Oia! Son 350 millóns de euros máis. Eu pídolles que sexan útiles, que eu creo que a unidade aquí é fundamental para reclamar cousas. En reclamarnos a nós como goberno da Xunta de Galicia estou de acordo, pero para reclamar fóra tamén —e non hai outra maneira de conseguilo que reclamando a quen pode facelo—. Iso é fundamental; polo tanto, nós imos ir reclamando que se desbloqueen esas 64 novas prazas de médicos MIR que podemos formar

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e que non nos deixa o seu goberno, señor Álvarez. Seguiremos reclamando que se eliminen as taxas de reposición. Non teñen sentido a estas alturas e seguen vixentes. Seguiremos reclamando que se cree a especialidade de emerxencias. E eses cálculos que antes vostede facía sobre máis médicos no sistema serían moito máis rápidos e moito máis sinxelos se simplemente se creara esa especialidade que todo o mundo reclama e que vostedes non son capaces de pedir.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Seguiremos pedindo que se cambie o sistema da asignación de prazas MIR, seguiremos defendendo —remato xa, señor presidente— a calidade da sanidade pública e seguiremos pedindo que se eliminen esas trabas estruturais. E, mentres, seguiremos, efectivamente, arbitrando medida que serán conxunturais. Cada área sanitaria neste verán terá un plan específico fronte ás continxencias. Vai ser, como en todos os lados, unha época complicada pero estamos preparados. Non axuda nada a súa posición, non axuda nada a súa visión catastrofista dunha sanidade, efectivamente, con excelentes profesionais e non axuda nada que sigan vostedes con ese exercicio de amnesia e de docilidade política fronte a que ten unha gran capacidade para solucionar os problemas, que é o Goberno central. A docilidade, ao mellor, a vostedes vénlles politicamente ben como grupo. Non o sei pero, dende logo, nin cura enfermos nin axuda á sanidade pública.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a defensa polo Goberno galego dos intereses de Galicia ante o Estado

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Quero empezar referíndome a uns feitos que nos sobrecollen: o masacre que vimos en Melilla, de persoas como calquera de nós que simplemente estaban buscando unha oportunidade, unha vida mellor, e que moitas fuxían dunha guerra. Son uns feitos terribles que non poden quedar impunes, que merecen a nosa condena e que deben ser investigados até as últimas consecuencias. É o mínimo que lles debemos ás súas familias e tamén ás vítimas. *(Aplausos.)* Porque, miren, non é decente un mundo no que hai vidas de primeira e vidas de segunda. Todas as vidas importan. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, empezou vostede sendo un presidente accidental e vai camiño de converterse nun presidente insubstancial, incapaz de defender os intereses de Galiza nin dentro nin fóra do país.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Fíxense, caeu un viaduto da A-6 e tardou só dez días en ir visitar e desprazase ata ese lugar. Fíxoo basicamente para ir de acompañante da ministra. E o resultado é que non hai responsables, non sabemos cales son as causas e nin tan sequera temos un calendario para a reconstrución. Mantivo vostede tamén un encontro coa vicepresidenta de Economía, en teoría para desbloquear os fondos Next Generation. O resultado dese encontro foi «cero» para Galiza pero vostede saíu mostrándose satisfeito dunha reunión que foi un fiasco.

Pero permítame poñerlle máis exemplos. En trece anos de goberno do PP traspasáronse cero competencias. Temos tamén un modelo de financiamento que nos discrimina, e cero propostas do Partido Popular. Hai infraestruturas fundamentais para o futuro, como o corredor atlántico de mercadorías, que está nunha situación de impasse, e cero propostas tamén do Partido Popular.

Non é capaz de defender os intereses de Galiza ante o Estado, pero é que tampouco é capaz de defender os galegos e as galegas exercendo as competencias que ten. E aí está vostede, cruzado de brazos e insensible ante a maior crise de prezos que levamos vivido nos últimos corenta anos. Non só non axuda a quen peor o está pasando, senón que o que fan é, como fixeron onte, subir a auga a miles de galegos e de galegas cunha lei, unha lei que o que vai supoñer é subirlles a auga a miles de galegos e galegas. *(Aplausos.)*

Pero é que tamén segue aí cruzado de brazos ante unha sanidade pública que está asfixiada. Temos unha atención primaria ao bordo do colapso e móvese vostede —vímolo hoxe— entre as escusas de mal pagador e a prepotencia. Porque, realmente, intentar culpar os profesionais sanitarios da situación, como fan vostedes, é moi grave, señor Rueda.

Mire, nós cremos que, ante os problemas que ten o país, se necesitan solucións. E por iso eu lle pregunto: ¿que vai facer para defender os intereses dos galegos e das galegas? Chegou como presidente accidental. Demostre que non vai ser tamén un presidente insubstancial. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Pontón.

Primeiro, eu non a vou insultar nin faltarlle ao respecto, creo que teño argumentos de sobra para responderlle. A min non me fai falta. *(Aplausos.)* E, dito isto, estou de acordo co que dixo vostede cando empezou a intervención. En Ucraína tamén hai masacres. Supoño que estará de acordo tamén en condenar todo iso. *(Aplausos.)* Bueno, se o está, é unha novidade e un avance que lle agradezo en nome de moita xente. E, segundo, mire, respecto da situación dantesca de Melilla, por suposto, e mire ao lado un pouco, mire o goberno que votedes apoian, que felicitou profundamente a actuación da policía marroquí. Debería mirar. A min míreme de fronte pero tamén mire un pouco ao lado. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, mire, señora Pontón, non me sorprende que vostede pinte este panorama tan negro do autogoberno galego. Levo dez anos de deputado. Vostede xa levaba dúas lexislaturas cando eu empecei de deputado e nunca, nunca, tivo unha palabra amable fronte ao que facía un goberno da Xunta de Galicia. Non sei se no Bipartito, supoño que si, custaríalle pero si. Pero, dende logo, nos gobernos do Partido Popular, e xa foron moitos, non. Iso non me sorprende, o que si me sorprende é o retrato que acaba de facer hoxe. Porque ao final é un retrato dunha situación na que nunha parte ten vostede toda a razón do mundo. Hai dous anos e medio que foron decisivos. Naquel momento foron porque ían xustísimos para poñer o presidente Sánchez como presidente de España. E naquel momento eu recordo o que dicían. Dicían que o facían para equiparar, a efectos de recoñecemento e trato, Galicia con Cataluña e con Euskal Herría. Iso é o que dicían. Non sei moi ben o que significa iso dende a súa mentalidade nacionalista, pero se llo traduzo a competencias, que é o que lle interesa a Galicia, pois podemos falar.

Vostede acaba de falar de transferencia de competencias o máis ampla posible. Xa vemos o que está pasando coa ordenación do litoral, que nos negan a nós o que teñen outras comunidades autónomas e fan todo o posible —resistíndose como gato panza arriba— para que Galicia non teña esa competencia. Xa vemos como está a transferencia da AP-9, absolutamente empantanada, cun obstáculo enriba doutro. Vostedes dicían que ese pacto era para a defensa do emprego e da actividade do sector electrointensivo. ¿Quere que falemos de Alcoa e do trato que lle deu o Goberno central desde que vostedes asinaron? Falaban tamén do que era o financiamento dos servizos de dependencia. ¡Nin un patacón a maiores do que nos tiñan que dar para os servizos de dependencia nestes dous anos e medio, señora Pontón!

Foron, iso si, sinceros nunha cousa. Dicían que ía quedar constatado diante do pobo galego, de xeito diáfano, a utilidade práctica do nacionalismo galego. Efectivamente, quedou absolutamente constatado: igual a cero, bordeando por fóra. *(Aplausos.)* E entón, señora Pontón, o que pasa é o de sempre, son moi bravos en Galicia contra o Goberno da Xunta e moi dóciles —por dicilo suavemente— en Madrid co Goberno central. É unha mágoa.

Mire, eu no debate de investidura xa avancei o que tiñamos que facer e o que imos facer. Vostede refírese con eses cualificativos ao que está facendo este goberno e este grupo parlamentario, e alá vostede. Mire, falamos de lealdade, si, pero de lealdade crítica, que é a lealdade máis útil. ¿Para que? Pois, mire, para conseguir, como conseguimos, que nos devolveran 250 millóns de euros tivo que ser o Tribunal Supremo. O goberno que vostedes apoian non nos daba eses 250 millóns de euros. Tamén para conseguir ese financiamento autonómico, que segue estancado, o Goberno non é capaz de desbloquealo. Houbo un pacto de oito comunidades autónomas de todas as cores políticas aquí en Santiago.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): O Goberno que vostedes apoian non fai absolutamente nada. Falamos de lealdade crítica para exixir os proxectos potentes que crean postos de traballo e que presenta Galicia nos PERTE, que o goberno que vostedes apoian segue excluíndo. Falamos de lealdade crítica para que esas trabas na

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

atención primaria —ás que antes me refería na pregunta anterior—, que seguen impedindo que poidamos avanzar estruturalmente, se desbloqueen dunha vez —o Goberno que vostedes apoian non fai nada—. Falamos de lealdade crítica para conseguir que os trens Avril —xa tiñan que estar, por certo, e faltan dous días e non se sabe nada— cheguen dunha vez, como o resto de infraestruturas ferroviarias; de lealdade para a ir mañá a esa reunión convocada polo Ministerio. Vostede foi facerse unha foto. Se cre que iso a deixa tranquila e lle fixo algo, adiante.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Nós imos pedir solucións, que é moi diferente.

En definitiva, señora Pontón, lealdade para poder seguir facendo cousas. Se vostedes cren que esa lealdade simplemente serve, insisto, para ser moi bravos aquí e moi mansos onde tiñan que ser especialmente reivindicativos, alá vostede, señora Pontón.

Mire, fágase o que se faga en Galicia, hai un goberno central agora mesmo que ten aquí un grupo parlamentario e que nunca o vai criticar, e hai outro grupo que o puxo alí, que non conseguiu nada e que é aínda máis dócil ca eles.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, esta é a terceira pregunta que lle formulo e esta é a terceira pregunta que vostede non responde. É para min un síntoma do pouco respecto que lle ten a este Parlamento, do pouco respecto que lle ten á cidadanía e ao que di o propio Regulamento. E é que ten que render contas ante a Cámara. Isto, señor Rueda, é de primeiro de democracia. *(Aplausos.)*

E, mire, agradeceríalle moito que viñera ao Parlamento non a insultar, a manipular nin a retorcer a realidade. Porque esa é a especialidade do PP. *(Murmurios.)* Si, si, vostedes séntense moi cómodos na manipulación, na mentira e embarrando o debate. Non conten co BNG para iso. *(Aplausos.)* Nós vimos aquí a un debate de ideas. *(Aplausos.)* E dígollo porque é que empezou vostede manipulando, volvendo utilizar a mentira e a dor do pobo ucraíno para atacar o BNG. *(Murmurios.)* Mire se condenamos esa invasión que o votamos todos e todas xuntas neste Parlamento, señorías do Partido Popular. *(Aplausos.)* ¡Que pena, señor Rueda, de que se estree como presidente da Xunta manipulando! Pero, en fin...

E, mire, sinceramente, ¿por que están tan enfadados co que está facendo o BNG no Congreso? *(Fortes murmurios.)* Deberían darnos as grazas. *(Murmurios.)* O BNG, cun só deputado no Congreso, conseguiu unha rebaixa histórica nas peaxes da AP-9. *(Aplausos.)* E ademais paramos a dereita do Partido Popular, fixémolo e volvémolo facer. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor Rueda, estamos traballando para que se consiga a creación de tres xulgados específicos de violencia de xénero no noso país. Agardo que colaboren e que non poñan paus nas rodas a esa iniciativa. *(Aplausos.)*

Mire, quero lembrarlle que co señor Rajoy xa lle debía o Estado a Galiza 200 millóns de euros en dependencia. E ¿sabe que facía vostede, señor Rueda? Votar en contra de reclamalos. *(Aplausos.)* O que necesitamos son partidos que voten o mesmo en Galiza que en Madrid e non cambiar de guión simplemente porque non gobernan os seus. *(Aplausos.)*

E, mire, o panorama negro non o pinto eu. O panorama negro é o que teñen miles de familias e empresas neste país. O que vostede acaba de decidir é non axudar a quen máis o necesita e subirlles a auga a miles de galegos e de galegas. Esa é a sensibilidade que vostedes teñen con esta crise. *(Aplausos.)*

Este país non necesita un presidente insubstancial que non ten nin solucións nin alternativas. Desde o BNG si as temos, e vólvolle tender a man para poñelas en marcha. Incrementemos o complemento autonómico das pensións non contributivas. Incrementemos a contía da Risga e fagámola compatible co ingreso mínimo vital. Poñamos en marcha axudas para os gastos básicos de vivenda —que se están disparando, só hai que ver como sobe todo nestes últimos meses—. Arbitre un paquete de medidas extraordinario para axudar a pequena e mediana empresa, os autónomos e os sectores produtivos. Redefina unha estratexia dos fondos Next Generation, que vai ser un auténtico fiasco. Isto, señor Rueda, no que se refire á crise e no que depende de vostede.

E non se esqueza, desde logo, de que temos un problema moi grave na sanidade. Seguimos reclamando que é necesario un plan de choque de 200 millóns de euros para sacar a atención primaria deste colapso. Porque, mire, probe a investir máis en sanidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e verá como os problemas son menores. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Para o peche desta pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, non se enfade. Vostede só está satisfeita cando lle dan a razón. Como non lle gusta case nada, pois non lle van gustar as miñas respostas. Se non ten razón, non lla podo dar. Eu respóndolle, pero non as cousas que espera vostede escoitar. Eu o que lle digo son verdades, e a vostede parece ser que as verdades non lle gustan. Pois así podemos estar moito tempo, pero isto é o que hai.

E non estamos enfadados co pacto que vostedes asinaron, o que si estamos é expectantes. Tres anos despois xa case nos esquecemos. O señor Sánchez teña por seguro que se esqueceu

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

absolutamente do que pactou con vostedes, nunca o tivo que cumprir. E seguimos expectantes. Oxalá que ese antes e despois da historia de Galicia que ía ser o pacto co seu único deputado se converta nunha realidade boa para Galicia, aplaudirémolo. Pero é que ata o de agora non veu absolutamente nada, ¡absolutamente nada! A utilidade do nacionalismo, dende ese punto de vista, ¡cero, señora Pontón! Isto é así e iso é o que os enfada, loxicamente. E non me estraña, porque crearon moitas expectativas que non se cumpriron en absoluto.

E agora collen e abren o melón do Estatuto. Cando quedan sen argumentos, cando non saben que dicir, volven outra vez á reforma do Estatuto; non é a primeira vez nin será a última, sinceramente. Iso si, vostede fala de padecementos da cidadanía, por suposto, pero amosan unha clarísima distancia co que está pasando. A xente, efectivamente, está moi preocupada pola inflación, moitísimo. Vostedes poden dicir: Non, o principal agora é se somos ou non somos unha nación. Ese é o principal problema que ve o BNG agora mesmo co que lle está pasando á xente. A xente, efectivamente, está preocupada pola alza de prezos, pola subida da cesta da compra, polos carburantes, por todo iso. Pero non, o problema é a aspiradora madrileña, como vostedes din, ese centralismo do Goberno. Ese é o problema da xente, o que a xente che di polas rúas, segundo vostedes.

A xente está preocupada realmente, señora Pontón, polo seu traballo, polo benestar; non pola definición do novo marco xurídico-político —sexa iso o que sexa do que vostedes falaban esta semana—. Pero isto é o que hai, isto é o que fan vostedes cando quedan sen argumentos. Teñen que descualificar o presidente da Xunta e este grupo, teñen que abrir e volver a esas cousas recorrentes, para distraer a atención respecto de que efectivamente non están conseguindo nada con esa famosa proposta de autogoberno que tanto ía conseguir.

Gustaríame saber, de todas maneiras, o que pensa o outro grupo da oposición, se está de acordo coa definición de Galicia como nación, se está de acordo con que ese é o principal obxectivo que máis nos ten que preocupar agora mesmo, se está de acordo con que o gran problema é ese centralismo madrileño que todo afoga e non nos deixa facer nada. Sería bo sabelo. Ou sería bo saber se isto, o melón que abriron esta semana, máis ben é unha disputa, unha preocupación por quen é o segundo ou o terceiro, en definitiva, dentro da oposición; temas nos que vostedes se enredan mentres á xente, de verdade, lle preocupan outras cousas. Isto realmente é o que está pasando, señora Pontón. *(Aplausos.)* E, polo tanto, non conten con nós para iso, nin creo que poidan contar coa maioría de Galicia, que ten outras preocupacións.

Mire, o venres vou ser recibido pola súa maxestade o Rei e voulle trasladar cousas que me gustaría tamén trasladarlle ao presidente do Goberno —que segue moi ocupado e non ten un oco para recibirme, non a min senón ao representante de todos os galegos—, ao que quero trasladarlle moitas urxencias e moitos problemas que temos e que debería escoitar. Porque, ademais, é que, se non llos traslado eu, non imos conseguir nada, nin con este grupo, que, por suposto, non lle vai dar ningún problema nin ningunha preocupación. ¡Faltaría máis, aquí todo vai moi ben co que fai o Goberno central! Acabamos de ver o que pasou coa moi alta conexión que require Stellantis en Vigo. ¡Nada de nada! E acabamos de ver o que pasa co corredor atlántico. ¡Nada de nada!, non imos molestar o señor Sánchez. E vostedes tampouco o van facer, xa están conseguindo moitísimas cousas. Galicia é un antes

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e un despois. Pero a realidade é a que é, e é a que eu quero transmitir e a que lle quero dicir ao presidente de todos os españois e, por suposto, de todos os galegos: que temos problemas que dependen do Goberno central, que temos moitas cousas que hai que empezar a cumprir xa e que non nos están querendo atender.

Polo tanto, sería moi bo que saíra unha unidade destes tres grupos. Sería moi bo que foramos capaces de trasladar unha serie de temas fundamentais, como lle pedín cando tiven ocasión de reunirme con vostede e co señor Formoso. Hai unha serie de cousas que son indiscutibles, hai unha serie de cuestións que teñen que ser obxecto dun pacto para trasladar. Por suposto que hai cousas que temos arranxar aquí.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Remato, señor presidente.

Por suposto que hai responsabilidades deste Goberno, porque os galegos nos deron catro veces seguidas a responsabilidade de solucionalos. Pero hai cousas que teñen que ser solucionadas noutros sitios. E non vale de nada esa docilidade, non vale de nada ser aquí moi exixentes e non vale de nada a autopropaganda e o autoengano, señora Pontón.

Mire, se o seu ofrecemento, esa man tendida —que, despois de non sei cantas descualificacións seguidas, ao final, como fai sempre, tende a man—, aínda que é moi difícil crela eu vouna crer, porque lle convén a Galicia ir unidos nestas cousas. E vólvolle dicir que, se somos capaces de transmitir esa unidade, farémoslle un gran favor. Se é para iso, conten con nós; se é para reforzar o nacionalismo noutro momento de debilidade, non conten nin con nós nin con Galicia.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(Aplausos.)

Continuamos e pasamos ao punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación do sistema de gardas de vinte e catro horas nos xulgados da Coruña e Vigo

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular esta proposición non de lei ten a palabra a señora Castro Rei.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bo día a todos e a todas.

Bo día á xente que hoxe nos acompaña para escoitar esta iniciativa que traemos, que entendemos, ademais, moi necesaria e acaída, e cuxa aprobación suporá unha mellora substancial na resposta da xustiza galega á cidadanía.

Defendemos que a implantación da quenda de garda de vinte e catro horas nos partidos xudiciais de Vigo e da Coruña é unha reivindicación xusta que ademais conta co apoio de todas as instancias. É unha medida que foi xa incluída no Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, expresamente no seu artigo 59.5, porque entendía necesario que o Consello Xeral do Poder Xudicial puidera acordar a extensión do réxime de quendas de vinte e catro horas a un ou varios partidos xudiciais que teñan máis de oito xulgados de instrución e atendendo a diferentes factores, como poden ser o volume de asuntos penais tramitados, a poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e as características da súa organización xudicial. Esta norma requiría, ademais, unha proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, o informe previo do Ministerio de Xustiza e, se é o caso, tamén o informe da comunidade autónoma con competencias na materia. Polo tanto, era unha medida que se podería levar a cabo cando existira un consenso de diferentes órganos xudiciais con influencia nesta decisión.

Esta regulación responde, ademais, a unha necesidade práctica. Explícome, na organización xudicial non existe un xulgado de garda como tal, senón que os xulgados de instrución van por diferentes quendas e van facendo rotacións semanais de garda. E isto ¿que supón? Pois supón que durante a semana de garda o xulgado de instrución ten que atender, ademais dos asuntos propios, todo o que entre por urxencia. E podemos citar pois os atestados, as denuncias, as primeiras dilixencias de instrución criminal, a adopción de resolucións oportunas sobre a situación persoal dos detidos ou a celebración de xuízos urxentes. Ademais, por exemplo, no caso da Coruña, onde o CHUAC é un hospital de referencia estatal en transplantes, pois ten que autorizar tamén eses transplantes —incluso fóra da sede xudicial teñen que trasladarse as entradas e rexistros—. Tamén están os procedementos por violencia, que os procedementos por violencia teñen a maioría dos seus trámites con carácter urxente —e xa falaremos nunha iniciativa posterior— e levan un ou varios días de tramitación —no mellor dos casos toda a mañá ou moitas horas—. E isto ten que sumarse, ademais, a que os sábados, domingos e festivos este xulgado tamén fai funcións de rexistro civil expedindo, por exemplo, licenzas de enterramento.

Isto ¿que provoca? Pois isto provoca unha gran sobrecarga de asuntos novos e atraso dos anteriores; e, en consecuencia, pois a ralentización dos procedementos, por non falar do esgotamento do persoal de xustiza durante todos estes sete días. O servizo de quendas de vinte e catro horas aliviaría notablemente ese colapso, está demostrado. E a implantación deste sistema permitiría dar saída aos outros asuntos durante estes sete días, a diferenza do sistema actual, que paraliza durante unha semana o traballo habitual de cada un destes xulgados de instrución. E, sobre todo, isto acontece cando estamos a falar de xulgados como o da Coruña ou o de Vigo, polo seu volume de poboación —tendo en conta que A Coruña ten 378.467 habitantes, aproximadamente, e Vigo 337.735 habitantes—.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Xunta creo que non ten escusa para atender esta xusta reivindicación. Xa foi no ano 2019 cando a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza deu aviso desta necesidade e cursou esta solicitude ao Consello Xeral do Poder Xudicial. E foi o ano pasado cando o Consello Xeral do Poder Xudicial emitiu un informe que avalaba esta solicitude, apoiada tamén polo Ministerio de Xustiza. O Ministerio de Xustiza recoñeceu tamén que isto melloraría a calidade do servizo cara á cidadanía e ademais manifestou que estaba disposto a asumir o custo da competencia, que lle correspondía ao Goberno de España, e así o incluíu nos orzamentos do ano 2022.

Este servizo, ademais, xa está implantado noutras cidades, como poden ser Murcia, Granada, As Palmas, ou, por exemplo, Córdoba. Esta última con menos volume de poboación que A Coruña. E se todos estes datos que acabo de proporcionar non son suficiente xustificación, pois podemos engadir os últimos datos do Ministerio do Interior, que sinalan que este ano se produciu en Galicia un incremento dos delitos do 32,5 %, o cuarto incremento máis alto de España. Con todo o anterior, creo que non hai dúbida sobre que a pelota queda en mans da Xunta de Galicia para que asuma a parte que lle corresponde do custo deste novo servizo.

A estas alturas entendemos que a negativa ten pouca xustificación, ademais cando os diferentes axentes xudiciais que citaba anteriormente xa se manifestaron. Creo que ningún deles é sospeitoso de estar confabulando coa oposición e creo que defenden e reivindican esta medida porque realmente é necesaria.

Hai unhas semanas, hai uns días, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia volveu incidir na necesidade deste servizo en canto ao número de xulgados e o número de asuntos. E o Consello Xeral do Poder Xudicial tamén o volveu manifestar como unha implantación necesaria e favorable.

Este goberno non pode seguir poñendo atrancos nin escusas, como a da pasada semana do conselleiro de Xustiza, que dicía que non se podía levar a cabo isto porque non existía unha suficiente carga de traballo nos xulgados da Coruña e de Vigo. Esta escusa non nos serve, esta escusa pode servir, podémola comprar, para a implantación dun novo xulgado de instrución a maiores, pero non se pode comprar para o que se está a pedir, que é mellorar a xestión dos xulgados existentes.

Entendemos, ademais, que ese é un engano, porque a realidade é outra. A realidade é que o problema de impedimento para tomar esta medida é unha autorización económica da Consellería de Facenda para a súa implantación, porque así o manifestaron nun informe que emitiu o Consello Xeral do Poder Xudicial dende a Dirección Xeral de Xustiza o ano pasado.

Dende os sindicatos teñen calculado, computado, o gasto total que suporía a implantación desta quenda de vinte e catro horas nos dous partidos xudiciais. E o gasto ascendería a 1.500.000 euros anuais, unha cantidade que supón o 1,10 % do orzamento da Consellería de Xustiza; polo tanto, defendemos que o máis sensato sería incrementar neste 1,10 % o orzamento do ano 2023. Ademais, tendo en conta que na Administración de Xustiza se levaron a cabo varias obras faraónicas, como supuxeron os novos xulgados da Cidade da Xustiza, en Vigo, ou o xulgado da Parda, en Pontevedra, que xa están rematadas, creo que

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

este é o momento de mirar agora o funcionamento e a xestión da Administración de Xustiza e apostar por darlle un pulo a isto.

Nós defendemos, polo tanto, que esta implantación cumpre os requisitos, porque dicimos e reitero que é unha xusta reivindicación e que suporá unha mellora notable no acceso da cidadanía á xustiza. A finais do ano pasado xa levamos esta iniciativa á Comisión en forma de pregunta, e o director xeral de Xustiza mantivo que este cambio estaba pendente dun segundo informe —dun segundo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial—, e pretendía que fixera unha análise sobre a cidade de Córdoba ou das Palmas, a ver se fora eficiente esta medida. Creo que esta solicitude dun informe foi outra escusa nova para dilatar esta implantación, porque o Consello Xeral do Poder Xudicial, como xa dixen, emitiu un informe hai un ano, e ademais vai ratificar este, porque tivo en conta todos os parámetros que citaba no principio da miña intervención como necesarios para poder implantar esta medida.

Polo tanto, pedimos ao Goberno da Xunta que non siga atrasando unha medida que é necesaria. Creo que sería bo que todos os grupos apoiásemos esta medida porque mellorariamos con iso o acceso da cidadanía tanto do partido xudicial da Coruña como de Vigo á xustiza. Creo que axudaría tamén a desconxestionar os xulgados de instrución destes partidos xudiciais e ademais tamén evitariamos seguir tendo a relación tensa que existe co persoal de Xustiza dende o ano 2018. Creo que é momento, cun cambio de consellería, cun cambio de conselleiro, para ter unha relación menos tensa que a que existía anteriormente, desde a folga do ano 2018, porque alí non se fixeron ben as cousas.

Polo tanto, agardo o apoio do resto dos grupos para que esta iniciativa poida saír adiante. E, polo de agora, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Señorías, por suposto, vaia por descontado o noso voto favorábel a prol desta iniciativa, que non é nin máis nin menos que unha reiteración da iniciativa que xa presentara o Bloque Nacionalista Galego e que se debatera na Comisión 1ª o 21 de abril de 2021, na que solicitabamos que ese sistema de gardas, de xornada partida de oito horas e de rotación semanal pasara a un sistema de vinte e catro horas diarias; é dicir, todos os días e de rotación diaria cada vinte e catro horas. E presentaramos unha emenda aos orzamentos da Xunta de Galiza tamén desbotada co voto en contra do Partido Popular. Agardamos que o Partido Popular —que non se diga que non temos esperanza— reflexionara e escoitara non só o Bloque Nacionalista Galego, non só o Partido Socialista, tamén a todas as organizacións sindicais, tamén os funcionarios e funcionarias da Coruña e de Vigo, tamén o resto dos operadores xurídicos, colexios profesionais e, nomeadamente, singularmente, a Xunta de Xuíces e Xuízas, que no día de onte, por exemplo, ou a semana pasada en Vigo, se manifestou a prol deste cambio de sistema.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E antes queremos facer unha breve reflexión para que as súas señorías teñan en consideración o que supón un xulgado de garda, a utilidade que ten este sistema de garda de vinte e catro horas.

As funcións dos xulgados de garda, alén dos xuízos rápidos que se celebren inmediatamente nese período de garda e ditar sentenzas de conformidade, son —poden e deben— recoller denuncias que presente a cidadanía, o que suporía que as vinte e catro horas do día calquera cidadán podería presentar denuncias no xulgado de garda. Tamén teñen que adoptar medidas urxentes en materia civil, en materia de saúde pública —algo que vimos tan necesario desgraciadamente nos últimos anos—, de entrada en domicilio, de levantamento de cadáveres, de internamento involuntario —é dicir, cando unha persoa ten unha crise psíquica ou física aguda, cando é o xulgado quen deberá decidir se esta persoa, mesmo contra a súa vontade, ou mesmo pola súa incapacidade, debe ser internada nun centro sanitario—, ou algo que seguramente lles toca máis de preto, como é que unha persoa detida sexa posta a disposición xudicial e que deba permanecer ou non privada de liberdade, é dicir, no calabozo, por máis tempo; é dicir, a restrición dos dereitos fundamentais das persoas.

E, como dicía antes a voceira socialista, hai un aspecto importante que se dá singularmente na Coruña por ter un programa —eu creo que o máis importante do Estado— en transplantes de órganos. Fixéronse 224 transplantes, polo menos, o ano pasado; ou 6.600 dende que leva funcionando. Cando a persoa ou a familia non están capacitados para tomar a súa decisión, ten que ser suplida polo xulgado, neste caso o xulgado de garda. Actualmente na Coruña e Vigo ¿que implica? Que temos xornada partida, teñen xornada partida de 9.00 a 14.00 horas e, despois, de 15.00 a 8.00, co que os transplantes de órganos despois desas horas non serían posíbeis, a posta a disposición xudicial de detidos non sería posíbel —co que terían que seguir nos calabozos—, unha entrada en domicilio para investigación tampouco, ou outras medidas, por moi urxentes que sexan, non poderían ser posíbeis.

Ademais destes beneficios directos e inmediatos para a cidadanía, está parado o funcionamento do propio xulgado. Unha garda de toda unha semana impide o normal funcionamento dese xulgado durante unha semana, impide a normal tramitación dos asuntos que teña conferida a instrución durante esa semana. Proba evidente do beneficioso que resulta este sistema é que todos os partidos do Estado español que teñen oito xulgados de instrución ou máis teñen implantado este sistema. Ben, todos non, todos agás Vigo e A Coruña. En todos os demais si se adoptou esa situación.

E, por certo, como foi unha desculpa —desculpa, si, eu creo que pouco reflexionada na Comisión—, dicíase: E agora nos xulgados de dúas ou tres unidades ¿tamén se vai pedir este sistema de gardas de vinte e catro horas rotatorio? Non, a partir de oito, porque coincide cunha semana; é dicir, que cada xulgado só estaría de garda un día cada semana, e así axilizaríase o seu funcionamento. Como diciamos, a partir de oito unidades xudiciais de instrución, todos os partidos xudiciais do Estado teñen este sistema, e a partir de dez xulgados porque o establece expresamente a lei, a norma. A partir de oito ou nove é por acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial, un acordo que atende a determinadas e concretas circunstancias previstas na lei e que haberá que analizar se concorren ou non nos casos de Vigo e A Coruña.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿E cal é o procedemento? Pois o Consello Xeral do Poder Xudicial decide, logo da proposta da Xunta de Xuíces e Xuízas dese partido xudicial —neste caso Vigo e A Coruña—; a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza debe tomar esa decisión e debe informar tanto ao Ministerio de Xustiza como á Xunta de Galiza. Algo que xa pasou noutras situacións análogas á de Vigo e á da Coruña, que son Córdoba e Las Palmas.

Pois ben, temos todo, os informes favorábeis, temos todas as decisións tomadas, agás a da Xunta de Galiza, que por unha mera xustificación económica está impedindo esta mellora nos dereitos das persoas e esta mellora no funcionamento da xustiza. Así, a Xunta de Xuíces de Vigo e da Coruña propuxeron xa en 2019, e reiterárono no 2022, incorporar este sistema. ¿Con base en que? Con base na carga de traballo. E a carga de traballo, como xa se explicaba antes, non é o número de entrada de asuntos, e poñamos un exemplo. Por exemplo, se un exministro mente nunha comisión parlamentaria, iso sería un asunto cun só imputado. Mentres que unha causa como a Gürtel é só unha causa pero ten 69 imputados, 69 detidos. Non é equiparábel o traballo que pode ter ou que pode implicar unha causa e outra causa. Número de asuntos, un; pero detidos, imputados, investigados e carga do xulgado de garda é moi diferente nun caso e noutro.

Así, por exemplo, no xulgado de garda da Coruña no 2019 foron aproximadamente 1.800 persoas detidas; ordes de protección, máis de 300; requisitorias, 346; denuncias, 1.261. É dicir, a Xunta de Xuíces apreciaba unha carga de traballo substancial que xustificaba esta modificación do sistema de gardas.

Ao mesmo tempo está a grande complexidade e as causas que levan, a elevada poboación tanto na Coruña como en Vigo, superior, por exemplo, á de Córdoba —onde si se aceptou este sistema de gardas—, e que, tratándose de zonas portuarias, en época estival a poboación de feito medra considerablemente. Ademais argumentaba que é un agravio comparativo. Reitero, Vigo e A Coruña son os únicos partidos xudiciais de todo o Estado aos que se lles nega. A Xunta de Galiza nega esta posibilidade.

Despois, a Sala de Goberno do Superior de Xustiza de Galiza, que non é do BNG, a Fiscalía de Galiza, que penso que tampouco é do BNG, afondaban, admitían e informaban favorablemente a posibilidade deste sistema de garda. O Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial informaba favorablemente. A preguntas do Bloque Nacionalista Galego no Congreso dos Deputados o Ministerio de Xustiza dicía que existía consignación orzamentaria tanto no 2021 como no 2022 para establecer este sistema de garda.

Por tanto, entendemos que existen todos os informes favorábeis. E, por certo, nin o Consello Xeral do Poder Xudicial nin o Superior de Xustiza de Galiza ditan informes alegremente, senón que elaboran a carga de traballo, elaboran como é o funcionamento, o tempo que necesita un xulgado de garda para despachar o traballo e a bondade deste sistema, incluso a eficacia e a eficiencia dos recursos públicos. E en todos os casos informaron favorablemente.

E, por último, hai que dicir que estamos a falar de 2019, pero isto vaise reproducir no 2022. Existen máis motivos para que a Xunta de Galiza rectifique e acceda a implantar este sistema

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de garda. Vigo e A Coruña incrementaron nestes períodos a súa poboación. Hoxe A Coruña está por riba nun 15 % do que era, por exemplo, o partido xudicial de Córdoba, onde si se implantou esta medida. A entrada de asuntos penais no primeiro trimestre de 2022 medrou un 10 % sobre o primeiro trimestre de 2021, e tamén nas executorias de carácter penal. Por iso, se en 2019 era xustificada a medida, hoxe éo aínda máis. E probablemente —como afirman as cifras e como afirma a Xunta de Xuíces e Xuízas—o ano que vén o sexa aínda máis, porque a taxa de criminalidade nos partidos da Coruña e de Vigo medrou un 33 % e un 34 % respectivamente e un 5 % por riba da media estatal. É dicir, probablemente a carga dos xulgados do penal que nos dean nos próximos meses vai ser mesmo superior á do día de hoxe. E para estes dous anos...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...porque do 2024 en diante xa nos ocuparemos nós, pero para eses dous últimos anos si que existen partidas orzamentarias que saben que non se van executar, como por exemplo o xulgado para A Estrada, onde, se se está agora adxudicando proxecto, está claro que eses 1.700.000 euros non se van poder executar na súa integridade.

Ou, ben, se publicitamos os servizos públicos e evitamos a súa externalización, tamén aforrariamos cartos como para poder financiar isto, que á fin e ao cabo é para a mellora da Xustiza e para a protección e defensa dos dereitos fundamentais da cidadanía.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, en relación con esta iniciativa, que, efectivamente, xa debatemos algunha similar e sobre a que o director xeral de Xustiza xa veu contestar a esta cámara o porqué da decisión da Xunta de Galicia, este grupo parlamentario hoxe vai expoñer tamén os argumentos que nos levan a tomar a decisión en canto ao voto nesta iniciativa.

En primeiro lugar, dicir que, polos datos que manexamos, o sistema de garda nos partidos xudiciais, en concreto nas cidades da Coruña e Vigo, está a funcionar dunha maneira correcta. Isto é, nas cidades da Coruña e Vigo o réxime de gardas existentes é o propio de localidades con oito xulgados de instrución, existindo dous xulgados simultaneamente de garda, un xulgado en servizo de garda semanal para atención da garda ordinaria e de xuízos rápidos, en horario de 9 a 14 horas e de 17 a 20 horas de luns a sábado e os domingos de 10 a 14 horas. E, fóra do dito horario, permanecen en situación de dispoñibilidade en condicións de continua localización, para atender calquera incidencia propia do servizo de garda que se puidera suscitar, en cuxo caso se incorporarían ao mesmo de maneira inmediata.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por exemplo, falouse aquí de se houbese que realizar unha entrada e rexistro nocturno, un levantamento con indicios de criminalidade que precisase da presenza da comisión xudicial de madrugada, un *habeas corpus*, que implica a súa inmediata tramitación, ou calquera cuestión que requira exceder o horario indicado. Polo tanto, non é certo que o xulgado de garda estea pechado fóra dese horario.

E, por suposto, existe un sistema de compensación horaria do persoal ao servizo da Administración de xustiza nos casos en que é preciso prolongar a xornada máis alá do horario fixado para este tipo de xulgados, ademais das libranzas reguladas que procedan. E, alén disto, hai simultaneamente outro xulgado de instrución en servizo diario de garda para o axuizamento inmediato diario de delitos leves, é dicir, as antigas faltas, en horario de 9 a 19 horas, así como para aquelas funcións que, de ser o caso, lle atribúan as normas de repartición.

Isto sen prexuízo das actuacións en materia de violencia de xénero, das que aquí se ten falado, das ordes de protección, detidos, que durante o horario de mañá non tramita o xulgado de garda, senón o xulgado exclusivo —exclusivo, señora Castro, que non específico— de violencia sobre a muller, e só no caso de que sexa necesario adoptar medidas fóra do horario do dito xulgado exclusivo actuaría o xulgado de garda ordinario.

En definitiva, o sistema vixente está funcionando actualmente axeitadamente: garda semanal con dous xulgados, sen atrancos na organización de permisos, licenzas e vacacións, polo que non parece prudente cambiar algo que está a funcionar correctamente, pese a esta reivindicación dos oito xulgados da Coruña e dos oito xulgados de Vigo, nun total de máis de douscentos cincuenta xulgados en Galicia, que xa vén dende hai unha década.

Señor Tabarés, nós sabemos que vostedes non son moito de defender o traballo da Policía, pero mire, eu creo que é importante salientar que para a presentación das denuncias en horario nocturno e de madrugada a cidadanía tamén ten á súa disposición as comisarías, onde, como ata agora, as forzas e corpos de seguridade do Estado pois reciben as denuncias e instrúen os oportunos atestados coas dilixencias de investigación que procedan previamente á remisión ao xulgado, porque, como vostede ben sabe, dende a última modificación lexislativa hai denuncias que son de autor descoñecido que xa non chegan ao xulgado. Se vostede o que pretende é que esas denuncias cheguen ao xulgado para incrementar o número de asuntos, pois ben, dígao, pero non ignore aquí a posibilidade que ten a cidadanía de acudir ás comisarías para presentar as denuncias, para que cando o asunto chegue ao xulgado conte con todos os elementos necesarios para resolver a autoridade xudicial.

En segundo lugar, señora Castro, vostede aquí acaba de dar datos falsos. Vostede acaba de dicir, ademais doutros, que Granada e Murcia tamén estaban na mesma situación que Vigo e A Coruña, ¿verdade? *(Murmurios.)* ¡Home!, está gravado. Vostede ten o costume de dicir unha cousa e logo negala. Entre outros, vostedes acaba de dicir Granada e Murcia. Granada e Murcia non teñen oito xulgados; teñen nove, señora Castro, e a poboación de Granada e Murcia ronda o medio millón de habitantes e os asuntos exceden os 3.300, que se establecen polo Consello Xeral do Poder Xudicial e o ministerio para que teñan estas gardas de vinte e catro horas.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como vostedes saben, só hai catro partidos xudiciais en España —catro— que teñen oito xulgados e que poderían contar con este sistema de vinte e catro horas, e deses catro hai dous, que son Las Palmas de Gran Canaria e Córdoba, que contan con este sistema, porque cumpren os parámetros dos que vou falar agora. E os dous que non están, que son Vigo e A Coruña, non os cumpren.

Vostedes din: son os únicos de toda España, como se houbese trescentos, e resulta que nós somos os últimos. Hai catro nas mesmas condicións; dous cumpren os parámetros e dous non. ¿E por que? Porque mire, A Coruña está no 49 % de entrada nos módulos e Vigo no 76 %. Por tanto, non teñen esa carga de traballo que se pide polo Consello Xeral do Poder Xudicial para esta cuestión, aínda que vostedes digan todo o contrario.

Miren, isto está previsto polo Regulamento do Consello do Poder Xudicial 1/2005 dun xeito automático para os partidos xudiciais de dez-doce xulgados de instrución, onde por rotación cada día debe estar un xulgado de garda e descansa ao día seguinte. Ao non ser obxecto de publicación todas aquelas actuacións que os xulgados de instrución realizan en funcións de garda, tales como número diario de detidos, denuncias presentadas directamente ou requisitorias atendidas ante os xulgados en funcións de garda, entradas aos rexistros domiciliarios, a Xunta de Galicia solicitoulle ao Consello Xeral do Poder Xudicial unha análise comparativa das ditas actuacións en funcións de garda que se realizan nas outras cidades con oito xulgados de instrución nas que o Consello Xeral do Poder Xudicial estendeu o réxime de gardas de vinte e catro horas, como dicía, Las Palmas de Gran Canaria e Córdoba, unicamente, señora Castro, que polo seu volume xustifiquen o cambio de sistema ordinario de garda, sen que o Consello verificase, do exame comparativo solicitado, que podería xustificar o cambio do sistema de garda na Coruña e en Vigo.

E estamos falando dunha comunicación da Xunta de Galicia que lle fixo ao Consello o 5 de febreiro de 2021. Por tanto, xa vai para alá bastante máis dun ano, case ano e medio, polo que a constatación obxectiva de volume de asuntos aos que aternos é o ingreso de asuntos publicados na web do poder xudicial, consonte o cal ao longo do ano 2021 os xulgados de instrución da Coruña e Vigo ingresaron unha media, na Coruña, de 1.606 asuntos, incluídos os máis de douscentos transplantes dos que falaban os voceiros, e Vigo, de 2.505 asuntos, respectivamente. Polo que en principio, o dito volume, señorías, atoparíase moi lonxe dos 3.300 asuntos anuais por xulgado que establece o acordo entre o Ministerio de Xustiza e o Consello Xeral do Poder Xudicial para medir a carga de traballo.

Así, da dita información constátase, por exemplo, que o volume de asuntos que entran no xulgado de instrución da Coruña se atopa á metade do parámetro establecido, polo que, existindo unha lóxica correspondencia entre o dito parámetro e o volume de asuntos que se atende no servizo de garda e o tempo diario de atención empregado na súa atención, non se colixe a necesidade actual de que os xulgados de garda deban prolongar a súa actividade en horario nocturno.

No caso dos xulgados de instrución de Vigo, como dicía, atopáronse no 76 % do dito módulo. En termos similares, podemos ver o que pasou no primeiro trimestre de 2022. No xulgado

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de instrución da Coruña ingresaron 450 asuntos de media e no de Vigo, 620, o que presenta que se manterá unha carga similar á do pasado ano, moi afastada nos xulgados herculinos dos 3.300 asuntos que o sistema de medición de cargas de traballo establece para os xulgados de instrución.

En terceiro lugar, señorías, o Goberno de España está a traballar nun novo modelo organizativo de Xustiza, como é o Proxecto de lei de eficiencia organizativa, que acaba co concepto de xulgado, de xeito que os tribunais de instancia integrarían todos os xuíces do territorio aos que se estenda a súa competencia, e a oficina xudicial daríalles soporte, polo que terá repercusión na organización actual e tamén na organización das unidades que leven a instrución.

Miren, señorías, o Goberno da Xunta está priorizando a creación de novos xulgados de primeira instancia, que actualmente son os que están a soportar unha maior carga de traballo nos partidos xudiciais que superan o módulo de entrada de asuntos fixados polo Consello Xeral do Poder Xudicial, e, polo tanto, é aí onde hai que centrar os esforzos.

En resumo, señoría, o dito: só esas dúas cidades das que dixen teñen implantados eses xulgados, das catro que cumpren os oito xulgados en España. En Vigo e A Coruña o xulgado de garda non está pechado fóra do horario ordinario, como se ten dito; existe un sistema de compensación horaria do persoal ao servizo da Administración de xustiza nos casos en que sexa preciso prolongar a xornada; establécese un sistema de libranzas reguladas; hai simultaneamente outro xulgado de instrución en servizo diario de garda para axuizamento inmediato diario dos delitos leves; as actuacións en violencia de xénero durante o horario de mañá non as tramita o xulgado de garda, senón o xulgado exclusivo de violencia sobre a muller.

Para a presentación das denuncias en horario nocturno tamén temos as comisarías de Policía e ao longo do 2021 os xulgados de instrución da Coruña e Vigo ingresaron unha media de 1.606 e 2.505 asuntos respectivamente, moi lonxe dos 3.300 anuais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...por xulgado que establece o acordo entre o Ministerio de Xustiza e o Consello Xeral do Poder Xudicial. E, como dixen, os datos de 2022 tampouco se achegan a eses 3.300.

Por tanto, non cumprindo os criterios que se establecen para establecer ese sistema de gardas de vinte e catro horas establecido —insisto— polo ministerio e polo Consello Xeral do Poder Xudicial, non podemos apoiar esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Peche desta proposición non de lei, señora Castro.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señora Prado, estamos a falar dunha mellora do sistema de xestión do traballo nos xulgados, e son vostedes os únicos que non o ven, vostedes son os únicos que non o ven necesario. Esta petición é unánime, non é unha petición do Partido Socialista respaldada polo Bloque Nacionalista Galego, senón que son os xuíces, os letrados da Administración de xustiza, os funcionarios, o Colexios de Avogados, o Colexio de Procuradores e todos os demais, os traballadores dos xulgados e todos os demais operadores xudiciais, piden esta xusta reivindicación. Ademais, teñen previsto incluso concentracións, como falaba o voceiro do BNG, dos xuíces, como a semana pasada, que van repetir esta semana, e contan ademais co apoio do Tribunal Superior de Xustiza, do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Ministerio de Xustiza tamén. É que son vostedes os únicos que non o ven.

Vostede, ademais, señora Prado, vai coa defensiva xa, colle o turbo e non escoita o que eu digo, ten esa manía de non escoitar o que eu digo, porque eu citeille sempre os xulgados en partidos xudiciais en España que teñan establecida esta quenda, pero citei expresamente As Palmas e Córdoba como nomeadamente comparados con Vigo e A Coruña, por ter o mesmo número de xulgados de instrución. Non dixen que Murcia e os outros o tiveran, que teñen máis. Entón, aquí si que están implantados e con ese número de xulgados de instrución os únicos que non están implantados en toda España son os da Coruña e Vigo, e iso é a verdade, é a realidade, e non se pode maquillar doutra forma.

E repítolle: vostede falaba dun parámetro que era o volume de asuntos. Ese é un dos parámetros a ter en conta establecido no regulamento que citei na miña primeira quenda. Pero hai varios parámetros, e os informes, tanto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como do Ministerio de Xustiza, como do Consello Xeral do Poder Xudicial, ven que a mellor solución para estes partidos xudiciais é esa implantación da quenda de vinte e catro horas, e son vostedes os que non o ven.

Ademais, este regulamento que citaba eu antes dío claramente: que, con estes informes favorables, a Comunidade Autónoma ten que implantar este servizo. Polo tanto, non recae na súa vontade, na vontade deste goberno a decisión de implantalo; non. Están incumprindo o regulamento. *(Aplausos.)* Existen estes informes que avala o Tribunal Superior de Xustiza. O señor Díaz-Castroverde hai unha semana díxolles que era necesario que se implantara de forma inminente. Teñen que asumilo e non negalo.

Nós cremos, ademais, que é un bo momento para mellorar a xestión da Administración de xustiza de Galicia. Non sei que lle pasa a este goberno cos funcionarios, cos traballadores da Xustiza, que teñen sempre unha actitude defensiva. Creo que é o momento de parar isto e de ter un novo comportamento con todos estes axentes xudiciais, porque o merecen, por toda a carga de traballo que levan e levaron moitos anos e que levaron durante a pandemia e cos medios materiais, que tampouco son suficientes.

E nós, deste desleixo da Xunta de Galicia coa Administración de xustiza, pois temos múltiples exemplos. E podemos falar das unidades técnico-administrativas, que no ano 2010 firmou un decreto o anterior presidente da Xunta, Núñez Feijóo, co actual presidente da Xunta,

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

antes conselleiro de Xustiza, que nunha disposición adicional transitoria establecía a implantación deste sistema no momento en que «o permitan as dispoñibilidades orzamentarias». Pois ben, isto —como lles dixen— foi firmado no ano 2010. Ata hoxe ¿sabedes cantas unidades técnico-administrativas se constituíron? Pois ningunha, case doce anos e as dispoñibilidades orzamentarias pois nunca o permitiron.

¿E van caer no mesmo erro coas quendas de vinte e catro horas? ¿Vanas estar atrasando a base de informes que van ratificar o mesmo, a necesidade, porque existen os parámetros ou porque así todo o mundo o ve menos vostedes? Creo que o señor Rueda durante estes trece anos na xestión da Administración de xustiza, pois para usar un símil de carácter futbolístico, non pasou do medio do campo. Nin o plan de infraestruturas xudiciais, nin o plan de expurgación, nin a dixitalización da Xustiza nin a posta dos medios materiais necesarios para realizala, nin a dixitalización está rematada e os plans previstos non se cumpriron. E creo que agora co cambio de conselleiro é un bo momento para que colla o balón e pase do campo.

E esta é unha boa oportunidade para mudar esta traxectoria e poñer as dispoñibilidades orzamentarias de cara ao ano 2023 para que poidan por fin ser implantadas estas quendas de garda de vinte e catro horas nos dous partidos xudiciais. Porque ao final do que se trata é de prestar un mellor servizo de acceso á Xustiza á cidadanía galega, e, polo tanto, todos temos que contribuír. E creo que é obriga deste goberno, porque así a cidadanía demostrou a confianza neles para que xestionara, e xestionara de verdade.

E, polo tanto, espero que reflexionen e que poidan abrir os ollos. E máis que un empecinamento, eu penso que dean o seu brazo a torcer e poidan escoitar todo o mundo. A vostede non se lle dá moi ben escoitar, pero espero que ao Goberno se lle dea mellor escoitar todos estes axentes xudiciais e poidan implantar na Coruña e Vigo este servizo de quenda de vinte e catro horas o ano que vén.

E xa máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Debátense agora, de xeito acumulado, as proposicións non de lei 4.2 e 4.3. Unha corresponde ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira, e a outra, do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noelia Otero. Ambas van sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas políticas que afectan as persoas dos colectivos LGBTI e o incremento dos delitos de odio contra as mesmas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co incremento dos delitos de odio contra as persoas do colectivo LGTBI

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas políticas que afectan as persoas do colectivo de lesbianas, gais, transxénero, transexuais, bisexuais e intersexuais

O señor PRESIDENTE: Hai emendas. Formulouse, en concreto, á proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego unha emenda do Grupo Parlamentario Popular. E a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista ten unha autoemenda e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez Vispo Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda á proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio e a súa adhesión á conmemoración do Día Internacional das persoas Lesbianas, Gais, Bisexuais, Transexuais, Transxénero e Intersexuais e amosa o seu rexeitamento aos discursos de odio que atentan gravemente contra a dignidade humana, cuestionando os dereitos e liberdades fundamentais das persoas LGTBI.

Así mesmo insta ao Goberno galego a:

1. Dirixirse ao Goberno de España co obxectivo de que a través do Ministerio de Igualdade, con competencias na materia a través da Dirección General de Diversidad Sexual y Derechos LGTBI, en colaboración cos Ministerios do Interior, de Xustiza e de Educación e Formación Profesional, e xunto coas Comunidades Autónomas, deseñe e implante antes de rematar o presente ano, un plan de actuación concreto ante o incremento de delitos de odio de carácter LGTBIfóbico que contemple tanto medidas lexislativas para a súa correcta tipificación, como protocolos de detección deste tipo de violencias e atención a persoas LGTBI.

2. Presentar ante o Parlamento a avaliación da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGTBI antes de que remate o último período de sesións deste ano.

3. No marco do Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, seguir a fomentar o traballo dos grupos existentes para afondar na realidade das persoas LGTBI e promover medidas que garantan os seus dereitos.

4. Poñer en marcha campañas de sensibilización, información e formación sobre a realidade das persoas LGTBI así como intensificar a formación para os axentes de atención no territorio.

5. Avanzar no informe sobre a situación global do colectivo LGTBI en Galicia e facelo da man dos principais representantes e interlocutores da nosa Comunidade Autónoma, cun enfoque multidisciplinar e participativo, que deberá estar rematado no prazo dun ano.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6. Avanzar no informe sobre a situación específica do colectivo LGTBI no ámbito laboral e presentalo antes de que remate o presente ano.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 4, que terá o seguinte contido:

"4. Acordar un calendario regular de traballo e actividade do Observatorio Galego contando cos movementos asociativos LGTBI.")

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Emenda de substitución.

Substituír o texto do punto 1 da parte resolutiva polo seguinte:

«1. En cumprimento do artigo 8 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación as persoas LGBT en Galiza, incrementar a dotación de recursos humanos e recursos materiais dos centros Quérote+, así como tamén aumentar o orzamento para garantir o seu correcto funcionamento co fin de reforzar os centros existentes e ampliar o seu número, remarcando o seu carácter de puntos de información, atención e asesoramento afectivo-sexual, tamén para as persoas LGBT.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez Vispo Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda á proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio e a súa adhesión á conmemoración do Día Internacional das persoas Lesbianas, Gais, Bisexuais, Transexuais, Transxénero e Intersexuais e amosa o seu rexeitamento aos discursos de odio que atentan gravemente contra a dignidade humana, cuestionando os dereitos e liberdades fundamentais das persoas LGTBI.

Así mesmo, insta ao Goberno galego a:

1. Dirixirse ao Goberno de España co obxectivo de que a través do Ministerio de Igualdade, con competencias na materia a través da Dirección General de Diversidad Sexual y Derechos LGTBI, en

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

colaboración cos Ministerios do Interior, de Xustiza e de Educación e Formación Profesional, e xunto coas Comunidades Autónomas, deseñe e implante antes de rematar o presente ano, un plan de actuación concreto ante o incremento de delitos de odio de carácter LGTBIfóbico que contemple tanto medidas lexislativas para a súa correcta tipificación, como protocolos de detección deste tipo de violencias e atención a persoas LGTBI.

2. Presentar ante o Parlamento a avaliación da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGTBI antes de que remate o último período de sesións deste ano.

3. No marco do Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, seguir a fomentar o traballo dos grupos existentes para afondar na realidade das persoas LGTBI e promover medidas que garantan os seus dereitos.

4. Poñer en marcha campañas de sensibilización, información e formación sobre a realidade das persoas LGTBI así como intensificar a formación para os axentes de atención no territorio.

5. Avanzar no informe sobre a situación global do colectivo LGTBI en Galicia e facelo da man dos principais representantes e interlocutores da nosa Comunidade Autónoma, cun enfoque multidisciplinar e participativo, que deberá estar rematado no prazo dun ano.

6. Avanzar no informe sobre a situación específica do colectivo LGTBI no ámbito laboral e presentalo antes de que remate o presente ano.»)

O señor PRESIDENTE: Comeza o debate e ten para iso a palabra, en primeiro lugar, a señora Iria Carreira, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Moi bo día a todas.

Permítanme comezar cunha pregunta: algunha vez, cando vostedes planifican unha viaxe, cando planifican unha escapada, ¿fan unha busca previa para saber se nese lugar van poder pasear da man da súa parella? ¿Algunha vez se preocuparon por se o seu aspecto físico, a súa maneira de falar, de xesticular, de comunicarse pode supor recibir unha agresión? ¿Algunha vez temeron que seren quen son puidese ser suficiente para sufrir violencia? Porque as persoas LGBT, si.

Estamos a ver un avance preocupante do discurso da ultradereita que se produce a nivel global. Hai algo máis de quince días nese berce da democracia que son os Estados Unidos foron detidos trinta e un neonazis que ían cargados de armas cara a unha das actividades que se estaban a organizar por mor do Orgullo nunha das cidades de Idaho. En Oslo o sábado dúas persoas foron asasinadas nun tiroteo no London Pub. Onte o portavoz do Mundial de Qatar declarou que quen luza a bandeira LGBT na próxima Copa do Mundo de fútbol será arrestado por sete ou once anos. O 17 deste mes en Vigo tivo lugar unha brutal agresión, unha malleira ao berro de «maricón». Segundo o estudo Rainbow, que elabora de xeito anual ILGA-Europe, podemos ver como o Estado español se sitúa a día de hoxe no décimo

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posto dos países de Europa no que se refire a garantir os dereitos das persoas LGBT; o oitavo, se falamos dos países que conforman a UE, lonxe dos primeiros postos que chegou a ter noutros anos. Esta baixada vén motivada, entre outras cuestións, porque temos entre nós unha importante onda de transfobia —tamén desde as altas esferas do Goberno— que se dirixe especialmente contra as mulleres trans cando aínda persiste a súa patoloxización e a das demais persoas trans. *(Aplausos.)*

Tamén salientan neste informe a existencia aínda das terapias de conversión, ademais dunha importante presenza dos delitos de odio. É que, segundo os datos do Ministerio do Interior, os delitos de odio por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero son a segunda motivación deste tipo de agresións. No ano 2020, aínda tendo en conta o confinamento domiciliario que provocou a pandemia, no cal descenderon todos os tipos de delitos, foron 277 delitos de odio LGBTfóbicos no conxunto do Estado, cunha alta importancia daqueles que se cometeron a través da internet e das redes sociais. No ano 2021 foron 477, o que supón algo máis da cuarta parte do total dos delitos de odio. E, a falta de ter o informe completo do ano 2021, o que podemos ver é que os delitos de odio se incrementaron en máis dun 40 % nos últimos cinco anos.

En Galiza, entre os anos 2013 e 2020 rexistráronse polas autoridades máis de catrocentos delitos de odio no noso país, dos que cento trinta corresponden a ataques por orientación sexual e identidade de xénero. A asociación ALAS, da Coruña, recoñece tamén que no último ano están a recibir máis denuncias de incidentes de odio, en parte porque o asasinato de Samuel permitiu coñecer cales eran os recursos existentes para as vítimas.

Mais cómpre non quedarnos só coas cifras absolutas. Na enquisa realizada tamén polo Ministerio do Interior sobre os delitos de odio recóllese que o 89,24 % das persoas que responderon a este cuestionario non presentaron ningún tipo de denuncia a pesar de seren vítimas de delitos de odio. De feito, a propia Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea fai a estimación dunha taxa de infradenuncia dos delitos de odio próxima ao 80 %. Entre os motivos para non denunciar, o máis frecuente é a crenza de que a Policía non o tomará en serio. E, aínda así, facer un repaso demorado pola hemeroteca é absolutamente desolador. Xa non falamos de presentar denuncias xudiciais; hai moitas agresións que non chegan a facerse públicas, nin sequera todas as físicas. Hai moitos insultos que quedan sen verbalizar, hai moitas violencias que quedan agochadas, que quedan tapadas e que quedan silenciadas, por vergoña, por medo ou polo que sexa, porque denunciar non sempre é fácil.

Por iso presentamos esta iniciativa, con catro puntos, para actuar no presente e no futuro máis inmediato, mais tamén para o futuro máis a longo prazo. O primeiro destes puntos quizais sexa o máis fácil de entender. A disposición adicional da Lei 2/2014 dita: «A Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia con carácter trianual un informe sobre a aplicación da lei»; o último e único informe remitido data de 2017.

En segundo lugar, a demanda de que a Xunta de Galiza se persone nos procedementos xudiciais incoados pola comisión de feitos presuntamente constitutivos dun delito de odio. Ante unha situación de inxustiza, ou se actúa ou se forma parte da opresión, *(Aplausos.)* non

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

caben medias tintas. Non vale que quedemos pendentes exclusivamente de pendurar bandeiras nun día como o de onte, cómpre actuar.

En terceiro lugar, vemos que hai un problema grave de infradenuncia dos delitos de odio. Albíscase unha parte mínima de todo o que realmente sucede. Moitas agresións quedan sen outra denuncia máis que, no caso de que haxa sorte, sexa recollida pola prensa ou sexa viralizada nas redes sociais: bandalizacións do mobiliario público, queima de bandeiras LGBT, pintadas con mensaxes abertamente LGBTfóbicas. Cómpre sacar todas esas agresións da invisibilidade absoluta, e por iso é chave que as administracións públicas, sobre todo o persoal que é primeiramente interlocutor nestes casos, estea formado en cuestións de diversidade de xénero e de orientación sexual, que sexa quen de recoñecer a LGBTfobia sen ter que agardar sempre á denuncia por parte de quen a sofre, do mesmo xeito que facemos, por exemplo, no caso da violencia machista.

Desde o BNG trouxemos en novembro pasado a esta cámara unha proposición non de lei para incrementar a formación que recibe o persoal sanitario, por exemplo no Sergas, mais tamén para facer unha revisión dos plans de saúde e protocolos que están a día de hoxe en vigor e que perpetúan estereotipos que son claramente discriminatorios como a asociación entre persoas LGBT e infeccións de transmisión sexual; foi aprobada por unanimidade, mais pouco se ten avanzado.

Do mesmo xeito, no informe anual da Valedoría do Pobo que se remitiu nestes días á Cámara a propia valedora resalta a preocupación polo acoso que se está a dar dentro dos centros educativos. Di a propia valedora: «Lamentablemente seguen chegando queixas non só pola actitude do alumnado senón —o que é máis grave— pola actitude dalgunha persoa do profesorado que non respecta os protocolos nin a dignidade dos e das menores afectadas. É preciso incrementar a formación e actuar en todas estas bandas». *(Aplausos.)*

E, para rematar, o último punto desta iniciativa recolle un aspecto que é fundamental se queremos unha sociedade verdadeiramente libre, e é que precisamos dunha educación afectivo-sexual nas escolas que se adapte a cada unha das etapas do ensino obrigatorio, que promova os valores de igualdade e de respecto, que forme na adquisición de competencias acerca da sexualidade humana, das relacións interpersoais, da saúde sexual, e que ensine as nosas crianzas a detectar e a combater a violencia machista e a LGBTfobia.

Moi brevemente, a respecto da iniciativa presentada polo Grupo Socialista, concordamos con ela mais introducimos un pequeno matiz a respecto do punto 1 da súa parte resolutiva. A día de hoxe sobreviven os centros Quérote, impulsados polo BNG no Bipartito —non tiveron tanta sorte outros programas—, aínda que a día de hoxe se atopan nunha situación de sobrecarga de traballo ao ter que responsabilizarse tamén, por exemplo, do asesoramento e formación en desordes alimentarias, en drogodependencias, acoso e uso responsable das novas tecnoloxías, ademais do propiamente afectivo-sexual. É preciso revitalizar estes centros con orzamento en primeira instancia, mais tamén con persoal, con recursos materiais para estender esta rede e que poidan ser verdadeiramente centros de referencia para a mocidade e para todas as persoas LGBT.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E remato xa facendo unha pequena lembranza. O día 3 de xullo de 2021 Samuel foi asasinado, aos 25 anos, dunha brutal malleira na avenida Buenos Aires da Coruña. Das últimas cousas que Samuel escoitou en vida foi como lle berraban «maricón de merda». Pola memoria de Samuel e por todas as vítimas da LGBTfobia é preciso actuar, porque imos xa moi tarde. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Formula agora a proposición non de lei o Grupo Parlamentario Socialista, para o que ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todas e todos.

Nós pensamos que non foi onte, que non é hoxe neste debate, que non é este mes un día para celebrar absolutamente nada; se acaso tanto hoxe como onte, como todo este mes e como todo o ano, é un día e son datas para reivindicar, para seguir traballando, para visibilizar en aras de seguir loitando por unha diversidade, por unha liberdade, por unha igualdade. Que abonda con mirar efectivamente a hemeroteca practicamente cada semana como para saber que non existe, que non está garantida para as persoas LGTBI. E por iso pensamos que pendurar bandeiras do arco da vella, enroscarse nelas, non só en moitos casos é un acto de hipocrisía e de falla de respecto. E por iso esta iniciativa que trae hoxe o Grupo Parlamentario Socialista, en definitiva, é a suma dunha serie de iniciativas que durante todo o ano traemos a este parlamento, ben a pleno ben a comisión.

¿Por que nesta data? Porque ¿que pode cambiar? Pois igual ese voto sistemático que cada vez que traemos propostas arredor desta situación da igualdade, da diversidade, dos dereitos das persoas LGTBI neste país, na nosa comunidade, pois oxalá teñamos máis sorte e non nos atopemos con ese voto sistemático en contra por parte do grupo maioritario, do Grupo Popular.

Porque, en definitiva, esta proposta, que, como dicimos, é unha suma das distintas iniciativas que os socialistas e as socialistas traemos a este parlamento durante todo o ano, os trescentos sesenta e cinco días do ano, está baseada en dous aspectos absolutamente elementais, como nós non nos cansamos de lembrar. Un, pedir que se cumpra unha lei galega aprobada por unanimidade neste parlamento no ano 2014, unha lei de mínimos en canto a contido, pero que a Xunta de Galicia non está a cumprir e non está a desenvolver. E, por outra banda, que asumamos a responsabilidade que temos como institución neste parlamento, tamén na Xunta de Galicia, de non afastar a vista, mirar cara a outro lado co que está acontecendo, con ese aumento insoportable das agresións e dos delitos de odio na nosa comunidade, no país e tamén a nivel internacional.

Un aumento deses delitos de odio que, como temos dito, atopa acubillo sabemos onde e en quen, nun discurso de odio que está a sementar a discriminación e a desigualdade e a cuestionar os dereitos. Sabemos —insisto— onde están, quen son e tamén sabemos quen é

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en cada momento cómplice ou non. E, sen ir máis lonxe, temos un exemplo onte na cidade de Vigo, onde a desvergoña da ultradereita, da extrema dereita, aparece para acudir a unha comisaría a denunciar o alcalde da cidade por pendurar unha bandeira do arco da vella.

Non teñen vergoña, pero tampouco hai vergoña nesas actitudes que son absolutamente cómplices desta extrema dereita e deses discursos.

Está moi ben que onte neste parlamento chegásemos *in extremis* —iso si, custou— a un acordo para pronunciar esa declaración institucional con motivo do Día do Orgullo. Pero, como diciamos, estamos afeitas a unha falta de sensibilidade e que na práctica atopemos unha ausencia absoluta de conciencia, responsabilidade e mesmo incumprimento da lei por parte da Xunta de Galicia.

E temos o exemplo no que acontecía na interpelación presentada por este grupo parlamentario no mes de decembro neste parlamento coa conselleira de Igualdade, a señora Lorenzana, que, ante unha interpelación —logo votamos unha moción na que votaba tamén en contra o Partido Popular— arredor da situación de discriminación laboral que estaban a padecer as persoas LGTBI na nosa comunidade, na que tamén pediamos que lle dera contido e actividade ao Observatorio Galego contra a Discriminación, na que tamén pediamos e insistiamos na necesidade de dar cumprimento á lei, anunciaba a señora conselleira que no primeiro trimestre deste ano 2022 —anuncio no mes de decembro— ían xuntar o Observatorio Galego contra a Discriminación; anunciaba tamén a publicación a comezos de ano dun informe específico sobre discriminación das persoas LGTBI aquí en Galicia. Case sete meses despois, ¿que temos? Absolutamente nada. O Observatorio non se xuntou nin no primeiro trimestre nin no segundo trimestre do ano, a pesar de que cada mes —mes de marzo, mes de abril, mes de maio— este grupo parlamentario leva a comisión e rexistra preguntas cada vez que temos coñecemento dalgún caso dalgún delito de odio na nosa comunidade; en Ourense, en Ribadavia, en Vigo, na Coruña, rexistramos iniciativas. ¿E xúntase ese observatorio e dáselle contido? Non. ¿Saben cando foron convocadas as asociacións e os colectivos para unha xuntanza por primeira vez este ano do Observatorio galego? Hoxe. A convocatoria chegaba a semana pasada coincidindo coa publicación da orde do día deste pleno e a conmemoración do Orgullo onte; hoxe están convocadas ás doce e media as distintas asociacións a unha primeira xuntanza este 2022 do Observatorio Galego contra a Discriminación. Para sacar a foto, para sacar unha foto. *(Aplausos.)* Na semana de maior actividade, de máis lea para os colectivos que durante todo o ano traballan, pero que teñen estes días —como podemos comprender— traballo abondo en visibilización, organización de charlas, manifestacións..., chámanos para unha primeira xuntanza hoxe. Dende logo pensamos que é bastante ilustrativo.

O pasado 17 de maio celebrabamos tamén o Día Mundial contra a LGTBIfobia. Levabamos unha iniciativa semellante á proposición que traemos hoxe lembrando os casos que estabamos a padecer na nosa comunidade; o mes de maio foi especialmente complicado.

Dende o Grupo Parlamentario Popular quero lembrar que nesa comisión, ademais de votar en contra, se argumentaba e se dicía algo así como que tiñamos que sentir certo alivio porque se viña de escoitar na Radio a testemuña dunha parella de lesbianas que eran rusas, pero

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que agora vivían aquí, e que contaban a dificultade e a persecución que padecían en Rusia, que afortunadamente aquí non pasaban esas cousas; como se iso fose un consolo.

Nós lembrabamos precisamente as malleiras, as agresións, as investigacións por delitos de odio que estaban a ter lugar e que acababan de acontecer —insisto— nas cidades de Ribadavia, en Ourense, en Vigo ou na Coruña. Este mes de xuño vimos de vivir a agresión insoportable tramitada tamén como delito de odio na praia de cabo Estai en Vigo ao berro de «maricón», unhas agresións todas elas que mesmo precisaron atención hospitalaria. E dinnos que menos mal que aquí non estamos vivindo en Rusia.

En fin, as cifras de delitos aumentaron un 40 % nos últimos tempos e representan unicamente, segundo esa enquisa que facía o ano pasado o Ministerio do Interior a nivel estatal, un 10 %. O 89 % das persoas LGTBI que sufriron algún tipo de discriminación e agresión aseguran que non presentan denuncia. Hai un nivel, como temos constatado, como constata tamén a Fiscalía aquí en Galicia, de infradenuncia elevadísimo.

Nós pedimos algo tan básico como que se cumpra a lexislación que hai en materia LGTBI aquí en Galicia, lei —insistimos— de mínimos, pero tamén hai lexislación internacional. Temos levamos tamén a comisión a necesidade de traballar en diversidade sexual.

A lei galega do 2014 ten un capítulo moi extenso dedicado á Consellería de Educación. Non se cumpre nin un só dos artigos. E estamos fartas de que falen de que cumprir a lei, porque falamos de cumprir unha lei aprobada por unanimidade —insisto— neste parlamento pero tamén de cumprir as recomendacións da lexislación internacional en materia afectivo-sexual, é ideoloxizar o alumnado.

Xa abonda de dicir que se cumpre, que estamos ben, porque esta lacra de odio, que —é certo— afecta a Galicia, afecta tamén a nivel estatal, e iso, como dicimos, é a punta do iceberg.

Ter conciencia, ter tamén memoria democrática presente, non repetir a historia, porque non esquezamos que, para vergoña de todas e todos, vivimos nun Estado no que na ditadura franquista se abriron campos de concentración nos que milleiros de persoas foron torturadas e detidas por ser persoas LGTBI, unha ditadura franquista que montou campos de concentración —insistimos— e cara a que moitos e moitas dos que vomitan odio nestes momentos, eses delitos de odio que están detrás do aumento das agresións LGTBIfóbicas no noso país a nivel estatal e tamén a nivel internacional, son os que agora dende as institucións miran con certo anhelo para esa ditadura. Insistimos: esas persoas, eses discursos estaban aí, pero agora teñen como altofalante institucións políticas e son persoas que ademais teñen, pola complicidade do Partido Popular, responsabilidades lexislativas, o que é absolutamente preocupante.

Agardamos que hoxe, máis alá das boas palabras, dean contido, leven á práctica a declaración institucional que onte se acordaba, se lía neste parlamento, aprobando unha proposición que —insisto— non pide máis que cumprir unha lei de mínimos aprobada por unanimidade por todos os grupos políticos neste parlamento como é a Lei do 2014, pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI na nosa comunidade. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo Rodríguez.

A **señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Permítanme, antes de comezar, felicitar a todas as persoas LGTBI de Galicia polo día de onte, 28 de xuño, no que se celebra o Día Internacional das Persoas Lesbianas, Gais, Bisexuais, Transexuais, Transxénero e Intersexuais.

E os días internacionais é certo que non é só un día, pero serven para algo; serven para sensibilizar, para concienciar, para chamar a atención e para sinalar que existe un problema sen resolver. Ninguén o nega. E este problema é a discriminación que sofre o colectivo LGTBI en moitos lugares do mundo, como vostede ben dicía na súa intervención, señora Carreira.

Un obxectivo que tamén compartimos dende o Grupo Parlamentario Popular ao propoñer unha declaración institucional ao resto da Cámara galega. E tamén nos consta que é compartido polo Goberno galego. Por certo, tamén agradecemos o esforzo e o apoio para conquerir esa declaración conxunta deste parlamento.

Os seres humanos nacemos libres e iguais en dignidade e en dereitos. A identidade de xénero e a orientación sexual son características propias da nosa personalidade humana. Polo tanto, o dereito para vivir libremente a propia orientación sexual ou identidade de xénero e a expresala sen temor, se así se desexa, son dereitos humanos no máis pleno sentido da palabra. E con ese sentir precisamente o Parlamento de Galicia aprobou no pleno celebrado o 8 de abril de 2014, grazas ao consenso de todas as forzas parlamentarias, a Lei 2/2014, lei da que nos sentimos moi orgullosos e que converteu Galicia na primeira comunidade autónoma que conta cunha lei específica e propia que consolida o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

Dende o 2018 contamos tamén co Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, do que falarei posteriormente.

É certo que avanzamos moito e que a sociedade galega ten un alto grao de aceptación das persoas LGTBI, pero tamén é certo que aínda existen persoas intolerantes, o que se amosa precisamente neses comportamentos que vostedes veñen de relatar e que nós dende o Grupo Popular rexeitamos absolutamente, polo que estamos de acordo con vostedes en que non debemos baixar a garda, e debemos seguir construíndo unha sociedade galega baseada na igualdade, na tolerancia, no respecto e na liberdade de todos nós. Unha tarefa que non é fácil e por iso debemos seguir traballando todos e cada un de nós.

O que non poden dicir vostedes é que o Goberno galego non está a facer nada. Traballa dende o ano 2014 en moitísimos ámbitos, dunha forma transversal, para dar precisamente

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

visibilidade a esa realidade LGTBI e acadar a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero.

Vostede, señora Díaz, se empeña en dicir que o Goberno galego, como é un goberno do PP, é un goberno que non fai nada, porque este tema non lle interesa, porque estamos en contra. Pero vostede esquécese de que esas actitudes intolerantes, que nosoutros non compartimos, nada teñen que ver co goberno das comunidades autónomas nas que se producen. Porque, de non ser así, pois non sucederían estes feitos en Asturias ou na Comunidade Valenciana, onde goberna o Partido Socialista. E isto, por desgraza, ocorre porque esas persoas forman parte da nosa sociedade.

E, fóra das nosas fronteiras, por desgraza, tamén ocorre. A pasada fin de semana en Oslo houbo un ataque contra un pub LGTBI e a ministra de Xustiza dixo: *Noruega es una comunidad de confianza en la que todos deberían sentirse seguros un sábado por la noche.* Nós dende logo estamos completamente de acordo con ela. Un sábado pola noite, e todos os días da vida, as persoas teñen que sentirse seguras e manifestar o que queiran manifestar da súa identidade sexual. *(Aplausos.)*

A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. E faino a través de todos os seus departamentos, porque a igualdade e a non discriminación están presentes en cada actuación. O Observatorio Galego do que vostedes falan, na creación no 2018, está integrado pola Xunta, a Fegamp, as tres universidades galegas, sindicatos (UXT, Comisións Obreiras, CSIF e CIG), a Confederación de Empresarios de Galicia e ademais por asociacións como Casco, Nós Mesmas, ALAS A Coruña, ALES A Coruña, Avante LGTBI, a rede educativa de apoio LGTBI de Galicia, Chrysallis, Asociación de Familias de Menores Transexuais, asociación PVLSE Vigo, asociación LGTBIQ+... Conta cunha dotación orzamentaria para 2022 de 15.000 euros para o seu funcionamento. E no ano 2017 apareceu, por moito que vostedes din que non, por primeira vez unha partida específica nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións e organizacións e colectivos LGTBI.

Un órgano, o Observatorio, que está aberto a que calquera organización e calquera entidade forme parte del, non é un órgano pechado. En 2021, o 6 de xullo, ratificou nun comunicado o seu rexeitamento a toda clase de acción, discriminación, descualificación e delitos de odio que se cometen contra estas persoas.

Pero, ademais, en 2021 firmáronse convenios de colaboración con entidades como Casco, Nós Mesmas, ALAS A Coruña, ALES A Coruña, PVLSE Vigo, asociación LGBTIQ+, con cada unha delas, por un importe de 6.000 euros; dende o 2021, o dobre que tiñan, antes dispoñían de 3.000 euros. Comezáronse a asinar no 2016 co obxectivo precisamente de apoiar as organizacións e entidades que desenvolven actividades de promoción en defensa dos dereitos e intereses destas persoas para avanzar no fomento e na promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, da sensibilización e da non discriminación deste colectivo.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, o obxectivo non é outro que garantir que todas estas persoas, sen importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos con dignidade e con liberdade.

Tamén se traballa dende o ámbito da cultura, como o Consello da Cultura. Existe un foro de identidades e de incidencias sexuais, un espazo que é pioneiro e que permite actualizar a información sobre as necesidades das persoas LGTBI, para darlles unha resposta axeitada, mediante os recursos e servizos que poidan demandar, e previr as condutas violentas contra este colectivo, que nós non negamos que haxa —vaia por diante—. O traballo do foro concluirá o vindeiro ano coa presentación dos resultados, dunha guía práctica que axudará precisamente a orientar actuacións e medidas para lograr a plena igualdade e a non discriminación.

Tamén na EGAP se fan cursos nas materias formativas para todos os empregados públicos. Este ano 2022 fíxose no mes pasado o curso Diversidade afectivo-sexual, identidade de xénero e non discriminación das persoas LGTBI.

E respecto do que se está a facer, porque vostede falaba de que non se facía ou se facía pouco no eido da educación, pois os centros educativos de Galicia levan anos traballando de xeito transversal e traballan en cuestións como a educación afectivo-sexual, a igualdade, a coeducación, a non discriminación por identidade sexual, etc., ata o punto de que o sistema educativo galego destaca pola súa tolerancia, porque Galicia o que defende é o respecto e a convivencia nas aulas e aposta por unha educación que aborde a atención á diversidade. Ademais de que dispoñen de materiais tanto o alumnado como os pais, as nais, os docentes e os equipos directivos, dispoñen dun protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, e tamén dispoñen da guía de identidade dixital, para actuar precisamente nos casos destas condutas discriminatorias.

Ademais, o 96 % dos centros educativos de Galicia contan cun plan de igualdade no que recollen as medidas de acción positiva para abordar a promoción da igualdade tanto en mulleres e homes, como tamén para sensibilizar, previr e intervir fronte á violencia de xénero e a LGTBIfobia.

No ámbito da cultura, por exemplo, tanto a Biblioteca de Galicia como as bibliotecas que xestiona a Secretaría Xeral de Cultura teñen —como non podería ser doutro xeito— unha biblioteca LGTBI.

Dende a Consellería de Sanidade tamén se realiza a formación para os profesionais relativa precisamente á diversidade sexual, e por primeira vez o Sergas dende o ano pasado conta cun plan de igualdade que foi aprobado no mes de xullo de 2021 e que marca o camiño que ten o Goberno galego de loitar contra as discriminacións por razón de xénero ou condición sexual, e nel inclúense medidas como, por exemplo, no caso dos permisos familiares, ter en conta os diferentes tipos de familias que existen en Galicia e ter en conta precisamente a diversidade familiar LGTBI. Ademais, medidas para garantir o dereito das persoas trans a ser identificadas na organización con nome e xénero correspondente ao xénero co que realmente se identifican eles.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende a Consellería de Política Social —falaba a señora Carreira— os centros Quérote+, que son un servizo especializado e de referencia na información e asesoramento á mocidade. Están formados por persoal técnico, multidisciplinar e especializado. Neste sentido, o persoal atende calquera mozo ou moza con independencia da súa orientación sexual e dá respostas ás dúbidas e ás demandas que ten a mocidade do colectivo LGTBI.

E no ámbito formativo, pois coñecen vostedes tanto a oferta de obradoiros que se fan aos concellos como os que se fan nos centros educativos. No caso dos concellos poden solicitar eles mesmos talleres específicos sobre temas que lles interese realizar no seu concello.

Isto pois é un pequeno resumo, levaríame moito tempo explicar todo o que ten feito o Goberno e leva feito, e iso que vostedes seguen a dicir que non fai nada, pero, ademais, é importante que todos e todas nós esteamos implicados na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. A non discriminación —non importa o motivo— é unha tarefa do conxunto da sociedade.

E por todo o dito e porque é necesario seguir avanzando é polo que presentamos a emenda que paso a ler a continuación:

«O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio e a súa adhesión á conmemoración do Día Internacional das Persoas Lesbianas, Gais, Bisexuais, Transexuais, Transxénero e Intersexuais, e amosa o seu rexeitamento aos discursos de odio que atentan gravemente contra a dignidade humana, cuestionando os dereitos e liberdades fundamentais das persoas LGTBI.

Así mesmo, insta o Goberno a:

1º. Dirixirse ao Goberno de España co obxectivo de que, a través do Ministerio de Igualdade, con competencias na materia, a través da Dirección Xeral de Diversidade Sexual e Dereitos LGTBI e en colaboración cos ministerios do Interior, de Xustiza e de Educación e Formación Profesional, e xunto coas comunidades autónomas, deseñe e implante, antes de rematar o presente ano, un plan de actuación concreto ante o incremento de delitos de odio de carácter LGTBfóbico, que contemple tanto medidas lexislativas para a súa correcta tipificación como protocolos de detección deste tipo de violencia e atención a persoas LGTBI.

2º. Presentar ante o Parlamento a avaliación da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI, antes de que remate o último período de sesións deste ano.

3º. No marco do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, seguir a fomentar o traballo dos grupos existentes para afondar na realidade das persoas LGTBI e promover medidas que garantan os seus dereitos.

4º. Poñer en marcha campañas de sensibilización, información e formación sobre a realidade das persoas LGTBI, así como intensificar a formación para os axentes de atención no territorio.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5º. Avanzar no informe sobre a situación global do colectivo LGTBI en Galicia e facelo da man dos principais representantes e interlocutores da nosa comunidade autónoma cun enfoque multidisciplinar e participativo, que debería estar rematado no prazo dun ano.

6º. Avanzar no informe sobre a situación específica do colectivo LGTBI no ámbito laboral e presentalo antes de que remate o presente ano.»

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

(A señora Carreira Pazos mostra un documento.) 1 de xuño de 2021, un menor denuncia unha agresión homófoba en Vilagarcía de Arousa tras declararse gai. Un grupo de catro rapaces pegáronlle catro ou cinco puñaladas no ollo dereito e na parte lateral esquerda da cabeza.

(A señora Carreira Pazos mostra un documento.) 3 de xullo de 2021, matan dunha malleira en grupo un mozo de 24 anos na Coruña.

(A señora Carreira Pazos mostra un documento.) 2 de novembro de 2021, agriden un home en Vigo ao berro de «maricón de merda». Un home foi agredido e insultado na madrugada deste sábado no Berbés, no que semella un novo caso de delito de odio contra as persoas LGBT.

(A señora Carreira Pazos mostra un documento.) 3 de novembro de 2021, detido por agredir e guindar unha rapaza desde a muralla de Lugo desde unha altura de doce metros. Un transeúnte escoitou berros de auxilio e localizou a vítima, que presentaba varias fracturas, tirada no fondo dun patio interior. A noticia do día seguinte aclara: a familia da vítima apunta á condición de que fose trans como posible hipótese da agresión.

(A señora Carreira Pazos mostra un documento.) 26 de novembro de 2021, denuncian insultos homófonos en plena rúa de Santiago. É máis habitual do que pensamos. Dous amigos camiñaban de ganchete pola rúa cando unha furgoneta parou xunto a eles e os seus dous ocupantes preguntáronlles pola «*calle del culito abierto*» para posteriormente marchar rapidamente ao berro de «*maricones de mierda*». Fixérono con cara de satisfacción e estaban totalmente envalentonados —lamenta un dos afectados—.

(A señora Carreira Pazos mostra un documento.) 13 de decembro de 2021, denuncian dúas novas agresións tránsfobas en Compostela e en Vigo.

(A señora Carreira Pazos mostra un documento.) 6 de marzo de 2022, episodio tránsfobo nunha clínica psiquiátrica de Ourense. A transexualidade é unha moda por culpa do feminismo. O

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

psiquiatra director do centro achacou a transexualidade a traumas e abusos e afirmou que é unha moda que vai en contra da bioloxía.

(A señora Carreira Pazos mostra un documento.) 15 de abril, o grupo valenciano Amor denuncia unha agresión homófoba en Ourense. Aseguran que a un dos seus membros lle romperon o nariz e o deixaron inconsciente ao berro de «puto maricón».

(A señora Carreira Pazos mostra un documento.) 19 de abril de 2022, investigan a agresión homófona a dous mozos en Vigo que remataron no hospital por bicarse nunha zona de festa.

(A señora Carreira Pazos mostra un documento.) 1 de maio de 2022, denuncian unha nova agresión homófoba nun pub de Ribadavia. O colectivo Avante LGBT+ denuncia que un mozo foi golpeado tras berrarlle «maricón de merda».

(A señora Carreira Pazos mostra un documento.) 17 de xuño de 2022, brutal agresión homófoba no cabo Estai ao berro de «maricón». Tiráronlle unha neveira á cabeza.

O que se está facendo non vale, non abonda. *(Aplausos.)* A retórica de seguir facendo, de avanzar no que se está facendo son só palabras baleiras, porque, mentres, a nós séguennos agredindo na rúa. Precisamos actuacións claras e decididas cun obxectivo preciso, cun límite temporal. Aprobar declaracións institucionais está ben, aprobar leis está mellor aínda. Dotalas de orzamento e cumprilas sería marabilloso. Non interpoñer, ademais, recursos, como fixo o Partido Popular contra a Lei do matrimonio igualitario, sería —ben— apoteótico. *(Aplausos.)*

Resulta obsceno que na emenda presentada polo grupo que sustenta o Goberno recollan que se emitirá un informe antes de que remate o ano, cando este informe debería estar presentado no 2020. Se non comparten a LGBTfobia, loiten entón contra ela.

Onte foi o Día do Orgullo, houbo mobilizacións en moitas cidades. Eu participei na de Compostela, orgullosa de ser quen son, mais tamén orgullosa de todas as persoas que saíron á rúa e de todas aquelas que, querendo, non puideron, daquelas que aínda están nalgún armario, orgullosa das mil persoas que no 81 saíron á rúa en Vigo na primeira mobilización do Orgullo que houbo en Galiza, orgullosa das que estaban no Stonewall Inn no 69 e que desafiaron a Policía ante a enésima redada que padecían iniciando unha revolta como a que lembramos onte. Orgullo de todas as que foron encarceradas no franquismo, ben baixo a Lei de vagos e maleantes, ou baixo a Lei de perigosidade; das mulleres que levaron ao Patronato de protección a la mujer; orgullo do noso país, que tantas veces nos quixeron facer crer que era gris e que hoxe sabemos que leva todas as cores dentro de si; orgullo deste país, de Lisa e Marcela, que desafiaron ata a santa Igrexa e casaron no 1901 co único fin de teren a vida que querían ter.

Estou orgullosa de todas e cada unha das compañeiras de loita, das que están, pero sobre todo das que nos abriron o camiño. Do que non estou orgullosa é de dicir que teño sorte porque nunca me pegaron na rúa cando iamos da man. *(Aplausos.)* E falo de agresións físicas porque as verbais si que as tiven que escoitar moitas veces; e iso non é sorte, iso non é motivo de orgullo, porque ninguén debera sufrir iso.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non queremos felicitacións, non nos feliciten, loiten con nós; non queremos que nos toleren tampouco, queremos ser e vivir libres. Non somos un xénero literario para ter un espazo á parte nas bibliotecas, o que queremos é que se respecten e se garantan os nosos dereitos humanos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: A respecto da emenda…

O señor PRESIDENTE: ¿Non a acepta?

(Aplausos.)

Non se oíu polo micro, pero comunicoume que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Agora ten o turno, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Comezo do mesmo xeito que comezaba a miña intervención anterior: nin felicitacións nin celebración; responsabilidade e un pouco máis de sensibilidade; datos e números, e non só quedar na parte máis grave, máis lamentable, máis deleznable como son esas agresións, insultos, delitos de odio que estamos a vivir semanalmente —como mínimo, que teñamos coñecemento— dentro desa infradenuncia no noso país.

No estudo presentado pola UXT no mes de outubro sobre a realidade das persoas traballadoras galegas LGBTI, das que teñen unha maior percepción de discriminación no seu día a día nos postos de traballo, di que o 96 % dos traballadores e das traballadoras galegas aseguran que a súa condición, orientación ou identidade sexual é un inconveniente. No ano 2022, o 91 % dos traballadores galegos e galegas recoñecen que teñen que ocultar —que se ven na obriga— a súa identidade ou orientación sexual. E unha de cada seis persoas traballadoras na nosa comunidade sufriu, segundo recoñece, algún episodio, agresión ou insulto no seu posto de traballo. O orzamento que a Xunta de Galicia destina aos colectivos que traballan coas persoas LGBTI na nosa comunidade é de 21.000 euros anuais; é dicir, un 0,002 %. ¿Precisamos e podemos facer un maior esforzo? Pregunto.

Relatan vostedes e presumen da existencia dese observatorio; un órgano colexiado, aprobado e creado no ano 2018 e que neste anos ¿saben cantas xuntanzas tivo? Apenas dúas. Aínda o ano pasado, despois da situación que se estaba a vivir, despois da dor que había polo asasinato de Samuel Luiz, nunha xuntanza o que se fixo foi aprobar por primeira vez os seus estatutos e o seu regulamento de funcionamento. A conselleira de Igualdade neste Parlamento o mes de decembro di que despois da pandemia se lle vai dar máis actividade e máis contido, xustificando na pandemia, pola covid, esa falta e ausencia absoluta de actividade. Mente neste Parlamento anunciando que no primeiro trimestre do ano terá lugar unha xuntanza, porque nin no primeiro —insistimos— nin no segundo; é que está e que

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

terá lugar en apenas 25 minutos hoxe, ás 12 e media, aproveitando a data do Orgullo para sacar unha foto; na semana de máis traballo, de máis incomodidade para todos eses colectivos, que son eles, as asociacións, os que traballan de verdade durante todo o ano, os que denuncian esa tomadura absoluta de pelo por parte da Xunta de Galicia. É o seu traballo e a súa importancia.

Falan dunha lei do ano 2014. Como dicía, poderiamos facer un debate monográfico do seu articulado e do non cumprimento en materia educativa, de formación, de sensibilización sanitaria. Queremos lembrar unha condena ao Sergas que deu a volta a nivel estatal nos medios por non garantir os dereitos de Sara Romero, unha muller transexual, que trouxemos a este Parlamento e que acaba de sentar xurisprudencia tamén a nivel nacional.

Poderiamos falar tamén —como o temos denunciado en múltiples ocasións dende este Grupo Socialista— do artigo 8 da citada lei, que dispón a creación dun servizo de información, atención e asesoramento ás lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais. Lamentablemente, desde que se aprobou a lei —ano 2014, e estamos no 2022—, a Xunta de Galicia non amosou nunca a disposición para a creación destes servizos.

Porque os delitos de odio —diciamos— están aumentando, amparados neses discursos de odio, e temos ferramentas —a lei, o Observatorio—, pero non se lles dá absolutamente contido. Pedimos algo tan básico na práctica como é pasar das palabras aos feitos; que a Xunta de Galicia, que o Goberno galego, se persone como acusación particular nos delitos de odio.

A poucos días dese aniversario de Samuel Luiz e porque as declaracións institucionais un día ao ano non abondan, non arranxan absolutamente nada, non arranxan, ademais, as boas palabras, os discursos de odio que escoitamos e que temos que soportar a diario alentando a discriminación e a desigualdade, pedimos que apoien esta proposición.

E non podemos aceptar unha emenda que fala de seguir facendo o que vimos de relatar hoxe. Oxalá a aproben e que no futuro inmediato poidamos enfrontar cun pouco máis de esperanza algo tan básico como seguir traballando por que se manteñan os dereitos que con tanto esforzo custou conseguir para que as persoas, por razón de identidade, de orientación, non teñan algo tan básico —como dicía a voceira do BNG— como é o medo a saír ás rúas, porque abonda con ler a prensa no mes de marzo, de abril, de maio e este mes de xuño para ver estas agresións, como esta agresión absolutamente insoportable de chamarlle a un mozo «maricón» na praia de Cabo Estai, en Vigo, e para saber que non estamos a facer as cousas ben.

Pola nosa parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¿Non acepta a emenda? Hai dúas.

A señora OTERO LAGO: A do BNG, si

O señor PRESIDENTE: ¡Ah! A do BNG, si.

Grazas.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Sol Díaz Mouteira e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para a rectificación do disposto na lei de residuos estatal e a ampliación do prazo, fixado pola directiva europea en decembro de 2023, que teñen os concellos de máis de cinco mil habitantes para implantar a recollida de biorresiduos

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir na parte resolutiva o seguinte texto:

«Asemade, o Parlamento insta a Xunta a:

1. Iniciar un proceso de participación cos sectores implicados e coas entidades locais para a revisión e actualización da lei galega de residuos e solos contaminados, así como para a elaboración do programa de prevención e do plan galego de xestión dos residuos urbanos.

2. Desenvolver un plan para garantir o cumprimento dos obxectivos da normativa europea de residuos, nomeadamente en materia de reutilización e reciclaxe.

3. Informar ao parlamento das previsións en relación cos seguintes aspectos na nova lei estatal:

- Medidas fiscais para incentivar a economía circular.

- Medidas de control, vixilancia, inspección en materia de residuos.

- Contratos reservados -Impostos autonómicos sobre depósitos de residuos en vertedoiros, incineración e coincineración de residuos.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Axilizar os procesos de xestión das subvencións dirixidas aos concellos para a implantación da recollida separada dos biorresiduos derivadas das transferencias estatais deste ano 2022.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Informar sobre o destino dos fondos estatais recibidos durante os anos 2021 e 2022.

3. Actuar con lealdade institucional e colaboración co Goberno de España no cumprimento do obxectivo de mellorar a xestión dos residuos municipais e acadar o cumprimento dos obxectivos europeos de xestión.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Señorías, bos días a todos.

Verde, amarelo e azul son as cores da reciclaxe que temos implantadas nos nosos pobos, vilas e cidades, e a estas cores váiselles engadir obrigadamente, antes do esperado, unha cor máis, o marrón, que é así como imos distinguir, obrigadamente e antes do esperado, o contedor usado exclusivamente para depositar os biorresiduos domésticos ou residuos orgánicos. É un novo e importante paso no ciclo da xestión dos residuos co que, obrigadamente e antes do esperado, imos segregar estes refugallos, contribuíndo a incrementar as taxas de reciclado, a dar debido cumprimento aos obxectivos marcados polas directivas europeas e a recuperar todo o potencial da fracción orgánica como nutriente para o solo.

É unha dinámica que poderiamos cualificar como o mellor exemplo de economía circular, aforrando cartos, enerxías e materias primas virxes. Pero vai ser que, estando de acordo no fundamental —e niso estou segura de que concordamos todas as señorías aquí presentes—, o que non é admisible é que de xeito unilateral e sen razóns de peso se adiante a entrada en vigor dunha norma cuns prazos inasumibles para a práctica totalidade dos administrados aos que vai dirixida. De aí a proposición que hoxe presenta o Grupo Parlamentario Popular a este plenario e que en ningún momento supón eludir unha cuestión clave para Galicia, como é a xestión circular da materia orgánica. Outra cousa moi distinta é como vén imposta: ao máis puro estilo intransixente da ministra Ribera.

O pasado 8 de abril publicouse a Lei estatal 7/2002, de residuos e solos contaminados para unha economía circular; un texto que no seu artigo 25 establece que todos os concellos de máis de cinco mil habitantes deben ter implantada a recollida da quinta fracción —a do famoso contedor marrón— dentro de exactamente de dous días, o 1 de xullo. É dicir, que introduce prazos moito máis restritivos que os fixados pola Unión Europea para implantar a recollida da fracción orgánica; tan restritivos como que o Goberno Sánchez-Ribera, que tanto aprecia a Galicia, come dezaoito meses, señorías, do prazo ditado por Bruxelas, dezaoito meses do prazo ditado pola lei galega e que pon aos pés dos cabalos 113 concellos galegos. Porque xa non abonda con meter a tesoira nas datas para a posta en marcha da nova xestión de residuos, senón que, como estamos, señorías, na *Champions League* da economía e aos nosos concellos lles sobran os recursos, a señora ministra, co beneplácito do señor Sánchez, decide que aquel concello que non cumpra será sancionado con 100.000 euros por infracción da normativa estatal. Realmente, señorías da oposición, ¿van permitir isto? Realmente, señorías das bancadas socialista e nacionalista, ¿que din os alcaldes dos

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

concellos onde gobernan? ¿Acaso aplauden? Xógome o que queiran a que, polo menos, a meirande parte braman e bufan, si. Por iso, señorías, como a todos nos afecta esta decisión unilateral, agardamos contar co seu apoio nesta Cámara porque todos xuntos somos quen de facer forza, señorías do BNG e señorías do PSdeG; e diríxome tamén, ¿como non?, ás señorías do PPdeG.

Posicionémonos a carón dos concellos, porque a lei nacional deposita neles a responsabilidade de separar os residuos de orixe doméstica e unhas sancións totalmente fóra de lugar. O prazo de adaptación ao que obriga o Goberno central, señorías, remata mañá, e é totalmente inasumible para a maior parte dos concellos de máis de cinco mil habitantes. Fagamos un breve repaso á lexislación propia na materia. ¿Que di a directiva comunitaria? Fala do 31 de decembro de 2023 para que todas as entidades locais europeas teñan implantado o contedor marrón para a recollida selectiva dos biorresiduos; na mesma liña que a Lei de residuos de Galicia, pero non a lei estatal.

A Lei de residuos de Galicia fala de concellos, sen facer diferenciación ningunha. A lei estatal diferencia os concellos de máis de cinco mil dos de menos de 5.000, fala do 30 de xuño do 2022 —mañá— e fala do 31 de decembro de 2023, co que adianta o cumprimento desta obriga nun prazo inferior de tres meses. Totalmente de xeito voluntario e inexplicable, señorías, decídense acurtar en ano e medio os tempos para os municipios de menos de 5.000 habitantes.

A Xunta presentou alegacións —sen ningún froito, por certo— ao proxecto lexislativo, para opoñerse ao adianto deste calendario. Pero o Goberno central seguiu adiante, a pesar das advertencias da Xunta e mesmo da Fegamp sobre as dificultades que terían as entidades locais para cumprir cos obxectivos en moito menos tempo do previsto. Polo tanto, non é unha imposición da Unión Europea, señorías, é unha exixencia do Goberno Sánchez-Ribera, que obvia que non se trata dun cambio automático para os concellos.

O recorte dos prazos —ao meu humilde entender— ten dúas explicacións: que o Goberno Sánchez-Ribera non ten nin a máis mínima idea do que ocorre realmente no territorio. E eu case me inclino a pensar que non lle importan os concellos nin de máis de cinco mil habitantes nin os de menos —que tamén levarán algunha sorpresa—. Por outro lado, entendo que puidera ser unha medida con afán recadatorio, e ás súas señorías voulles botar as contas, que son ben fáciles de botar: 113 concellos de máis de cinco mil habitantes, menos os cinco que a teñen implantada de xeito voluntario ata o de agora, multiplicado por 100.000 euros cada un, 10,8 millóns. A conta, señorías, sáelles ben fácil.

Miren vostedes, o Goberno de Madrid ten que descoñecer os tempos da tramitación administrativa, porque non hai outra lóxica. Porque os concellos, miren, teñen que modificar os contratos coas adxudicatarias que xestionan o lixo, e outros que realizan directamente e con persoal propio precisarán reestruturar o servizo. E non só iso, a incorporación dunha nova fracción exixe un estudo previo de dotación de medios materiais e humanos, e sobre todo o repaso dos roteiros de recollida para garantir un servizo eficiente. E despois está a dispersión poboacional. O servizo pode encarecerse o que non imaxinan, señorías. O Goberno galego si foi quen de redactar unha Lei de residuos, que aprobamos o ano pasado neste

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento. A Xunta tamén foi quen de impulsar a Estratexia galega de biorresiduos e foi quen de deseñar unha rede de infraestruturas composta por 17 instalacións. Trátase, polo tanto, dun cambio significativo na xestión dos residuos que, da man do fomento e da compostaxe, fará posible que a reciclaxe da materia orgánica avance con paso firme na nosa comunidade e cumprindo coas obrigas legais.

Señorías, ¿que ve este grupo parlamentario e que ven os galegos e as galegas? Pois ven que a Xunta está cos concellos e que, aínda que a xestión dos residuos sexa de competencia municipal, a Xunta está e seguirá estando ao seu carón para axudalos a seguir a cumprir coas súas obrigas e cos obxectivos marcados a nivel comunitario a través da referida estratexia.

Ante o escenario que veño relatando, a Consellería de Medio Ambiente, despois das reunións de coordinación bilaterais co Goberno, despois de presentar as súas alegacións, despois das queixas dos concellos e mesmo da propia Fegamp, trasladou ao Ministerio —leo textualmente—: «*...la dificultad de las entidades locales para cumplir el plazo*». O mesmo presidente da Fegamp, o señor Varela, alcalde socialista de Vilagarcía, destacou a imposibilidade de chegar a tempo; e nalgúns casos mesmo pola propia normativa en materia de contratación pública.

Ante a proximidade do desastre, o Goberno galego dirixiu unha carta á ministra —mire que lle saímos creo que protestóns os galegos, e non será sen razón—. Nesa carta do 2 de xullo solicitouse á señora Ribera que reconsiderara a súa postura e ampliara o prazo.

A Xunta de Galicia remarca que leva meses apoiando as entidades locais no proceso de implantación da recollida separada, cun obxectivo claro: co obxectivo de que poidan adaptarse o máis rápido posible e cumprir cos prazos. Son meses de traballo a carón dos concellos, instando a que soliciten as axudas para a xestión de biorresiduos; unha liña de axudas que conta cun orzamento de 8,6 millóns para apoialos na introdución do contedor marrón.

Ademais, cómpre destacar que nos fondos europeos —¡fondos europeos, señorías!— do Mecanismo de recuperación e resiliencia, as liñas de axudas de maior contía son as referidas á separación dos biorresiduos, nun recoñecemento tácito de que esta separación non se está realizando na actualidade, e incluso prevendo que a súa execución puidera estenderse máis alá de 2024.

O propio Ministerio de Transición Ecolóxica é perfectamente consciente de que os concellos necesitan axudas para realizar o esforzo investidor que esta nova fracción de residuos necesita. Non só iso, senón que se plantexa un horizonte de execución destas que está máis coa liña da directiva comunitaria que coa lei estatal, señorías. Unha vez máis constátase a ausencia de coñecemento do que realmente ocorre no territorio e de se lexisla para vender slogans.

O Grupo Popular exixirá ao Goberno de España que rectifique o disposto na lei estatal de residuos e que amplíe o prazo para os concellos de máis de cinco mil habitantes para implantar a recollida de biorresiduos.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta deputada, señorías, este Grupo Parlamentario Popular, espera, ¿como non?, contar co apoio dos grupos da oposición. ¿Por que? Polos concellos, polas galegas e os galegos que neles viven, para poder contribuír entre todos, eficazmente, a unha xestión eficaz dos residuos.

Nada máis polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten agora o turno, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, dona Paloma Castro, por dez minutos.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señora Mouteira, dicíalle eu un día á conselleira nunha interpelación que isto é un pouco como cando ti es adolescentes, non estudas para o exame, deixas todo para o último día e, ao final, dis: mamá non me dá tempo. Pois iso é o que lle está pasando á Xunta polo desleixo, durante todos estes anos, na política de xestión de residuos. Hai un ano, cando tiñamos o debate da Lei de residuos de Galicia, nós, os socialistas, xa advertiamos que esta lei non estaba actualizada, que non estaba en consonancia coas exixencias europeas nin cunha futura lei estatal, que ía traspoñer esta directiva do ano 2019 e que ía ser, ademais, a lei marco que ía ter que cumprirse. E non era unha lei que estaba agochada nun caixón. Todos coñeciamos como ía ser a lei estatal e todos coñeciamos estes prazos, pero vostedes permitiron e regularon dunha forma distinta. E o que está a pasar agora é que en Galicia se regulou unha lei de residuos no ano 2018, no mandato anterior, e coa directiva europea anterior, e agochouse nun caixón. Neste novo mandato vostedes quixeron recuperar esa normativa sen mudar nin unha coma e sen adaptala ás novas exixencias europeas e estatais. Polo tanto, é unha lei que está desactualizada e é unha lei que, na práctica, plantexa problemas desde a entrada en vigor da lei estatal. Iso era algo que sabiamos, e agora están os funcionarios da Consellería tolos porque teñen que adaptar a lei galega aprobada hai un ano a unha lei estatal aprobada hai uns meses. ¡É que é surrealista! ¿E todo por que? Pois todo por esa actitude da Xunta de Galicia, deste goberno, de querer facer que fai e buscar titulares e ter que aprobar unha lei antes que unha lei estatal que estaba previsto que se aprobara uns meses despois.

Ademais, vostedes tamén tiñan o Plan estatal marco de residuos, o Pemar, e tiñan o Plan galego de residuos que estaba previsto ata 2022 e que tampouco cumpriron. E este incumprimento é o que levou tamén a que non esteamos neste momento en disposición de cumprir os obxectivos que se requiren desde a lexislación estatal. Porque lle lembro que este Pemar o que establecía era que se deberían destinar en 2020 á preparación para a reutilización e ao reciclado para materia orgánica 245.000 toneladas por ano. E se temos en conta os datos oficiais, os da Plataforma Galega de Información Ambiental, Gaia, vemos que indican que a cantidade que se destina a reciclado neste momento apenas chega a 50 toneladas/ano. Polo tanto, un 19 % menos do que se establecía no Plan marco estatal.

Pero tamén prevía este plan —lémbrolle que remataba no ano 2022; realmente remataba no ano 2020 porque o 2021 e 2022 se deixaban unicamente para unha análise e para unha

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

avaliación do plan— a creación de 11 plantas en todo o territorio para permitir que se puidera levar a cabo esta xestión, e aínda estamos coas tres primeiras.

Entón, se non se fixeron os deberes, pois agora non pode un botar as mans á cabeza e repartir culpas, porque vostedes son moito de repartir culpas: ao Goberno central, que non aceptou as alegacións da Xunta e que querían dar un prazo máis amplo en Galicia; ou aos concellos. Vostedes agora dirán que tamén é culpa dos concellos, que non tiñan implantado o contedor marrón. Pero lémbrolle eu neste momento —e ademais vou adiantarme porque seguramente a seguinte culpa, na primeira quenda, sería para o Estado, e a segunda sería para os concellos— que a planificación depende da Xunta e que é a Xunta quen ten que facer as políticas e dotar deses instrumentos aos concellos para permitir que eses prazos se poidan cumprir.

O Estado regulou esta Lei estatal 7/2022 hai uns meses. Entrará en vigor agora, e comezarán os prazos para separar os biorresiduos mañá. E, ademais, hai que ter en conta que esta lei é moi importante —xa a coñeciamos desde o ano 2020—, que é un dos principais instrumentos para poder impulsar esta economía circular de España e que, ademais, foi incluída como unha das reformas principais neste Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que tiña uns obxectivos marcados e que para iso se asinaron unhas cantidades, como a de 992 millóns de euros do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, destinadas ás administracións públicas e ao sector empresarial. E un plan de apoio territorializado a todas as comunidades autónomas no que se van destinar unhas cantidades, como, por exemplo, destináronse 416 millóns no ano 2021, este ano 175 millóns ou o ano que vén, no 2023, 50 millóns de euros.

Pero é que Galicia —que é o que máis nos preocupa— recibiu no ano pasado, ano 2021, 22,79 millóns de euros deste Plan de recuperación, sumado ao que recibiu dos orzamentos do Ministerio de Transición Ecolóxica e do Plan de impulso —que diciamos— ao medio ambiente e á economía circular, para financiar estes proxectos de residuos. ¿E que fixo a Xunta? —que este creo que é o dato esencial que xustifica, ademais, esta iniciativa presentada hoxe polo Partido Popular—. Pois o Goberno da Xunta sacou no mes de decembro unha convocatoria de axudas aos concellos para a adquisición deses contedores marróns e así poder implantar a recollida.

Esa convocatoria daba un mes de prazo a todos os concellos para presentar estas solicitudes. Posteriormente atrasouno e ampliouse ata o mes de marzo. Pero, a pesar de ter finalizado no mes de marzo este prazo, ata a semana pasada o Goberno galego non resolveu esta convocatoria. Tres meses tardaron, e fixérono porque o Goberno de España lle reprochou esta inactividade. Vostedes resolveron a semana pasada o prazo para distribuír os contedores marróns de fracción orgánica entre os concellos, cando o prazo para telos postos vence mañá, sen ter en conta —ao mellor é a Xunta quen non coñece a tramitación administrativa— os trámites administrativos que logo tiñan que facer todos os concellos. E agora din que non dá tempo e que hai que ampliar os prazos. Ou sexa, levan dende o inicio da pandemia facendo o mesmo con todas as axudas que chegan do Estado. O que teñen é interese en dinamitar o labor e o esforzo de recuperación que está a facer este goberno.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non se poden conceder a uns concellos unhas axudas unha semana antes de que a lei impoña implantar estes contedores, porque ese é un comportamento moi ruín, e agora xustifícano coa presentación desta iniciativa no Parlamento e nos diferentes concellos para dicir: que malo é o Goberno de España que non nos dá nin o prazo dunha semana para poder implantar e cumprir os obxectivos marcados nunha lei estatal, que é unha lei terrible, e que nos estrangula como comunidade autónoma.

Pois non, non é así, o Goberno de España leva traballando tempo para cumprir eses obxectivos europeos, e este ano vai repartir, ademais, 176,5 millóns de euros máis para 2022, cuns fondos que van volver ser transferidos ás comunidades autónomas. O anterior consello de ministros a principios deste mes xa dixo que ía ser coa maior celeridade e que, ademais, a Galicia lle corresponden case dez millóns de euros, establecéndose tamén, no anterior consello de ministros, que as bases reguladoras destas novas convocatorias eran iguais que as do ano anterior, para así poder axilizar os trámites. Despois correspóndelle a cada un dos gobernos autonómicos facer o mesmo. Esperemos, polo tanto, que Galicia esta vez si que cumpra.

Poñemos nós en valor, polo tanto, o esforzo que está a facer o Goberno de España, e presentamos como emenda, con base nisto, que a Xunta colabore por fin e deixe de obstaculizar para que se implante no noso territorio este contedor marrón e se axilicen os procesos para as futuras subvencións que se van aprobar agora, dentro na próxima conferencia sectorial, para os orzamentos de 2022, para a transferencia de 2022, e que tamén se informe de como foron transferidas estas cantidades recibidas no ano 2021.

E pedímoslle, por último, no último punto, que actúe con lealdade institucional, pois non pode ser que a Xunta siga a obstaculizar e que siga a facer política de todo, prexudicando, ademais, a cidadanía, porque, ao final, os que imos ter que sufragar estas multas polos incumprimentos dos prazos somos todos os cidadáns cos nosos impostos.

Polo tanto, solicitamos que actúe de forma leal e responsable e que se poña a traballar con algo que xa tiña que ter feito hai anos. Agora, como dicía ao inicio da miña intervención, xa estamos no tempo de desconto, e non se lle poden botar as culpas ao Goberno de España.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Por parte do Grupo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra Xosé Luís Bará, tamén por dez minutos.

O señor BARÁ TORRES: Señora Díaz Mouteira, *me alegro de que me haga esta pregunta. (Murmurios.) (Risos.)* Alégrome de que traia este tema aquí a debate porque isto vai ser como o conto aquel do traxe novo do emperador, o do rei espido. Porque este debate o que vai permitir é poñelos en coiros, destapar todas as vergoñas da política de residuos da Xunta de Galiza. Agradézolle, sinceramente, de verdade, que de maneira oportunista, de maneira un tanto torticeira, traia aquí este debate, que ten que ver coa política de residuos, que ten que

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ver coa Directiva europea de residuos, que ten que ver coa lexislación estatal e que ten que ver tamén coa política e coa lexislación galega.

E, claro, vostede invoca aquí o artigo 25 da Lei de residuos, que establece un prazo —ata mañá— para implantar a recollida separada dos biorresiduos para concellos de máis de cinco mil habitantes.

Ben, hai que facer moitas aclaracións e precisións a respecto de todo o que dixo vostede aquí e que puxeron nesa breve, como é habitual, proposición non de lei que presentaron.

Esqueceulle dicir a vostede unha cuestión que é importante: que esta lei ten unha disposición adicional décimo primeira. *(O señor Bará Torres amosa un documento.)* Non sei se a leu ou se só chegou ao artigo 25 e xa quedou aí cegada polo partidismo. Pero voulle ler eu aquí o que di esta disposición adicional, que cambia por completo o contido do artigo 25.

E di: *Contratos en vigor de las entidades locales* —voullo ler en castelán para que..., en fin—. *Las entidades locales adaptarán los contratos de prestación de servicios, concesión de obras, concesión de obra y servicio de otro tipo para los servicios de recogida y tratamiento de residuos de competencia local al objeto de dar cumplimiento a las nuevas obligaciones de recogida y tratamiento establecidas por esta ley en los plazos fijados, siempre que ello resulte posible en virtud de la Ley 9/2017, de contratos del sector público.*

É dicir, que os concellos, para poder aplicar ese artigo 25, teñen que facer a revisión, a actualización dos contratos, de acordo coa Lei de contratos do 2017; polo tanto, iso non se fai dun día para outro. E, polo tanto, teñen unha xustificación diante do Ministerio para non poder aplicar a lei nestes prazos.

Eu entendo que no fondo —e penso que o prazo, desde logo, visto así obxectivamente, é absolutamente irracional— o que están pensando é que hai que poñer as pilas —bueno, as pilas había que poñelas xa no 2011— para empezar a cumprir, porque non cumprimos os obxectivos da directiva europea. ¿E saben quen menos cumpre no Estado español? Galiza. ¿E saben por que? Pola política de residuos da Xunta de Galiza. *(Aplausos.)* ¿E saben por que? Polo modelo Sogama. ¡Esa é a realidade! *(Aplausos.)* ¿E agora vostedes veñen aquí alarmarse de que nos obrigan a cumprir? ¡É que xa había que cumprir! Xa había que cumprir en 2020, e vostedes non cumpriron; non cumpriron os concellos e non cumpriu a Xunta polo seu modelo, que é un antimodelo.

E, mire, voulle aclarar outras cousas. Vostedes veñen aquí falar do colector marrón, dunha nova cor. *(Murmurios.)* Pois, non, voulle dicir que non é obrigatorio establecer o colector marrón; iso non o di ningunha directiva europea. O que di a directiva europea e o que di a lexislación é que hai que establecer a recollida separada dos biorresiduos, e que se pode facer de distintas maneiras. E a maneira, ademais, máis racional e máis eficiente, máis sustentábel é a recollida do tratamento *in situ*; é dicir, a compostaxe domiciliaria e comunitaria; é dicir, o que está facendo a Deputación de Pontevedra co modelo Revitaliza. Iso podíase facer en máis do 90 % dos concellos galegos. Por certo, en Ourense, por exemplo —provincia da que vén vostede, que é unha provincia galega— *(Risos.)*, hai 81 concellos de menos de cinco mil

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

habitantes; e, polo tanto, poderían facer perfectamente —só hai nove de máis de cinco mil habitantes— este sistema.

E despois o que haxa que trasladar de núcleos urbanos, de núcleos de poboación concentrada, hai que recollelo e tratalo en plantas, pero non hai que, obrigatoriamente, recollelo en colector marrón. Hai varias opcións: hai o colector marrón, hai a recollida porta a porta... Por certo, que a recollida porta a porta está demostrado, acreditado e superdemostrado que é moito máis... ¿É máis cara? Si, pero é moito máis eficaz, e consegue porcentaxe da recuperación e reciclaxe de ata o 80 % ou o 90 %; o colector marrón anda de media no 40 %-50 %; como moito, no 60 %. Polo tanto, non é obrigatorio, que quede claro, o colector marrón.

E con respecto aos prazos e ás obrigas de recollida, mire, voulle explicar aquí, punto por punto, o que había que facer desde a Lei de residuos de 2011, que o que fixo foi adaptar a Directiva comunitaria de 2008, que establecía xa a obriga da recollida separada dos biorresiduos —xa no 2011—. Despois veu no 2015 o Pemar, efectivamente, o Plan marco de residuos, que dicía que había que establecer concretamente a revisión dos plans autonómicos, especificando como se enfoca a recollida separada dos biorresiduos para cumprir o obxectivo do 50 % no 2020. E vostedes non cumpriron o Pemar, nin cumpriron a Lei do 2011, e por iso Galiza está —xunto con Asturias— á cola dos peores en materia de recuperación, reciclaxe e reutilización de residuos. Estamos no 21 %, cando tiñamos que estar no 50 %. Somos os peores pola política da Xunta, do Partido Popular, e hai outras comunidades que están en porcentaxes do 57 %, do 49 % ou do 47 %: A Rioxa, Cataluña, Estremadura, a Comunidade Valenciana ou Nafarroa. Están nesas porcentaxes porque fixeron as cousas mellor.

Polo tanto, non veñan aquí presumir de nada. Vostedes non poden presumir de nada, e menos con esas declaracións rimbombantes que lles acostumamos a ver, porque en propaganda si que gastan moito. Por certo, podíannos dar os contratos que lles pedimos polo artigo 9, que non nolos deron aínda despois dun ano. Recórdollelo porque están escoitando por aí —que sei que escoitan—, na consellería. Que nolos manden, que é un dereito que temos os deputados e deputadas, e ademais que llo pide a Presidencia do Parlamento. Están menosprezando a Presidencia do Parlamento ao denegarnos esa documentación do artigo 9. *(Aplausos.)*

Ángeles Vázquez, 2020 *(O señor Bará Torres amosa un documento)*: «*Destaca el hito de Sogama por situar a Galicia a la cabeza en redución y reciclaje*». Pero, ¿como poden mentir con este absoluto descaro? ¡Se somos os últimos, con Asturias, e vostedes dicindo que no 2020 estabamos á cabeza. Están aí os datos do Miterd. Son datos oficiais —téñoos aquí; se non os teñen, tamén llelos podo deixar—. Son os datos que mandan as comunidades autónomas, por certo, *(O señor Bará Torres amosa un documento.)*, e somos os últimos, xunto con Asturias —que copiou o modelo galego de Sogama, por certo—.

Sigamos, entón, máis datos. ¿Que fixeron vostedes, entón? Vostedes —non lles quedou máis remedio despois do Pemar— tiveron que revisar o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia no 2016. ¿E que puxeron alí? Pois que en Galiza se ían compostar 245.000 toneladas,

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que se ían crear dez novas plantas de compostaxe, que despois habería microplantas e que despois habería compostaxe comunitaria e que habería compostaxe domiciliaria. Nada, de nada, de nada; o único que conseguiron facer foi unha planta de compostaxe en Areosa que ía empezar a funcionar en 2020, que empezou a funcionar en 2021, á que só levan alí tres concellos malamente —o único que leva algo é Carballo— e que aínda non produciu 1 quilo de compost. Teñen que compralo para repartilo entre os concellos porque aquilo non produce compost, sabémolo a ciencia certa. En fin, esta é a realidade.

E, claro, vostedes traen aquí este debate oportunamente, oportunistamente tamén, polos prazos do artigo 25, pero vostedes non nos contan outras cousas que tamén están na Directiva do ano 2018, na adaptación da Directiva de residuos, que efectivamente tiña que traspoñerse —fíxense ben— en xullo do 2020. E o Goberno central non foi capaz de traspoñela. Chegou tarde, mal e arrastro, e estamos en 2022 máis ou menos como a Xunta de Galicia, ou un pouco mellor en canto ao modelo.

Pois ben, ¿que di esta lei —outras cuestións das que nos interesa falar—? Primeiro, sobre a xestión dos envases lixeiros, ¿van vostedes explorar as posibilidades do sistema de depósito, devolución e retorno ou van seguir apostando por Ecoembes? Porque a nós aceptáronnos unha emenda no debate da Lei de residuos, pero despois chamáronlles de Ecoembes e dixeron: non, non, non se acepta. Pero esta lei permite esa posibilidade. ¿Van vostedes impulsar ese modelo que nos países, por exemplo, do norte de Europa permite a recuperación de ata o 90 % dos envases? Non hai ningún outro sistema que funcione tan ben. Desde logo, o de Ecoembes é un desastre, menos o negocio das empresas que están detrás, que son as que producen os residuos precisamente.

Segundo, medidas para incentivar a economía circular, que está na Directiva europea de economía circular; medidas fiscais para penalizar os sistemas finalistas; é dicir, depósito en vertedoiro e incineración. Vai haber que establecer impostos a estas medidas porque son contrarias á economía circular, que son precisamente polas que aposta o Partido Popular e a Xunta de Galiza con Sogama. ¿Como van implantar esta fiscalidade?

Terceiro, van desaparecer as primas a Recore, as axudas que había para a produción de enerxía a partir de coxeneración e residuos. Isto tamén vai facer tambalear o sistema Sogama, porque xa lle ampliaran os prazos por decisións políticas e partidarias.

Terceiro, esta lei prevé o establecemento de medidas de inspección, vixilancia e control. ¿Que van facer vostedes? A Deputación de Pontevedra anunciou que lles ía ofrecer aos concellos un corpo de inspección. Hai que facer ordenanzas municipais, hai que vixiar o cumprimento da lei. ¿Vostedes van facer algo ou van disparar o balón?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Cuarto, contratos reservados para a recollida de determinado tipo de residuos. A lei prevé esta figura de contratos reservados para a recollida, por exemplo, do téxtil e dos mobles. Ben, e terano que asegurar os concellos, pero ¿vostedes van impulsar, van promover, van facer algo para que as entidades sociais se poidan beneficiar deste tipo de contratos reservados? ¿Ou tamén van simplemente facer oposición ao Goberno central?

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Quinta cuestión, adaptación, revisión e actualización da lei galega, que —xa llelo dixemos no debate no 2021— naceu xa vella; cando naceu, xa estaba vella. Está absolutamente desfasada, superada pola normativa estatal e pola normativa europea. ¿Como van facer para revisala?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ¿Como van facer para revisar, efectivamente —remato, presidenta—, o Plan de xestión de residuos de Galicia, que remata no 2022 e que no 2021 e 2022 tiña que estar en fase de avaliación e revisión e non sabemos nada? Sabe que llo preguntamos reiteradamente, que pedimos a información polo artigo 9.

Reitero por última vez: envíennos a documentación polo artigo 9 de todas estas cuestións. Tamén lles pedimos, por certo, a Estratexia galega de biorresiduos, da que temos só un Power Point *(O señor Bará Torres amosa un documento.)*, que é o que vostedes saben facer ben, pero non temos a documentación que pasou polo Consello da Xunta.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: E, para rematar, presidenta, pido o amparo desta Presidencia para que o Goberno cumpra co seu deber de enviarlles aos grupos parlamentarios e a este deputado os vinte artigos 9 que lles solicitamos, a maior parte da Consellería de Medio Ambiente, e que teñen que ver coa política de residuos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para pechar o debate ten 5 minutos o autor da proposición non de lei, a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidenta.

Despois de escoitar as súas intervencións e as súas emendas, señorías, atrévome a repetir a pregunta coa que iniciei a miña primeira intervención: señorías das bancadas socialista e nacionalista, ¿están vostedes a carón dos concellos? Só hai dúas respostas: se están en contra, votarán en contra desta iniciativa; se están a favor, só hai unha resposta posible: teñen que votar a favor. *(Aplausos.)*

Porque o Ministerio da señora Ribera non quere falar de prazos. Vostedes derivaron as súas intervencións a todo menos aos prazos. Creo que non teñen ou non dispoñen da carta que a señora ministra lle dirixiu á conselleira o pasado 13 de xuño; unha carta do máis incongruente, señora Castro, que creo que vostede non leu. Eu facilítolla —téñoa aquí e déixollela para que a lean, tanto as señorías do grupo nacionalista como socialista—. Nela recoñece a señora ministra que a data límite, efectivamente, é o 31 de decembro de 2023, pero textualmente di: «*Nada impide que los estados miembros puedan adelantarla*». Señorías —e diríxome tamén ao meu grupo, porque a vostedes o tema dos prazos xa vexo que tanto lles

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ten; das súas intervencións así se deduce—, tomen boa nota porque a partir deste momento o capítulo de prazos de calquera directiva europea vai ser papel mollado en España, porque cando se tramite un proxecto, un decreto ou un anteproxecto, 22 ministerios, Goberno Sánchez-Díaz, e pode haber calquera arroutada e cambiamos os prazos coma nos pete. Por iso estamos falando, señoría, de prazos, que é o que a este partido e a este grupo parlamentario nos ocupa e preocupa. Pero a vostedes —das súas intervencións se deduce, insisto— non lles preocupa absolutamente nada, e iso se desprende tamén das súas emendas.

Mire, señor Bará, o que non escoita é vostede. No relativo á normativa de contratación, xa o deixei ben claro na miña primeira intervención. E ademais de ler a disposición —á que vostede se refería— debería —insisto— ler a carta da ministra. ¿A vostede dálle igual que Allariz ou Tomiño —por citar dous exemplos— sexan sancionados con 100.000 euros por incumprir o prazo que o Goberno lles dá por adiantar? Eu non vexo preocupación ningunha por parte das súas señorías. ¿Falan de actualizar unha lei vella e non adaptada? Vella e non adaptada é a lei estatal, señorías, que xa polo de pronto se desdí totalmente da directiva comunitaria. Pouco máis dun ano, e xa queren actualizala.

E despois plans e máis plans. ¿Que facemos logo coa Estratexia galega? ¡E pídennos a nós información cando só teñen que mirar para a dereita! Eu xa sei que lles proe un pouquiño mirar cara á dereita, pero pídanlles aos deputados e ás deputadas socialistas, señoría, toda esa información que vostede solicita, porque seguramente lla terán de primeira man. Pero, de prazos, nin os uns nin os outros, nin palabra.

Mire, señora Castro, ¿a vostede tamén lle dá igual o Concello de Vigo —por citar un exemplo tamén—, que será sancionado con 100.000 euros por incumprir o prazo do Goberno central que lle deu por adiantar? Non, non levante o brazo, porque non creo que o Concello de Vigo sexa quen de poñer en marcha en 24 horas todo o sistema de recollida de 1.400 toneladas diarias de biorresiduos que xera esta cidade.

Non sei por que me segue sorprendendo que vostedes sigan cada vez máis manipulando os datos. *(Aplausos.)* ¿Pero en serio piden vostedes —como na súa emenda, señora Castro— lealdade institucional cando é o Goberno central o menos leal e o que menos colaborador é cos concellos? ¿Que está a facer? Estamos a piques da entrada en vigor dunha norma que pode quebrantar as arcas de máis dun cento de concellos galegos e vostedes aínda piden, por riba, que miremos para outro lado.

De prazos —insisto— nin unha coma, pero lecciónsˆ... Na carta da ministra —voulla ler—, ¿sabe o que di? Permítese o luxo de advertirnos á Xunta de Galicia de que axilicemos a tramitación dos fondos europeos destinados á implantación da recollida. E, aínda máis, gábase de que son eles os que permiten que estes fondos cheguen a Galicia, ¡Miren vostedes, eh! En decembro de 2021 foi unha das primeiras comunidades autónomas en publicar esa orde de axudas. O pasado 13 de xuño, si, publicouse a resolución, un mes e un día antes do establecido polo Ministerio. Máis eficacia, señora Castro, non se pode pedir. E aínda encima instan a Xunta, como din vostedes —entre comiñas—, na súa emenda, a que informemos do destino dos fondos. ¿E logo queren sementar dúbidas sobre o cumprimento que fai a Xunta de Galicia deste trámite?

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, señorías, Galicia comunicou ao Goberno todas e cada unha das ordes de axudas; todas e cada unha. ¿Sabe o que contestou o Ministerio? Que cumpren coas obrigas de transparencia e publicidade. Comuníquense e póñanse de acordo e non veñan vostedes darlle ao Goberno galego lecciónns sobre a importancia da recollida selectiva de residuos. Sabémolo mellor ca ninguén porque contamos cunha planta de referencia en Europa, como é Sogama, mal que lles pese. *(Aplausos.)* E, ao mellor, temos que convidar, ou, señorías do grupo... Ou, señorías do Grupo Socialista, conviden vostedes a ministra a que veña coñecela. *(Aplausos.)*

¿Que fai Galicia? Pois presentar alegacións. ¿Fíxoselle caso? Ningún. ¿Que di a ministra na súa carta? Que a tramitación deste texto lexislativo se estendeu durante máis de dous anos, nos que tiveron tempo suficiente os concellos para coñecer a lei, as achegas e prepararse para a implantación do contedor. ¿Por que será que nunha comisión sóame a min que puxeron —e permítanme a expresión— «a caer dun guindo» o Goberno galego por tardar dous anos en tramitar un proxecto de lei? Pero, claro, cada un fala da misa como lle vai.

Ten razón a ministra: sobroulles tempo para tapar as orellas, señorías, e non escoitar ningunha das achegas que se lles fixeron chegar por parte do Goberno galego, sobre todo no relativo aos prazos. Porque, insisto, nas súas intervencións e nas súas emendas fálase de todo menos do obxectivo do que era obxecto esta iniciativa.

¿Vontade de diálogo? Absolutamente ningunha, como xa se vén demostrando, con Galicia.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Díaz.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Pero, vamos ver, ¿que se fixo co lobo? ¿Que se fai coas construcións tradicionais? Non se escoita, mírase para outro lado, como aquí.

Señorías da oposición, dende o Grupo Parlamentario Popular imos seguir insistindo na petición de que se amplíen os prazos, mentres a Xunta de Galicia seguirá defendendo os intereses dos concellos galegos. E a pregunta que me fago é: ¿é vostedes?

Nada máis polo de agora. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Acepta as emendas?

Señora Díaz, ¿respecto das emendas?

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Non, rexeitamos as emendas. Creo que do discurso xa se deduciu. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos ao segundo punto, o 4.5.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e catro deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da creación de xulgados de violencia sobre a muller nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago de Compostela e Lugo

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de dona Paloma Castro.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a creación de xulgados específicos de violencia sobre a muller nas cidades de Ferrol, Ourense, Lugo, Pontevedra e Santiago de Compostela sen que estas unidades computen nas previsións anuais.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición non de lei ten a palabra, por 10 minutos, don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Pois estamos novamente a falar de xustiza no pleno de hoxe, e é un tema que a vostedes lles importa bastante pouco, porque a vostedes a xustiza e o poder xudicial lles importa ben pouco. O que lles importa é controlar a Sala do Tribunal Supremo pola porta de atrás e o que lles importa é ter na Audiencia Nacional xuíces tocados, e o seu instrumento principal de relación coa Administración de xustiza pois é un martelo, por se teñen que colaborar coa xustiza. Mais como no BNG cumprimos os nosos compromisos e cumprimos os nosos compromisos co pobo galego —entre outras cousas, reactivamos a transferencia da AP-9, conseguimos rebaixas nas peaxes, o remate da discriminación fiscal cos emigrantes retornados ou a creación de xulgados exclusivos en materia de violencia sobre a muller—, temos que traer aquí e exixir do Parlamento de Galiza un pronunciamento a prol da creación destes xulgados.

E non podemos esquecer que a creación de xulgados é competencia do Estado; por tanto, resultan un pouco sorprendentes as manifestacións do presidente da Xunta de Galiza do día de hoxe de que ter un estatuto político de nación ou ter competencias para Galiza resulta unha cousa do Bloque e unha cousa absurda e sen sentido ningún, cando despois, se falamos de sanidade, a culpa é do Goberno do Estado; se falamos de dependencia, a culpa é do Goberno do Estado; e se falamos de creación de xulgados, a competencia é do Goberno do Estado. Por tanto, ter competencias, ser nós quen decida o noso futuro e non depender de terceiros é unha cuestión importante porque afecta o benestar dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

E hoxe, por esa razón, porque dentro da distribución de competencias corresponde á Xunta de Galiza propor —nada máis que propor; mellor dito, ser oída, antes de crear unidades

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xudiciais—, temos que traer esta iniciativa ao Parlamento de Galiza; se non, para o resto xa o teriamos solucionado.

Nós pedímoslle a este Parlamento e pedímoslle ao Partido Popular empatía, coherencia e, por suposto, que non mintan; pedímoslle empatía coas vítimas de violencia sobre a muller. E tamén, aínda que sexa unha cuestión secundaria, pero tamén importante, lle pedimos empatía coas traballadoras da Administración de xustiza destinadas en xulgados de violencia sobre a muller. Porque existe a práctica unanimidade de que a creación e dotación de xulgados de violencia sobre a muller non pode depender exclusivamente nin fundamentalmente dun módulo de entrada de asuntos; non é unha cuestión cuantitativa, senón que é unha cuestión cualitativa. Non estamos a falar de demandas, de gastos hipotecarios, nin estamos a falar dunha mera demanda por impago de facturas; estamos a falar dunha muller vítima dun delito que sente e ten a necesidade de rachar con ese círculo de violencia no que se atopa e que a súa decisión vai afectar inmediatamente a súa vida persoal, vai afectar a súa vida familiar e o seu núcleo máis próximo social e familiar. E ese momento —que penso que todos os voceiros o vivimos, e para o resto non é difícil imaxinar— é un momento singularmente duro, onde o acompañamento, a atención e a axuda son singularmente importantes.

Pois iso é difícil que aconteza nun xulgado cando nese xulgado teñen que compatibilizar a levanza destes procedementos de violencia con delitos conexos, como pode ser o quebrantamento —vemos hoxe no xornal a súa importancia e o complicado e frecuente que é—, o control das medidas cautelares, os divorcios ou liquidacións dos réximes matrimoniais ou os asuntos propios do que é un xulgado de instrución. Nalgún caso, como penso que é o número 3, de Santiago de Compostela, hai que compatibilizalos con asuntos tan complexos como pode ser a instrución do caso Alvia. E, ademais, teñen que compatibilizar as gardas diarias propias de violencia sobre a muller coas gardas ordinarias propias dun xulgado de instrución. Vexamos a consecuencia: pode ser moi normal que un xulgado teña sinalado para un día, para unha mañá, a celebración de xuízos por delitos leves —como falaba a voceira do Partido Popular— dos antes chamados xuízos de faltas, e que dúas persoas, dúas mulleres, foran ou vaian denunciar delitos de violencia sobre a muller. ¿Que fai esa xuíza? ¿Como se organiza ese xulgado?, ¿suspende todas as vistas que teña sinaladas para atender eses dous casos de violencia de xénero ou non? Pois iso, que non é un caso de laboratorio, senón que é un caso frecuente nos xulgados de Galiza, débese esencialmente a que non existen xulgados específicos, exclusivos e excluíntes en materia de violencia sobre a muller. E a súa creación non depende —repito, como xa manifestou o presidente do Tribunal de Xustiza de Galiza— dun aspecto meramente cuantitativo, senón dun aspecto cualitativo, da importancia e a relevancia que ten este tipo de violencias. Pero, desgraciadamente, no aspecto cuantitativo, tamén exixe a creación destes xulgados unidades de violencia sobre a muller.

No ano 2021 houbo 6.259 denuncias en materia de violencia sobre a muller, a pesar de que as ordes de protección solicitadas foron menores; é dicir, medraron aproximadamente un 3 % as denuncias de violencia sobre a muller. E as ordes de protección solicitadas descenderon nun 11,3 %. Iso é que algo está funcionando mal. Hai máis denuncias, hai máis violencias e hai menos intervencións xudiciais e ordes de protección.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os casos —volvemos a aspectos cuantitativos porque semella, pola intervención anterior, en materia de xustiza, que é o que a vostedes lles importa—, no sistema VioXén, a 31 de marzo de 2022, superaron os 4.588; un 20 % máis que antes da pandemia. E outro aspecto preocupante destes datos en materia de VioXén é que o 25 % das vítimas son menores de 30 anos. Algo estamos facendo mal, e as consecuencias vémolas no presente, mais lamento ou penso que podemos velas con maior intensidade tamén no futuro.

Nos partidos xudiciais —aos que se refire esta proposición de lei; é dicir, Ourense, Santiago de Compostela e Lugo— os asuntos penais e civís non diminuíron nos últimos anos, antes ao contrario, medraron, e con iso tamén medrou o tempo de resposta e tamén medrou a pendencia destes xulgados.

E diciamos que á parte de empatía lles pediamos coherencia; coherencia cos pronunciamentos deste Parlamento, coherencia mesmo coas súas iniciativas, porque este Parlamento en diferentes ocasións acordou por unanimidade solicitarlle ao Ministerio de Xustiza a creación «urxente» —dicían daquela— de xulgados específicos de violencia sobre a muller para, entre outros, os partidos xudiciais de Santiago, Ourense e Lugo. Por citar algunhas iniciativas do Partido Popular: que se demande do Goberno do Estado —pedíanlle a este Parlamento— e que se exixa ao Ministerio de Xustiza a creación dun partido xudicial para Santiago de Compostela no 2008, dun xulgado exclusivo en materia de violencia sobre a muller. Tamén en 2008, e neste caso o 23 de outubro, pedía o Partido Popular un xulgado de violencia contra a muller en Ourense. En 2010, a creación de xulgados comarcalizados de violencia de xénero. E este Parlamento en 2007 e en 2010 acordaba a creación, coa maior brevidade posible, de xulgados específicos de violencia sobre a muller nas cidades de Ferrol, Ourense, Lugo, Pontevedra e Santiago, sen que estas unidades computen nas previsións anuais. En 2010, idéntica solicitude. ¡Curioso!, todo antes de que estivera no Goberno do Estado M. Rajoy. A partir dese momento, xa non importou a violencia de xénero, xa non importou a creación de unidades específicas. E, desde logo, nunca —que nos conste— levaron tal solicitude á Comisión mixta; é dicir, nunca volveu interesar a violencia sobre a muller. É dicir, simplemente estamos neste, como noutros moitos asuntos, utilizando no Parlamento de Galiza un tema sensíbel como arma para facer oposición ao Goberno do Estado, pero na esencia importa ben pouco.

Nós, dende o Bloque Nacionalista Galego, aceptamos a posibilidade, como un mal menor, de que estes xulgados se poidan estender do partido xudicial das tres cidades que solicitamos a partidos xudiciais limítrofes. ¡Ollo!, pero cunha cuestión: isto non pode servir para afastar, ou permitir afastar, a xustiza do xusticiable; non pode servir para que unha persoa de Celanova e do Carballiño teña máis difícil formular unha denuncia ou acceder aos xulgados de violencia que na situación actual.

Dicía a este respecto —e penso que non é novidosa esta cita— o xuíz decano de Santiago que —e cito en castelán porque en castelán é a expresión—: «Non pode ser que hoxe un xulgado de instrución teña que levar, ademais de todos os demais delitos, a violencia de xénero; non é viable, polo menos non en Santiago, máis alá de datos estatísticos, porque a xustiza non é un dato estatístico. A especialización permitirá unha mellor atención e unha

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis áxil resposta e facilitará que as vítimas denuncien». Por iso non se entende que dende o 2015, que teñen esta posibilidade, a Xunta de Galiza...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...nin o Goberno do Estado nin os sucesivos gobernos do Estado se preocuparan de que cando menos estes tres partidos xudiciais non conten cos xulgados específicos, exclusivos e excluíntes en materia de violencia sobre a muller.

Esperemos que desta volta si teñan esa sensibilidade...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...xa que poden facerlle oposición ao Goberno do Estado e, á parte, porque o traballo co Goberno do Estado xa llo fixemos nós.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Tabarés.

Quenda agora dos seguintes grupos parlamentarios.

Ten a palabra dona Paloma Castro por 10 minutos tamén.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Hoxe fago pleno pola mañá; quédame esta iniciativa. E, ademais, é unha satisfacción pensar que, polo menos, esta última intervención, esta iniciativa, sairá por unanimidade, porque así o fixo hai máis dunha década.

Lembraba algúns acordos doutros mandatos o representante do Bloque Nacionalista Galego, e eu cito un importante do ano 2008. Daquela a señora López Abella era a voceira de Igualdade do Partido Popular, e agora segue traballando pola igualdade como directora xeral. Ela defendía no Pleno a necesidade de incrementar estes xulgados específicos —dicía, e podemos dicir, exclusivos; aínda que á señora Prado non lle gusta o de «específicos», ambos os dous están permitidos—. A señora López Abella dicía literalmente o seguinte: «En Galicia só existen dous, en Vigo e A Coruña, o resto dos xulgados que tramitan estes procedementos atópanse cunha saturación absoluta». E engadía: «A especialización é necesaria. O certo é que unha vítima está ben ou mal atendida» —e enmarcaba: isto non deberiamos consentilo— «e protexida dependendo en gran medida de onde viva. As vítimas reciben unha resposta xudicial de calidade moi diferente segundo sexa o lugar onde se comete o delito». E pecho comiñas porque estas son as palabras da señora López Abella.

Pasaron catorce anos, e a verdade é que moitos aspectos do procedemento xudicial por violencia de xénero melloraron, non imos facer demagoxia, pero esta realidade que se denunciaba neste momento segue a estar presente.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós compartimos esta afirmación punto por punto, con algúns matices. Con algúns matices porque nós non imos poñer en cuestión a resposta xudicial, porque creo que os xulgados mixtos responden e os xuíces que traballan nos xulgados mixtos resolven da mesma forma que os que traballan en xulgados específicos, pero non queremos ademais transmitir isto por entender que é unha mensaxe errónea e perigosa para as vítimas. Ademais, se lembramos a intervención da semana pasada, isto de transmitir estas mensaxes erróneas e perigosas deixámosllo á señora Prado, que xa manifestou a ineficacia do sistema VioGén, que non existe unha protección policial efectiva para as vítimas... Ben, manifestacións terribles que non quero volver lembrar.

Pero nós si que compartimos esta necesidade de especialización, a necesidade de xulgados específicos de violencia que permitan que as vítimas, todas as vítimas, independentemente de onde se cometa o delito, accedan á xustiza con maior grao de igualdade. E, ademais, explícome. ¿Iso a que se debe? Pois a que nestes xulgados existe un persoal especializado, tamén xuíces máis formados e un fiscal permanente para resolver estes traballos, así como funcionarios de reforzo. Por outra banda, tamén existen instalacións axeitadas —que é moi importante— ás circunstancias, como dependencias cunha maior privacidade, posibilidade de prestar declaración cunha barreira visual que impida o contacto co maltratador, ou tamén equipos de psicólogos especializados nas sedes xudiciais que prestan unha asistencia inmediata e moitas veces moi necesaria a estas vítimas.

Pola contra, atopámonos con outras dúas opcións que se poden dar. Unha é o xulgado de instrución, que asume de forma preferente o coñecemento dos asuntos por violencia de xénero. Estes serían os casos de Santiago, Lugo, Ourense, Ferrol e Pontevedra. Aquí entrarían, ademais dos asuntos de violencia, todos os que entran por repartición, sobre todo durante a quenda de garda, como falabamos anteriormente. ¿Isto que provoca? Pois unha dobre saturación do xulgado, xa que non esquezamos que os procedementos por violencia, cando entran, son prioritarios e teñen que suspenderse, como dicía antes o voceiro do BNG, todos os xuízos que estaban sinalados para ese día e que duran polo menos, con sorte, todo o día, pero moitas veces dous días, cando hai detencións, porque se pasa á disposición xudicial e logo ata que se celebra o xuízo da orde de protección poden pasar máis de 24 horas. Polo tanto, ¿isto en que se traduce? Pois iso, nun colapso e nunha acumulación dos procedementos pendentes neses xulgados.

A pesar disto, nestes xulgados si que as vítimas teñen unhas condicións de protección específicas, como poden ser uns fiscais —neses xulgados— da quenda de garda, tamén poden ter uns espazos de privacidade, porque se trata de cidades máis grandes e de xulgados máis adaptados, e tamén teñen o equipo de psicólogos de apoio, como terían en xulgado específico.

Pero logo, entón, temos as vítimas que podiamos chamar de terceira categoría, que xa son as vítimas nas que o delito se comete nas vilas máis pequenas, nas vilas medianas que teñen os xulgados mixtos de instancia e instrución, porque aquí si que non existe un xulgado que leve os asuntos de forma prioritaria de violencia de xénero, senón que o que estea de quenda de garda leva estes xuízos que van entrando. E aquí tampouco hai dependencias habilitadas nin con privacidade para as vítimas. Ademais, temos tamén que facer mención a ese plan de

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

infraestruturas xudiciais, que, como dicía anteriormente, se investiu nesas dúas grandes cidades e abandonou todas estas reformas que eran necesarias e cambios de edificios xudiciais nas vilas máis pequenas. Iso o que fai é que moitas veces as salas de agarda sexan os corredores cheos de xente que están nos xulgados tanto de instancia como de instrución, que as declaracións se presten nas oficinas dos funcionarios, moitas veces sentados ao lado doutro funcionario traballando, con xente entrando e saíndo da oficina... E, ademais, estamos a falar de vilas pequenas, onde todo o mundo se coñece, coa pouca privacidade e o prexuízo que pode causar isto para unha vítima de violencia de xénero.

Esta é a realidade de moitos lugares de Galicia, e iso non o podemos negar, é un dato obxectivo. Polo tanto, eu creo que con esta explicación non se pode dubidar de que existen vítimas de primeira, de segunda e incluso de segunda B ou de terceira.

A situación, ademais, coa que nos atopamos con relación á violencia de xénero segue a ser moi preocupante. Aínda que xa pasara máis dunha década e os primeiros datos deste trimestre do ano 2022 nos din que o incremento foi notable, os últimos datos do Ministerio do Interior din que se recibiron 1.695 denuncias estes primeiros meses do ano, e que isto supón ademais un 18,2 % máis que o ano pasado, incluso nas ordes de protección un 21,8 % máis que no ano 2021. Isto enfróntanos a un panorama desolador. Non podemos relaxar as medidas e temos que seguir implementando medidas que poidan protexer a estas mulleres.

Neste sentido, ademais, pronunciouse tamén o Observatorio de Violencia de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial. Decidiu que estes xulgados específicos son moi positivos, porque os datos que eles manexaban, os datos estatísticos, demostraban que estes xulgados diminuían a duración dos procesos nun 60 %. E poder resolver de forma máis rápida e máis inmediata estes procesos supón un plus de protección cara ás vítimas, cara aos seus fillos e as súas fillas, e é un procedemento moito máis eficaz. Tamén dicían estes datos estatísticos que aumentaran as denuncias nun 20 % dende que se instauraran nestas localidades os xulgados especializados.

E ademais deste aumento das denuncias, tamén aumentaban as condenas, que isto é importante, porque isto quere dicir que o resultado é socialmente moi aceptable e beneficioso, se temos en conta, ademais, aspectos tan duros como que o 80 % das mulleres asasinadas, dos feminicidios das mulleres, non tiñan posto denuncias previas.

Creo que as vítimas non son números, que non se poden computar, como marcaban antes, como procedementos hipotecarios, como cláusulas solo, senón que non podemos facer, ademais nós, desde as administracións públicas, que as vítimas se convertan en números e creo que teñen que estar atendidas da mellor maneira posible.

Por tanto, nós traemos unha emenda que pretende completar o peticionado polo Bloque Nacionalista Galego, que é que esta solicitude se estenda tamén ás cidades de Pontevedra e Ferrol; que, por outra banda, tampouco é nada novo, porque xa foi peticionado e aprobado por unanimidade no ano 2007 neste Parlamento. Se non, pode chamar e que llo busquen, porque no ano 2007 se aprobou unha iniciativa que solicitaba a especialización dos xulgados nestas sete grandes cidades.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, con base en que isto xa se debateu hai unha década, en que temos que evolucionar e en que se teñen que seguir mantendo e implementando todas estas medidas para seguir protexendo todas estas vítimas da violencia de xénero, esperemos e confiamos, ademais, que sexa novamente aprobada por unanimidade e en que se poida ampliar a especialización, máis que aos partidos xudiciais de Coruña e de Vigo, a todas as grandes cidades de Galicia.

E xa máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda agora para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, para dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidenta.

Hoxe imos falar dunha cuestión. Eu a verdade é que nunca pensei que a estas alturas, en xuño de 2022, ía ter que volver explicar a diferenza entre xulgados específicos e xulgados exclusivos, pero non me importa, imos volver ao tema.

A Lei orgánica 1/2004 introduce unha modificación na Lei orgánica do poder xudicial, en virtude da cal se constituíron en cada partido xudicial xulgados especializados en violencia de xénero dentro da orde penal; artigo 87 *bis* da Lei orgánica do poder xudicial.

Pois ben, segundo esta previsión legal, o Consello Xeral do Poder Xudicial, en función da carga existente, fixou os criterios para a materialización do dito xulgado especializado no partido xudicial. E hai dúas posibilidades. Unha, que fose un dos xulgados xa existentes no partido xudicial, determinando cal sería o concreto xulgado que se especializaba, coa posibilidade de que o dito xulgado se eximise de tramitar outros asuntos, equilibrando deste xeito a súa carga de traballo. Iso foi o que sucedeu en Ourense, Santiago de Compostela e Lugo, que son os que pide hoxe como exclusivos o BNG. Aínda que non sei se exclusivos ou específicos, porque o señor Tabarés aquí, nesta tribuna, acaba de dicir que exclusivos ou específicos. O primeiro que debería de facer é ter que poñerse de acordo consigo mesmo, señor Tabarés. Pero este é o problema da falta de coherencia do Bloque Nacionalista Galego que agora lle vou explicar. *(Aplausos.)* E por iso hoxe vostede está aquí facendo un papelón e non vén defender esta iniciativa algunha deputada, que probablemente non tería a desfachatez de dicir as cousas que dixo vostede nesta tribuna.

Pero é que eu, ademais de escoitar, como me pedía a señora Castro na anterior iniciativa, leo, señora Castro. E vostede na súa emenda pide xulgados específicos, non exclusivos, ¡específicos! ¿Ou tamén vai negar o que pon a súa emenda, señora Castro? *(A señora Prado del Río amosa un documento.)* «A creación de xulgados específicos de violencia».

Ben, vostedes, se queren facerse trampas ao solitario, fáganas, pero non intenten enganar a ninguén, porque mire, señoría, en todos os partidos xudiciais de Galicia existe dende hai quince anos, non dende o 2007 nin dende o 2008, dende hai quince anos, un xulgado especializado en violencia de xénero. E hoxe todas as cabeceiras de partido xudicial contan cun xulgado especializado en violencia de xénero para atender as vítimas. ¿Ou me quere dicir

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que Santiago, Ourense e Lugo non teñen un xulgado especializado? ¡Ah, téñeno, ben! Entón, ¿a súa emenda que quere dicir? Explíqueme, por favor, que quere dicir a súa emenda. Porque eu entendo a iniciativa do Bloque, que os pide exclusivos, pero se a súa emenda os pide específicos, dígame vostede a que se debe esta emenda, que non vale para nada, señora Castro. Porque hoxe en Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Pontevedra hai xulgados específicos de violencia de xénero. Isto é un enganabobos, señora Castro, e vostede sábeo. Entón, a min gustaríame saber se o que piden son exclusivos ou específicos. Punto primeiro.

Punto segundo. Para esa diferenza entre exclusivos e específicos, ¿quen marca a diferenza? A carga de traballo. ¿E quen determina a carga de traballo? Pois o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza; non é nin o Partido Popular nin a Xunta de Galicia. E vostedes sábeno.

Falan vostedes de que hai que ter sensibilidade; toda a do mundo. E empatía; toda a do mundo. Mire, non tratou vostede, señor Tabarés, con máis vítimas de violencia de xénero que esta deputada que lle fala. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non. E este grupo ten moita sensibilidade. Vostede quedou nos acordos ata o 2010, pero, mire, é que despois de 2010... Onde, por certo, o Bloque Nacionalista Galego non pactaba con este grupo absolutamente nada en materia de igualdade, ¡nada! ¿Sabe cando foi o punto de inflexión? O ano 2016, o que pasa é que vostede se ve que non mirou máis alá do 2010. Porque, mire, no ano 2016 —e recoméndolle que mire este boletín, que lles pregunte ás súas compañeiras, as que hoxe están caladas e non falan e o mandaron a vostede aquí falar para rachar un consenso—, o 1 de marzo debatemos aquí e aprobamos por unanimidade unha proposta para mandar a Madrid as propostas galegas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. E todos os grupos, os tres que estamos aquí e dous máis que xa non están, acordamos por unanimidade o seguinte: «Estudar a ampliación da planta xudicial para facer xulgados específicos de violencia machista onde aínda non os hai; valorar unha posible comarcalización deste servizo para atender de maneira acaída a realidade demográfica galega». Gobernaba o señor Rajoy, señor Tabarés, e o Partido Popular apoiou isto; apoiouno e impulsouno, señor Tabarés. Así que a vostede eu recoméndolle que mire máis alá do Ágora do 2010.

Pero é que vostedes, ademais de rachar o consenso hoxe, intentaron tamén facer un xogo de malabares. Vostede vén dicir aquí que xa fixeron o traballo. ¿Este é o traballo que fixeron? *(A señora Prado del Río amosa unha fotografía.)* ¿Este? Voulle dicir. No pacto este de Ana e Adriana vostedes, na páxina 7, din: «*Modificación de la Ley integral contra la violencia de género y la Ley orgánica*» —*está en castellano, ¡eh!*— «*del Poder Judicial, a fin de poder considerar los delitos sexuales contra las mujeres como violencia de género*» —cero, aínda non se modificou— «*y ampliar el número de juzgados de violencia de género*» —aquí non especifica se son exclusivos ou específicos, dáballes igual— *y, en concreto, de manera urgente, Santiago de Compostela, Lugo y Ourense, en colaboración con el Consejo General del Poder Judicial*». *Esto lo firmaron ustedes en enero del 2020.* Estamos en xuño do 2022. ¿Que pretenden vir aquí facer?, ¿lavar a cara deste cheque en branco que lle deron ao señor Pedro Sánchez para gobernar en España, señorías? *(Aplausos.)* Isto é o que pretenden vostedes facer hoxe aquí, lavar a cara e dicir que o nacionalismo é moi útil para Galicia.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, isto *(A señora Prado del Río levanta un documento.)* tamén o poden botar á basura porque, de todos estes acordos que firmaron Ana e Adriana, cero, cero para Galicia, ¡cero! E os xulgados de violencia... *(Aplausos.)* Si, si, señor Rodríguez. *(A señora Prado del Río racha o documento que acaba de levantar.)* Pode facer isto porque isto e o outro é exactamente o mesmo. *(Murmurios.)* Racheino eu; podíano rachar vostedes, pero non. ¿Sabe o que fan vostedes? Vostedes abstéñense nos orzamentos do señor Pedro Sánchez. ¡Séguenos mantendo aí, na Moncloa, e gobernan, sempre que poden, co Partido Socialista en todas as deputacións e en todos os concellos! ¡Se están moi contentos de estar co Partido Socialista!

Pero, mire, é que xa despois do 2016, no 2019, o 20 de febreiro do 2019, aprobamos por unanimidade, señor Tabarés, outra iniciativa, á proposta do Grupo Mixto, que dicía: «...incrementar a especialización nos xulgados non exclusivos en materia de violencia de xénero», como moitas máis.

Pero, mire, xa que o mandan a vostede aquí defender esta iniciativa e non dan a cara as súas compañeiras, que si chegaron a estes acordos que hoxe pretenden rachar, e como este partido e como este grupo si é coherente e si vai manter a coherencia, nós, señor Tabarés, non imos rachar ese consenso. Se o queren rachar, rácheno vostedes e o Partido Socialista, que hoxe presenta unha emenda que non vale para nada, porque o que pide xa está, xa hai xulgados especializados en Santiago, en Ferrol, en Pontevedra e en Ourense. Xa os hai, señora Castro, e vostede sábeo, o que pasa é que vén aquí facer, bueno, pois non sei moi ben que tipo de teatrillo, porque a verdade é que dá... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, teatrillo é vir aquí cunha emenda para pedir xulgados específicos de violencia de xénero onde xa os hai. Ese é o teatrillo do Partido Socialista, porque está gobernando agora o señor Sánchez en Madrid.

Porque, mire, no 2016, cando gobernaba Mariano Rajoy, hai unha iniciativa súa... Vostede non a firmaba, firmábaa a señora Patricia Vilán, que foi á que vostede substituíu nas listas de Pontevedra. *(Murmurios.)* Pero, mire, hai unha deputada que aínda está, que é a señora Rodríguez Rumbo e ela si que firmaba esta iniciativa. Mire, voulle dar o número, que o tiña por aquí. *(Murmurios.)* Si, no 2016.

Pero miren, señorías, nós con este tema somos absolutamente serios, rigorosos e coherentes, e imos seguir séndoo, e imos seguir mantendo os acordos que hai nesta Cámara do 2016, do 2019 e do 2020. Se os queren rachar vostedes, ¡alá vostedes!, dende logo que con nós non van contar.

Miren, é que, ademais —xa llelo dixen na iniciativa de antes—, hai unha nova organización xudicial en trámite polo Partido Socialista. O Goberno da nación está a tramitar o Anteproxecto de lei de eficiencia organizativa, que acaba co concepto de xulgado. O deseño da nova organización xudicial no que traballa o Goberno do Estado non contempla un sistema de xulgado cun xuíz, un letrado da Administración de xustiza e oito funcionarios; senón que a actual organización en xulgados será substituída, segundo a formulación que está a impulsar o Ministerio, por un sistema colexiado. De xeito que os xulgados actuais se transformarán, haberá un tribunal de instancia en cada partido xudicial, que os agruparía en función do volume de asuntos, e estaría composto polas seccións que resulten necesarias,

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

incluída a de violencia de xénero. Por tanto, haberá que estar ao novo contexto para redefinir e redimensionar máis axeitadamente as materias especializadas.

Miren, nos acordos para atender as vítimas de violencia de xénero, para previr a violencia de xénero, para dotar de recursos as vítimas, organizacións e institucións que traballan, conten con nós para todo. Agora, para lavar a cara do nacionalismo galego, que firmou un cheque en branco con Pedro Sánchez para poñelo na Moncloa e que hoxe non cumpre nin un só deses artigos do pacto de Ana e Adriana, un deles o que hoxe están pedindo aquí, dous anos e medio despois de asinar ese convenio, con nós non conten, nin conten para rachar o consenso que temos en materia de violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

Quenda para o peche do autor da proposición non de lei.

Ten a palabra don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: En primeiro lugar, quero darlle a razón nunha cousa. Eu creo que, neste momento, e dado o que hai que dicir, creo que as miñas compañeiras o farían moito mellor e, nomeadamente, a señora Rodil, despois desa clase para *dummies*.

O primeiro é aclararlle varias cousas. Primeiro: Ourense é Galiza, e o AVE non chega ao concello de Ourense. Non me agradeza ese favor. E, segundo, quero establecerlle unha diferenza, pero creo que é de primeiro de violencia sobre a muller. Unha cousa son competencias exclusivas e outra son competencias excluíntes, que é o que reclamamos na nosa iniciativa. Imos ir un pouquiño máis despacio a ver se consigo facerme entender. «Exclusivas» quere dicir que todo o que sexa violencia sobre a muller vai a ese xulgado. ¿Estamos de acordo, non? E iso xa o temos en Ourense. Competencias exclusivas, ¿por que? Porque todas van ao número 3, como tamén pasa co número 3 de Santiago. Pero nós na nosa iniciativa dicimos «competencias excluíntes», quere dicir que o caso Alvia non vaia ao número 3 de violencia sobre a muller. Competencias exclusivas e competencias excluíntes son cousas diferentes. ¿Por que? Para que nese xulgado —neste caso, o número 3 de Ourense, o número 3 de Santiago e pode ser que tamén o 3 de Lugo, non recordo o número— non tramiten outras cousas e se poida centrar exclusivamente en materia de violencia sobre a muller. Non sei se... Desde logo, non teño a capacidade de Olaia Rodil, pero si, ao mellor, logro que o entendan. E na iniciativa di «competencias exclusivas e competencias excluíntes», quere dicir que as competencias de violencia sobre a muller estean residenciadas nun xulgado e que este non teña a obriga de levar outras materias; é dicir, só violencia sobre a muller, para que sexa moito máis áxil, moito máis especializado e que a atención sexa mellor para a cidadanía.

Ben, despois, efectivamente, existen diferentes acordos parlamentarios e de grupos políticos. Eu o que non vexo dende o 2010 —e mirei, ¡eh!— e dende o 2011 é ningún pronunciamento dende a Xunta de Galiza, e é quen ten que solicitar eses xulgados específicos de violencia de

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xénero con carácter comarcalizado. Lin algunhas declaracións de Rueda de 2010, do anterior director xeral de Xustiza de 2011, e dende que gobernou Mariano Rajoy da Xunta de Galiza, nada de nada. E é o que lles estamos a pedir, que o Parlamento se dirixa á Xunta de Galiza para que a Xunta de Galiza faga os seus deberes e reclame esas unidades xudiciais.

E tamén resulta que non sei que unidades xudiciais pide, porque se vemos a proposta da Sala de goberno á Comisión mixta e o acordo da Comisión mixta, son os mesmos. É dicir, todo o que propuxo a Sala de goberno do Superior de Xustiza e todo o que decidiu a Comisión mixta son as mesmas unidades xudiciais, e ningunha de violencia. ¿Que propuxo a Xunta? ¿Ten criterio propio? ¿Ten criterio? Bueno, pois gustaríanos que, dalgunha maneira, exista sinal de que hai vida intelixente e de que hai preocupación real e efectiva en materia de violencia de xénero. ¿Por que? Porque dende finais do ano pasado teñen un plan global superior de xustiza, debido ao mal estado no que está a violencia de xénero no noso país, que dicía que os xulgados galegos necesitan máis maxistrados de reforzo para, por exemplo, A Coruña e Santiago; prolongacións de xornada permanente de, cando menos, tres funcionarios en todos os xulgados; manter as prolongacións de xornada —que dende o 2019 xa choveu, xa estamos falando de algo estrutural— que existen no Xulgado de Violencia de Ourense; incrementar os cadros de persoal, dous tramitadores e un no caso de Pontevedra; e que se cubran as baixas de enfermidade —iso a verdade é que é como para que se lles caia a cara de vergonza—. ¿E cal foi a reacción da Xunta de Galiza ante ese contundente informe da Sala de goberno do Superior de Xustiza de Galiza sobre o estado dos xulgados de violencia en Galiza? Pois suprimir as prolongacións de xornada. Onde existían catro, agora existen dúas; é dicir, sobrecargar de traballo os funcionarios e funcionarias que están levando ese traballo e atendendo este servizo.

Mire, señora Prado, a evolución. En 2008 —e creo que algunha emenda, mesmo á iniciativa de Susana López Abella, fora miña— o Partido Popular acordaba a necesidade de xulgados de violencia para este país. Desde o 2011 xa non reclama a Xunta de Galiza nada de nada; a violencia de xénero debeu de deixar de ser un problema. E, é máis, nesta lexislatura —e penso que vostede xa mesturaba a violencia sobre a muller coa violencia doméstica— xa negaba a existencia de violencia sobre a muller polo menos de xeito diferenciado, igual que os seus compañeiros e compañeiras de Castela-León sobre a violencia doméstica. *(Aplausos.)* A única esperanza que lle queda á igualdade deste país é que xa queda un día menos de goberno do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Acepta a emenda do PSOE? *(Pausa.)*

Ben, pasamos ao punto seguinte.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Carmen María Pomar Tojo e catorce deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de medidas para solucionar o problema xerado polo colapso e o peche da circulación do viaduto do Castro, na autovía do Noroeste, e garantir a seguridade e a funcionalidade desa infraestrutura viaria

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentou unha emenda o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir catro novos puntos na parte resolutiva co seguinte texto:

«5.º Unha auditoría completa dos viadutos, pontes e túneles da A-6 para garantir as súas condicións óptimas e a máxima seguridade.

6.º A constitución dunha Comisión de seguimiento das actuacións en relación co colapso do viaduto do Castro, integrada por representantes da Xunta de Galiza, o Goberno español e os sectores económicos afectados.

7.º A aprobación de medidas de compensación para os sectores afectados polo peche desta vía estratéxica de comunicación das provincias de Lugo e Coruña co exterior.

8.º A investigación exhaustiva do proceso de adxudicación e realización das obras de construción dos accesos a Galiza a través da A6, os prazos de execución das obras, os posíbeis fallos construtivos, así como o procedemento seguido na adxudicación e realización das obras de reparación dos viadutos do Castro.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición non de lei ten a palabra, por 10 minutos, don Xosé Manuel Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, un dos principais accesos a Galicia desde a Meseta, como saben vostedes, está hoxe no aire. O pasado 7 de xuño, sobre as once e trinta minutos da mañá, unha das pontes da autovía do Noroeste, da A6, colapsou. O derrubo afectou máis en concreto 582 metros do viaduto do Castro, entre os puntos quilométricos 431 e 432, a moi pouca distancia da fronteira entre as provincias de Lugo e de León. Polo cal, falamos dunha zona do municipio de Vega de Valcárcel, no Bierzo, moi próximo ao túnel de Piedrafita. Un van completo dese viaduto veuse abaixo, danando gravemente a estrutura e deixando toneladas de escombros no chan. Xusto á súa beira, a poucos metros, sitúase o viaduto paralelo que soporta a circulación en sentido contrario, en sentido a Madrid. Por fortuna —e digo por fortuna—, non temos que lamentar desgrazas persoais. Todo iso a pesar de que en zonas próximas ao derrubo e no mesmo momento do suceso case unha decena de obreiros realizaban intervencións.

Este incidente que acabo de relatar foi cualificado como «un colapso sen precedentes na rede viaria española». Son palabras literais do director xeral de Estradas do Ministerio de Transportes. Son palabras literais do representante do departamento ministerial de quen

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

depende esta infraestrutura viaria, a súa conservación e o seu mantemento. Ademais —cómpre non esquecelo—, o incidente ten lugar nunha vía que estaba a ser obxecto de reparación. O viaduto permanecía pechado desde hai practicamente un ano e estaban acometéndose nel obras de urxencia ao detectarse danos estruturais desta infraestrutura. Unhas actuacións de emerxencia ás que se destinaron 26 millóns de euros de fondos públicos e case un ano de peche; un investimento e un tempo moi importante que, visto o resultado, non entendemos a que se dedicou.

Cómpre lembrar que, segundo as informacións que transcenderon ata o momento, as deficiencias detectadas non facían presaxiar este resultado; é dicir, que se viñera abaixo parte do viaduto. De feito, o Ministerio de Transportes en prensa confirmaba que o treito que se veu abaixo tiña previsto reabrirse este mesmo verán, unha vez rematasen as obras de renovación do taboleiro do sistema de cableado.

Por se isto non fose suficiente, case dez días despois, o viaduto sofre un novo derrubo, causando alarma —que non é para menos— na cidadanía. A reacción do Goberno de España non foi a esperada. Nun primeiro momento, ausencia de información; despois, afirmacións confusas e contraditorias, ata o punto de que o Ministerio tiña decidido recuperar a circulación polo viaduto contiguo, dirección Madrid, ata que tivo lugar o segundo desprendemento.

Con todo, señorías, nin a Xunta nin o grupo maioritario deste Parlamento, o Grupo Popular, buscan facer deste gravísimo accidente unha causa de confrontación política, *(Murmurios.)* a diferenza do comportamento dos socios do Partido Socialista, é dicir, dos nacionalistas, e non porque exista un pacto de silencio —como din— senón por responsabilidade. A responsabilidade que nos leva a presentar esta proposición non de lei con alternativas e solucións; algo que puideron ter feito vostedes e no día de hoxe non fixeron.

Porque no día de hoxe hai demasiadas preguntas sen resposta e accións que o Goberno de España ten que tomar sen máis demora. Todos facemos as mesmas preguntas: ¿é seguro circular polos viadutos da autovía do Noroeste?, ¿que sabemos das causas que provocaron este derrubamento?, ¿que sabemos das medidas aplicadas para solucionar este problema?, ¿que sabemos dos prazos para esas posibles solucións?

A resposta a todas estas preguntas segue a ser insatisfactoria; de momento son todo especulacións. No día de hoxe, desde o Ministerio de Transportes non se deu ningunha explicación sobre as causas que provocaron o sinistro, nin tampouco se deu información sobre como se vai acometer a resolución do problema, e moito menos se deu tamén información dos prazos que se barallan para que a estrada poida volver estar operativa. Nin sequera foi capaz de dicir se vai proceder a tirar a parte do viaduto que resta en pé ou vai esperar a que caia por si soa, o que podería demorar os traballos de reconstrución.

A visita realizada pola ministra, dona Raquel Sánchez, o pasado día 17 tampouco aportou luz a estas preguntas, máis aló de indicar o evidente: que se empregarán todos os recursos que sexan necesarios para reparar con celeridade o viaduto. ¡Faltaría máis, señorías!

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A realidade é teimuda, pois a principal entrada a Galicia pola Meseta, cunha circulación media de dez mil vehículos diarios, continúa pechada. O desvío provisional que implica a circulación pola N-VI supón un incremento do tempo de viaxe, un aumento dos custos para os transportistas, e iso sen ter en conta que os transportes especiais non poden empregar esta ruta alternativa. As propias características da estrada e o volume de tráfico que se ve obrigado a acoller supoñen consecuentemente un problema engadido á seguridade viaria nas poboacións polas que discorre.

Transportes especiais como os das pas e compoñentes de enerxía eólica, que se dirixen ao porto de Ferrol, deben acceder a Galicia pola A-52 e pola AP-9, o que supón multiplicar custos e tempos de viaxe, polo que esa non se considera unha alternativa viable. E o mesmo acontece con outros transportes, como son os dos produtos frescos, como neste caso o peixe e os mariscos, onde o atraso implica perdas de diñeiro. É dicir, o impacto económico na actualidade e nos sectores produtivos de Galicia está a ser enorme.

Ante esta situación, desde Galicia e desde unha administración e desde un grupo político responsable, é preciso poñer unha serie de accións que os populares galegos resumimos en catro puntos na nosa iniciativa. O primeiro, unha folla de ruta clara, que se actúe con toda celeridade posible para dar solucións ao problema xeral tralo colapso do peche á circulación do viaduto do Castro, unha das principais vías de entrada a Galicia. O segundo, que se concreten as previsións sobre os traballos de reparación do viaduto afectado, así como das iniciativas dirixidas a revisar, inspeccionar e garantir a seguridade e funcionalidade dos viadutos da autovía do Noroeste e da integridade desta infraestrutura viaria. En terceiro lugar, alternativas, ou sexa, que se busquen todas as solucións posibles para minimizar o impacto do peche da autovía para Galicia; en particular, para o transporte pesado, que de xeito habitual emprega esa vía e agora se ve obrigado a utilizar desvío alternativo habilitado. E en cuarto lugar, fronte á incerteza, transparencia, ou sexa, que se ofreza a información de xeito continuo coa máxima transparencia para manter ao tanto das novidades aos cidadáns, aos concellos afectados e á Administración autonómica, en aras de evitar posibles especulacións e desconfianzas.

—Termino, señora presidenta—. Sinceramente, cada un destes catro puntos son propostas asumibles por todas as forzas políticas deste Parlamento. Non sería —créanme— comprensible rematar o debate e rematar este pleno sen un pronunciamento pola unanimidade desta Cámara.

Permaneceremos, polo tanto, atentos pero, ao mesmo tempo, permaneceremos exixentes. Necesitamos saber canto antes as causas e as súas solucións, e poñer certezas nunha situación que, con toda lóxica, causa alarma á cidadanía, causa alarma ás empresas e causa un gran prexuízo económico e social na nosa comunidade autónoma, e, especialmente, na provincia á que eu pertenzo, na provincia de Lugo.

Nada máis e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Quenda agora de intervención dos restantes grupos parlamentarios.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Xosé Luís Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Cada día que pasa, e xa pasaron vinte e un días, e cada vez que imos sabendo, e non sabemos case nada aínda, resulta máis escandaloso, máis alarmante o que aconteceu no viaduto do Castro e as respostas que se deron por parte dos gobernos, nomeadamente, por parte do Goberno central. Por iso nós temos moitas preguntas a este respecto. E tamén hai moitas explicacións que dar por parte do Goberno central ou —eu diría— dos gobernos centrais, dos gobernos do bipartidismo, porque aquí hai responsabilidades e hai tamén silencios.

O señor Balseiro tivo aí un pequeno desliz lingüístico, pois dixo que actuaban por responsabilidade; creo que lle faltou un ese final, actúan por responsabilidades, porque vostedes tiveron moitas responsabilidades na adxudicación destas obras. E recórdolle quen gobernaba naquel momento: o señor Aznar, o señor Arias Salgado, o señor Álvarez Cascos, que aínda non devolveu esa medalla de ouro de Galiza que non merece, e xa é hora de que a vaia devolvendo.

A primeira pregunta e primeira exixencia de explicacións é sobre a adxudicación de obra pública a grandes empresas construtoras madrileñas, do Ibex 35: ACS, FCC, HL, Sacyr, Acciona, Ferrovial... Estas empresas tamén asociadas co coñecido como «o palco do Bernabeu». E moitas delas curiosamente —iso tamén explicará algúns silencios— están implicadas no financiamento ilegal do Partido Popular, e hai documentación que acredita os pagos ilegais de moitas destas empresas ao Partido Popular.

Preguntas tamén que temos que facer aquí neste Parlamento e tamén fixemos, desde logo, no Congreso sobre o custo das obras deste treito da autovía A-6, que son as máis caras de todo o Estado. E é certo que hai dificultades orográficas, pero a realidade é que custaron 91,6 millóns de euros oito quilómetros, que despois se viron incrementados aínda coa reclamación por parte da empresa de 8,5 millóns de euros, que se lle pagou no ano 2008.

Tamén explicacións sobre os prazos. Os prazos parece ser que tamén estiveron condicionados por prazos e por présas electorais na execución destas obras.

E tamén sobre o sistema construtivo deste viaduto do Castro e outros tamén na A-52, que nos deixan polo menos con certa preocupación e alarma. Porque hai un informe do ano 2003 que falaba de aforro de materiais e de aforro económico, coa solución construtiva que se decidiu naquel momento.

Temos tamén preguntas e exiximos explicacións urxentes —isto xa é unha responsabilidade directa e exclusiva do actual Goberno central— sobre a detección de defectos construtivos e as obras da reparación neste viaduto. E aquí hai que dicir que houbo un primeiro contrato por emerxencia, cando se quitaron os problemas no ano 2020, por valor de 11 millóns de euros, que se comezou a executar en xuño do ano 2021, que deu lugar ao peche —como se dixo— deste viaduto. E case un ano despois, en maio do ano 2022, asinouse outro contrato

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por emerxencia, neste caso por valor de 14,82 millóns de euros. É dicir, en total, 26 millóns de euros para reparar eses supostos problemas, que nunca se chegou a explicar ben de que se trataba. *A posteriori* si, unha vez que caeu a ponte, pero antes non.

En todo caso, nunha nota de prensa do ministerio do mes de maio do ano 2022 —é dicir, moi recentemente— falábase de que a situación era de grave perigo. Situación de grave perigo, obras por valor de 26 millóns de euros, efectivamente —como dixo o señor Balseiro—, previsión de reabrir a ponte no verán deste ano, e resulta que se afunde este viaduto no que se estaban investindo 26 millóns de euros.

Isto eu creo que merece explicacións e merece responsabilidades de alguén, porque non se pode explicar que se gaste este diñeiro, que se afunda a ponte e que non se detectara o problema real estrutural de mala construción, de defecto construtivo ou vicio construtivo, ou como se queira, que había neste viaduto. Estamos a falar, en total, neste tramo de 130 millóns de euros de investimento de gasto público.

Tamén queremos explicacións e respostas sobre as actuacións posteriores ao afundimento do viaduto. A primeira, sobre a resposta inicial, a resposta inmediata, por parte do Goberno central —tamén da Xunta—, que nos parece que foi excesivamente lenta e na que se intentou minimizar a gravidade do asunto e non se estivo á altura do problema. E teño que lembrar aquí —como xa dixemos publicamente, pero parece que a vostedes que lles molesta que fagamos denuncia pública e crítica destas cuestións— que non é xustificable que o presidente da Xunta e a ministra de Transportes se trasladaran por primeira vez ao lugar do afundimento da ponte dez días despois, o día 17 de xuño. Desde logo, isto se pasase nun viaduto en Madrid, estaban alí o mesmo día o presidente do Goberno, *(Aplausos.)* a ministra de Transportes, *(Aplausos.)* e o rei de España, seguro. *(Aplausos.)* E, claro, despois parécelles mal que falemos de madridcentrismo e de discriminación e desprezo a Galiza, pero este é un exemplo clarísimo.

Ademais, pedimos explicacións e pedimos respostas, e pedimos tamén que se cree unha comisión de seguimento —xa o propuxemos no Congreso pouco despois do afundimento da ponte, nós fomos alí tamén o día 11— destas actuacións na que estivesen o Goberno central, o Goberno da Xunta, os sectores afectados e tamén os grupos políticos. Presentamos unha emenda tamén neste sentido.

Desde logo, hai que tomar ese tipo de medidas temporais que xa se anunciaron, que son parches temporais para minimizar os danos, minimizar os efectos, sobre todo en Pedrafita, basicamente, pola construción de *bypass* para poder enlazar a N-VI e a autovía A-6. E estas medidas teñen que acordalas os dous gobernos e ten que executalas o Goberno central, e son urxentes.

Como son urxentes tamén as medidas de reparación das vías alternativas, que xa están en moi mal estado e van sufrir moitísimos máis desperfectos como consecuencia deste tráfico pesado e intenso que van ter nos próximos días e que xa están tendo nestes momentos.

Tamén pedimos —e presentamos unha emenda neste sentido, que esperemos que acepte o Grupo Popular— medidas de axuda, de apoio aos sectores afectados que están sufrindo estas

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

consecuencias negativas sen pactos; agravados xa os que teñen como consecuencia do incremento dos combustibles e dos prezos, en xeral. Estamos a falar, sobre todo, do sector do transporte, porque teñen que facer percorridos máis longos e tempos de viaxe, polo tanto, máis longos e con maiores custos.

E aquí queremos tamén facer un chamamento de atención sobre a situación de illamento na que está nestes momentos Lugo como consecuencia do seu illamento ferroviario, tamén do seu illamento da saída á Meseta pola derruba, o corte do viaduto desa autovía, e tamén porque non se fixeron as posibles solucións, que podería haber alternativas agora, como, por exemplo, a conexión por autovía entre Lugo e Ourense, que sería unha solución que podería paliar as consecuencias deste corte.

Tamén pedimos —e presentamos unha emenda nese sentido— unha auditoría pública sobre todas as pontes, viadutos e tamén túneles da A-6 —creo que isto tamén se podería ampliar á A-52— para garantir a seguridade.

E tamén pedimos unha investigación exhaustiva, pois creo que a situación e o acontecido o merecen, unha investigación ata as últimas consecuencias e as explicacións, así como a exixencia de responsabilidades polos feitos tan graves que acabamos de describir. É que non poden pasar como se nada pasase.

E, por último, un calendario de actuacións para unha solución definitiva, coa reposición deste viaduto e coa apertura no prazo máis rápido posible da A-6, que comunica Galiza con León.

Polo tanto, pensamos que son propostas que se poden engadir perfectamente ás que presenta o Grupo Popular e que este grupo vai apoiar. Polo tanto, esperamos do Grupo Popular que acepte as emendas presentadas polo BNG.

Para rematar, quixera dicir simplemente que o BNG aquí fala, como deben falar tamén os outros grupos políticos —esperemos que así o fagan—, en defensa dos intereses do país, independentemente de quen goberne en cada sitio, en cada ocasión, en cada tempo, porque aquí xa dixen hai responsabilidades de distintos gobernos. E, polo tanto, exiximos respostas, exiximos solucións, exiximos tamén, desde logo, responsabilidades.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

Quenda agora do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Patricia Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Pois a verdade é que con este sinistro, co derrubamento do viaduto na A-6, vemos como hai dúas formas moi distintas de encarar esta situación: os que estamos a actuar con responsabilidade e os que non están a actuar con esa responsabilidade que din ter.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Diríxome tamén ao Bloque Nacionalista Galego, ao señor Bará, que hoxe aquí dicía que tiña moitas preguntas que facer. É verdade que temos todos moitísimas preguntas que facernos relativas ao que aconteceu neste viaduto. Pero o que o Bloque Nacionalista Galego leva facendo dende o pasado día 7 é, dende logo, dar respostas; está a facer o labor dos técnicos. E nós somos políticos, deixemos traballar os técnicos. É que mesmo hoxe o seu deputado, o señor Rego, estaba a dicir cales foran as causas do sinistro. Polo tanto, deixemos os técnicos que actúen. *(Aplausos.)*

Eu pido tamén, como pedía hoxe a ministra ao señor Rego, prudencia, teñamos prudencia con este tema.

O señor Balseiro, ao principio da súa intervención, dicía que non quería facer confrontación con este tema, pero iso foi ao principio da súa intervención, porque despois xa nos dirixía determinadas preguntas preguntándonos cara á bancada socialista se era seguro viaxar por este viaduto. Eu creo que dirixía mal a pregunta, porque a pregunta a quen tiña que dirixirlla era ao señor Aznar, que era presidente do Goberno de España cando se adxudicou esta obra *(Murmurios.)* e era presidente do Goberno de España cando foi inaugurada esta obra. Polo tanto, pregúntelle ao señor Aznar se é seguro viaxar por este viaduto.

Para nós, para os socialistas, hoxe sería moi sinxelo vir aquí, adoptar unha postura totalmente irresponsable, exixir explicacións ao Goberno de Aznar, exixir comparecencias. Pero esa non é a solución e iso non resolvería a situación que estamos a vivir tamén nunha parte da nosa provincia. Entendemos que o que hai que facer, dende logo, é investigar e analizar as causas, tamén a reconstrución dese viaduto e tamén unha medida que permita darlle unha solución a esa mobilidade.

Pero —repito— nós hoxe estamos aquí a falar como políticos, non como técnicos, e deixemos traballar ese equipo multidisciplinar de máis de sesenta técnicos, tanto do propio ministerio como de fóra do ministerio, así como das empresas especializadas no sector, para que nos digan e analicen realmente cales foron as causas deste sinistro, para poder adoptar as solucións pertinentes.

Como digo, nós actuamos con responsabilidade, como tamén actuamos con responsabilidade noutros sinistros que se produciron na nosa provincia, e fai relativamente pouco. Estou a falar de cando se derrubou esa estrada do Courel. Os socialistas non fomos alí facer unha foto, pedirlle coa máxima urxencia que se restablecera esa infraestrutura. E, por certo, hoxe pedimos moita urxencia, e nós tamén lle pedimos ao Goberno de España que en canto estean analizadas esas causas do sinistro que se proceda coa reconstrución do viaduto, sempre primando a seguridade por riba de todo. Fai vinte e un días dese sinistro, pero eu quero dicirlle que vostedes na estrada do Courel tardaron corenta e catro días en adxudicar o desvío provisional. Non estamos a falar da adxudicación da reparación da estrada principal, estamos a falar desa adxudicación do desvío provisional. E non fomos alí crear confrontación, crear medo, e actuamos tamén coa mesma responsabilidade que hoxe estamos a tratar.

Hai dúas evidencias: por un lado, ese 7 de xuño derrubouse ese viaduto da A-6, un viaduto de hai vinte anos, e, por outro lado, hai os técnicos, os que saben da materia, e no día de

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

hoxe non coñecen cales foron as causas. Polo tanto, deixémolos traballar, que fagan o seu labor. E despois, en función do resultado desas averiguacións e desas inspeccións, como dixo incluso hoxe a ministra, se é chegado o caso, depuraranse responsabilidades. Pero non é o momento porque neste momento estamos a falar de mirar o que aconteceu.

Ademais, dicía o señor Balseiro que non hai información, que non hai transparencia. Vostede coma min sabe que mañá hai convocada unha reunión na que se xuntarán o Ministerio, a Xunta de Galicia e tamén Castela e León para abordar as posibles solucións a este derrubamento do viaduto do Castro. O Goberno central presentará nesta reunión un plan de mobilidade para poñer en marcha as solucións posibles e informar sobre o plan de desvíos alternativos.

Somos coñecedores, como así tamén é o propio ministerio, de que por parte da Xunta de Galicia teñen un documento elaborado con tres posibles alternativas. Eu o que lles digo é que mañá aproveiten esa ocasión para entre as dúas administracións ou entre as tres, porque tamén está a Administración autonómica de Castela e León, pois buscar, dende logo, a mellor alternativa. O Goberno central propoñerá unha nese plan de mobilidade, pero se a Xunta de Galicia tamén ten esas alternativas, eu convido a Xunta de Galicia a que mañá aproveiten esa reunión para buscar a mellor alternativa para todos; dende logo, para os transportistas, pero tamén para os cidadáns que empregan esa vía de comunicación.

Polo tanto, agardamos que mañá entre as dúas administracións acaden a mellor solución posible a esa alternativa temporal mentres non se poida reconstruír este viaduto, porque eu creo que é o mellor para os galegos e para as galegas. E deixemos traballar esas administracións, as dúas administracións, e tamén os técnicos de cada unha das administracións, que serán os que mellor coñezan cales poden ser as mellores alternativas. Nós aí concordamos en que se a Xunta de Galicia tamén ten propostas deben ser analizadas tamén polo propio ministerio, e tamén a Xunta deberá de analizar a que propón o propio ministerio.

Polo tanto, nós, en primeiro lugar, investigar as causas, pois é necesario saber o que aconteceu, pero —repito— deixemos traballar os técnicos. E unha vez coñecidas estas causas, loxicamente, dende o PSdeG tamén demandamos esa reparación e reconstrución desta infraestrutura canto antes, pero, dende logo, —repito— con toda a seguridade, porque isto debe estar por riba de todo.

Dicía o señor Balseiro que non temos que lamentar danos humanos. É certo. Pero niso, ao mellor, tamén terán algo que ver os labores de inspección do propio ministerio, que detectaron esas deficiencias e pecharon o tráfico.

Tamén coincidimos en que é preciso activar as medidas temporais no que falabamos para buscar esas alternativas e axilizar o tránsito dos vehículos, con opcións loxicamente de que eviten o paso por Pedrafita, porque como dicía o señor Balseiro os vehículos longos pois case non poden ir por alí. Polo tanto, débense activar esas medidas temporais. Esperemos que mañá nesa xuntanza saia a mellor solución posible.

Estas medidas, dende logo, deben de minimizar o impacto sobre a economía e, paralelamente, débese de continuar, así como o está a facer o Goberno central, cos traballos

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para garantir a seguridade na zona. Polo tanto, garantir a seguridade na zona, favorecer a circulación e axilizar a reconstrución despois de coñecer as causas tamén son motivos que nós compartimos dende o PSdeG.

E tamén concordamos, pero xa o está a facer o Goberno central, en que é necesario que flúa esa información cara ás administracións afectadas e tamén cara aos sectores prexudicados. E dende o Goberno central tamén se tiveron reunións cos transportistas para poñer en marcha as mellores solucións posibles co fin de protexer a competitividade do tecido empresarial fronte aos prexuízos que lle está a causar este derrubamento producido entre Pedrafita e Vega de Valcarce.

Polo tanto, nós hoxe imos apoiar a iniciativa que trae a debate o Partido Popular. Onte mesmo na Deputación Provincial de Lugo os tres grupos provinciais con representación levaron mocións nese senso, eran moi similares algunhas entre si e saíron todas por unanimidade. Polo tanto, nós hoxe imos apoiar esta iniciativa, coincidimos cos puntos que presenta o Partido Popular, pero —repito— deixemos de buscar confrontación, deixemos de buscar fotos, deixemos que os técnicos fagan o seu traballo, que ditaminen cales foron as causas e os motivos que levaron a que este viaduto, construído hai só vinte anos, viñera abaixo.

No suposto de que se detecten irregularidades, e aí como lle digo ao Bloque Nacionalista Galego, se as ten detectadas, sabe onde ten que ir, e non é a este Parlamento, chámase Fiscalía, e terá que poñer en coñecemento esas irregularidades. Deixemos traballar os técnicos e se no suposto de que se detecten esas irregularidades, dende logo, depuraranse as responsabilidades.

Pero investigar as causas, darlle un plan de mobilidade alternativo tanto a transportistas como a usuarios desta vía é fundamental, e no momento en que se coñezan as causas haberá que reparar e reconstruír esta infraestrutura. Polo tanto, nós hoxe si imos votar a favor desta iniciativa.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Otero.

Para rematar a rolda de peche ten a palabra o autor da proposición non de lei, o señor Balseiro, por cinco minutos.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Eu dixen na miña intervención anterior que non queriamos polemizar con este tema, porque creo que, ademais, sería malo para os galegos que polemizaramos neste tema.

Señora Otero, sabe que a vostede lle teño un aprecio especial, e téñoa ademais a vostede por unha persoa rigorosa, pero a verdade é que non debe ter vostede moita defensa porque recordar aquí a Aznar. Ben, supoño que sería porque o Partido Socialista gobernou moitos máis anos en España dos que gobernou o Partido Popular, pero as grandes infraestruturas

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que se fixeron para que chegaran a Galicia tívoas que facer un goberno do Partido Popular, que vostede o recoñeceu aquí. *(Aplausos.)* Salvo que fora para iso, non hai outra forma. *(Murmurios.)*

Pero dito isto, señorías, miren vostedes: se estamos a falar dun viaduto que leva vinte e un anos feito, se pasan por ese viaduto diariamente dez mil coches, co cal levan pasado arredor de cento cincuenta millóns de vehículos por ese viaduto, e nunca caeu, algo estará mal. *(Risos.)* E nunca caeu... Non, non, non rían, algo estará mal. Non rían. Non, xa vexo que a vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Parece que vostedes non están moi preocupados co tema? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Pausa do señor Balseiro Orol.)*

¿Señora presidenta, podo continuar?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Si, $0"63c

O señor BALSEIRO OROL: Moi ben. Pero se a iso lle engadimos que o viaduto leva un ano pechado, que se levan gastados nese viaduto 26 millóns de euros, que practicamente darían para facer ese viaduto novo, que é de 582 metros, algo estará mal e algo se faría mal. E se a iso lle engadimos que levamos vinte e tres días desde que caeu, e no día de hoxe non se sabe nada, algo estará mal. Efectivamente, que traballen os técnicos, por suposto, que traballen os técnicos, pero que traballen xa, porque non estamos a falar dun viaduto calquera, nin estamos a falar dunha estrada calquera. Estamos a falar dunha das principais estradas de entrada a Galicia, sobre todo para unha parte da provincia da Coruña e sobre todo para a provincia de Lugo.

E, no día de hoxe, quen traballou con responsabilidade e con seriedade foi a Xunta de Galicia, que cando menos presentou tres alternativas, que no día de hoxe o Goberno central non contestou aínda ningunha das tres. Mañá non, tería que ser antonte se houbera responsabilidade. ¿Que mañá? Vostedes sempre están con mañá. Vostedes, mañá. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Adiantando sempre.

E, señor Bará, a vostede non lle entendín nada, porque vostedes mesturan todo. Fala vostede de financiamento ilegal, non sei que, de empresas, o mesmo relato dos eólicos, as empresas, as grandes empresas, os seus amigos, abrázanse a elas, para todo. Vostedes teñen o mesmo discurso para todo. Un pouco de responsabilidade, *(Aplausos.)* que estamos a falar de temas serios. E, cando menos, vostede non necesita que eu lle dea un consello, porque a vostede eu téñoo por unha persoa seria e téñoo ademais por unha persoa no tema, pero cando menos preparen un pouco máis o tema. ¿Sabe por que? Porque este é un tema que require preparalo, non é un tema que require soltar un discurso que teñen vostedes, que dá igual que falemos da autovía que falemos do mar ou que falemos da agricultura. *(Aplausos.)* ¡Igual! Cando menos preparen un pouco o tema. Porque vostede por saber non sabe nin os días, pois dixo vinte e un, non, sonlle vinte e tres desde que caeu.

E vostede dicía responsabilidade. Pero oia: vostedes apoian a estes señores, apoiaron na investidura a Pedro Sánchez, están gobernando en tres das catro deputacións, están

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gobernando en moitos concellos con eles. ¿Por que non lles exixen responsabilidade? ¿Vostedes quérennos meter a nosoutros no mesmo paquete que ao Partido Socialista? Non, señor. O Partido Socialista é quen goberna en España neste momento con Podemos e co apoio do Bloque Nacionalista Galego.

Eu ben sei que ao Bloque Nacionalista Galego, se imos un pouco atrás, non lle gustan as grandes infraestruturas. ¿Acórdase daquilo da «navallada a Galicia»? Porque vostedes pretenden ter unha Galicia illada e mal comunicada, porque así pensan que o nacionalismo pode ter máis oportunidade. Pero nosoutros queremos unha Galicia aberta ao mundo, aberta a España. E por iso un goberno do Partido Popular foi o que tivo que facer esa autovía, que chegara á nosa comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Pero dito isto, que está moi ben dicir isto e está moi ben recordárllelo, hai que dicir que traballemos con responsabilidade. Nós non imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego, non por nada, senón porque o que piden vostedes practicamente está recollido...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: ...—remato, señor presidente— no acordo que presenta o Grupo Popular.

Pero tamén lles digo que por responsabilidade agradecemos o voto favorable do Grupo Parlamentario Socialista. E pídolles encarecidamente que apoien esta iniciativa, por responsabilidade para os galegos, por responsabilidade para Galicia e por responsabilidade tamén para os lucenses.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Paloma Castro.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación do sistema de gardas de vinte e catro horas nos xulgados da Coruña e Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co incremento dos delitos de odio contra as persoas do colectivo LGTBI.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noelia Otero.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas políticas que afectan as persoas do colectivo de lesbianas, gais, transxénero, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Marisol Díaz.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista nin do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Sol Díaz Mouteira e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para a rectificación do disposto na Lei de residuos estatal e a ampliación do prazo, fixado pola directiva europea en decembro de 2023, que teñen os concellos de máis de cinco mil habitantes para implantar a recollida de biorresiduos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Tabarés.

Hai unha transacción que coñecen todos os grupos. *(O señor Santalices Vieira amósalles un documento aos membros da Cámara.)* ¿Coñecen todos os grupos esta transacción? ¿Léoa?

Sobre o texto orixinario hai que engadirlle: «Asemade, que se avance na creación de xulgados de violencia sobre a muller co idéntico carácter que os anteriores nos partidos xudiciais de Pontevedra e Ferrol».

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e catro deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da creación de xulgados de violencia sobre a muller nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago de Compostela e Lugo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Balseiro.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Carmen María Pomar Tojo e catorce deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España de medidas para solucionar o problema xerado polo colapso e o peche da circulación do viaduto do Castro, na autovía do Noroeste, e garantir a seguridade e a funcionalidade desa infraestrutura viaria.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

Suspendemos o pleno ata as dezaseis e quince.

Suspéndese a sesión ás dúas e un minuto da tarde e retómase ás catro e dezasete minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto quinto, interpelacións.

Interpelación de D. Daniel Pérez López e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a sinistralidade laboral

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidente.

Hai xustamente dous meses, o 28 de abril, celebramos o Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo; unha data sinalada coa que se busca dar visibilidade e poñer o foco na necesaria mellora das condicións de traballo e o dereito a poder traballar con seguridade; un día concreto para dar visibilidade a un dereito polo que é necesario loitar todos e cada un dos días do ano, ou polo menos así o entendemos dende o BNG.

A Lei de prevención de riscos laborais entrou en vigor no ano 1995. Houbo avances innegábeis que todos e todas celebramos, pero tampouco se pode nin se debe negar que existe un grave problema de sinistralidade laboral no noso país e tamén no resto do Estado español. Porque —como se dicía na parte expositiva da presente interpelación— a problemática da sinistralidade laboral na Galiza ten elementos comúns ao resto do Estado e outros que son diferenciais.

Ao igual que no resto do Estado, a prevención no noso país está maiormente externalizada, porque cando se fixo a transposición da directiva europea sobre esta cuestión orientouse en España cara á xestión precisamente externalizada, a pesar de que o espírito daquela era que a prevención se traballase dende as propias empresas e se externalizase só o que sería especializado. No Estado español, dende logo, non se fixo así, a transposición da directiva fíxose dun xeito dirixido a externalizar; isto é, permítese que se contrate toda a xestión preventiva. Polo que son as empresas as que se encargan e contratan a súa prevención a entidades privadas especializadas; o que, á súa vez, provoca que as empresas non son en moitos casos suxeitos activos e directos da seguridade dos seus traballadores.

Pero esta non é a única cuestión que compartimos co Estado español e que difire do que acontece no resto da Unión Europea. Porque o sistema preventivo español, á diferenza do que acontece no resto de Europa, caracterízase por unha promulgación lexislativa e

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

normativa lenta, farragosa e ineficiente, que as empresas implementan dun xeito laxo e meramente formal para cubrir moitas veces unha aparencia simplemente legal.

Tampouco existe unha cultura preventiva real, o que provoca que a prevención non se integre na xestión diaria dunha empresa; algo clave para incidir realmente na sinistralidade laboral. E quizais non existe esa cultura preventiva porque dende as empresas e dende as diferentes administracións e estamentos públicos se considera os servizos de prevención un trámite que hai que cumprir en moitos casos. Os custos en prevención séguense vendo como un custo gravoso e non como un investimento rendíbel.

Sufrimos, ademais, unha acción inspectora insuficiente como consecuencia fundamentalmente da falta de medios humanos e materiais, propiciado isto pola liña política seguida até o de agora polos gobernos de vez en Madrid, tanto do PP como do PSOE. Un sistema de control tamén de baixas por IT por continxencias profesionais adxudicado ás mutuas, que non deixan de empregar criterios empresariais, e así aforrarlles cartos a esas propias empresas e á Seguridade Social. Ao non recoñecer, agás en casos sanguentos e palmarios, unha parte importantísima dos accidentes de traballo e das enfermidades laborais que se producen, isto impide, á súa vez, cuantificar de xeito claro a sinistralidade e, polo tanto, condiciona a súa futura solución.

Todo isto provoca que, ao contrario do que pasa nos países desenvoltos na nosa contorna e no marco da Unión Europea, nos que a sinistralidade descende de xeito progresivo e permanente, no Estado español a sinistralidade experimenta cambios constantes en función, sobre todo, dos ciclos económicos. A maior activación económica, maior incremento do índice de incidencia de accidentes laborais, e a menor actividade económica ou recesión, maior diminución do índice de incidencia. Ao baixar o índice de incidencia, a prevención queda para o último en épocas de crise, e iso supón unha rémora nos anos de recuperación. Esa é a explicación do que acontece no Estado español. Pasou nos anos de recuperación económica posteriores á crise do 2008 e está volvendo pasar na actualidade.

Entre o ano 2010 e o 2019, a media da Unión Europea amosou unha tendencia decrecente dos accidentes de traballo mortais e non mortais. En España, nese período, estes indicadores non melloraron, senón que o índice de incidencia dos sinistros laborais mortais aumentou de xeito significativo. E tras dous anos de pandemia, con caída dos indicadores de sinistralidade no 2020, como é lóxico, e a subida no ano 2021, os datos do ano 2022 amosan e confirman un forte aumento da sinistralidade laboral, en particular, dos accidentes mortais. Repítese, por tanto, o patrón.

Polo tanto, os datos de sinistralidade laboral no Estado español aumentan significativamente en lugar de decrecer, e amosan nos últimos dez anos unha evolución e unha progresión absolutamente diverxente da do resto dos países avanzados da nosa contorna.

Se poñemos o foco nos datos de sinistralidade da Galiza nestes anos, a situación é aínda máis grave, pois observamos que levamos un período longo de tempo nos postos máis altos do ranking de accidentes laborais graves mortais de todo o Estado español, até o punto de que un traballador galego cando acode ao seu posto de traballo ten o dobre de posibilidades

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de sufrir un accidente laboral grave ou mortal que un traballador do resto do Estado español. E así o indican os índices de incidencia de accidentes laborais graves ou mortais, que duplican a media estatal neste tipo de accidentes.

Levamos anos nesta mesma situación, o que permite falar xa case dunha cronificación deste problema; un problema que, dende logo, non foi atallado polas políticas de prevención aplicadas polos diferentes gobernos do PP nos últimos anos. Iso é unha realidade.

Os datos estatísticos emitidos polo Ministerio de Traballo, referidos aos meses de xaneiro e febreiro deste ano 2022, sitúan outra vez Galiza entre as comunidades autónomas cun maior aumento do índice de incidencia total de accidentes laborais, e no primeiro posto cando se trata de accidentes acontecidos en xornada con resultado de morte. En termos absolutos, vinte e nove traballadores falecidos nestes dous meses, seguida de Andalucía con quince e Cataluña e Madrid con once. As persoas traballadoras falecidas na nosa terra por accidente laboral supoñen deste xeito un vinte e un por cento do total de mortes por accidente laboral de todo o Estado español neste período; unha porcentaxe que ten que coincidir comigo en que é altísima. Pero é que nos dous meses seguintes, en marzo e en abril, se incrementou o número de traballadores falecidos aquí na Galiza até trinta e tres; catro falecidos máis en tan só dous meses, ou sexa, un morto no traballo cada quince días.

Pero se en lugar dos índices de incidencia imos aos datos absolutos por ano, os datos son desoladores. No ano 2020, a pesar do confinamento por razón da pandemia, perderon a vida sesenta e unha persoas na Galiza, segundo estatísticas do Instituto Galego de Seguridade e Saúde, do Issga. No ano 2021, segundo datos do Ministerio de Traballo, foron cincuenta e tres os falecidos, case unha vítima por semana.

É importante recordar que o Goberno galego ten transferidas as competencias en políticas de prevención de risco e saúde laboral na Galiza dende que goberna o PP, pero que apenas exercen, á vista dos datos de sinistralidade que estamos a analizar. En todos os anos que leva o PP no goberno non foi quen de reverter esta triste realidade. O PP foi incapaz de implementar políticas públicas en materia de prevención de riscos laborais e seguridade no traballo, e os números cantan, cantan ademais dolorosamente en forma de accidentes mortais.

E ante un problema gravísimo no noso mercado laboral, como o demostran os números totais e os índices de incidencia, o Goberno galego, ¿como reacciona? Pois rebaixando nun 6,56 % a partida dedicada á mellora da organización e administración de relacións laborais e da prevención nos orzamentos para o ano 2022. Se ao pouco músculo preventivo do noso tecido empresarial, no que hai —como vostede ben sabe— unha maioría de microempresas e pequenas empresas, e á pouca cultura preventiva do noso tecido produtivo, no que se segue vendo a prevención máis como un gasto e non como un investimento, se a todo isto lle sumamos a pouca importancia política que se lle outorgou á prevención de riscos e á seguridade laboral nos anos de goberno do PP na Galiza, podemos entender cal é a situación actual.

O Goberno galego ten a competencia en materia de seguridade e prevención laboral, pero foron incapaces en trece anos de reverter os datos absolutos e o incremento do índice de

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

incidencia dos accidentes graves e mortais. E isto provoca que a sinistralidade laboral se estea a converter xa neste momento nunha característica estrutural do propio sistema produtivo galego, que se agrava pola falla histórica de recursos humanos e económicos destinados polo Goberno galego do PP ás políticas de seguridade e de prevención, e, sobre todo, pola nula vontade política deste goberno en reverter a situación. Isto é algo que pasa necesariamente por abordar unha reconfiguración do marco de relacións laborais e, sobre todo, do actual sistema de prevención de riscos laborais, tanto por intelixencia económica como por xustiza social.

Entendemos que para isto é imprescindíbel incrementar o número de competencias de inspección dos técnicos e técnicas habilitados dependentes do Issga; aumentar e optimizar a coordinación do Servizo Galego de Saúde e os dispositivos públicos de prevención para así mellorar a detección de enfermidades profesionais; sistematizar a información relativa á accidentabilidade e causas; identificar, prever e anticipar factores de risco social, e solicitar, dunha vez por todas, do Estado a transferencia dos recursos e competencias en materia de inspección de traballo.

O actual modelo e regulación non serven para frear o aumento dos accidentes graves e mortais no traballo. Cos actuais números, se non se adoptan medidas urxentes e de calado, abocamos as persoas traballadoras galegas a uns niveis de desprotección social e laboral inaceptábeis, polo menos para o BNG.

Para o BNG a prevención de riscos laborais e a seguridade e a saúde no traballo constitúen elementos esenciais e irrenunciábeis para a clase traballadora, no marco dunha sociedade xusta e democrática. Para o Goberno galego, para a súa consellería, atallar esta sangría constante tamén debería selo. De aí a nosa interpelación e as preguntas que formulamos nela.

Nada máis de momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Ben, señor Pérez, eu vou deixar á marxe toda a primeira parte relativa ao contexto normativo europeo e español, que seguramente estamos de acordo —e máis do que vostede pensa—, pero creo que non me corresponde a min falar do que non teño competencias.

En canto a Galicia, eu creo que si existe unha política decidida por parte do Goberno galego a favor da seguridade e saúde no traballo, e si creo que existe unha verdadeira preocupación por parte non deste senón de todos os gobernos anteriores do Partido Popular en relación

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

coa situación da sinistralidade na comunidade autónoma e en relación, polo tanto, co benestar laboral das persoas traballadoras galegas.

E digo que si existe unha política efectiva no eido da seguridade e saúde do traballo porque existe toda unha serie de instrumentos galegos instaurados polo Goberno galego para tal fin. Non soamente temos normativa europea e normativa estatal, senón que existe unha normativa tamén de carácter autonómico nesta materia.

Temos unha Estratexia galega de seguridade e saúde laboral. Galicia está representada, e é a única comunidade autónoma xunto con Cantabria, no eido do diálogo co Goberno central para a Estratexia nacional de seguridade e saúde laboral, que se está —como sabe— agora mesmo elaborando.

E, sobre todo, temos un Instituto de Seguridade e Saúde Laboral, que penso que é de recoñecido prestixio a nivel nacional e tamén a nivel internacional. E ten unha calidade técnica penso que moi elevada; ten cento vinte e tres efectivos absolutamente preparados e con moitísima experiencia, e conta cun plan anual, onde este ano se están dedicando máis de 6,6 millóns de euros a actuacións de todo tipo no eido da seguridade e a saúde laboral. Este plan trabállase con todos os axentes sociais en Galicia e contempla actuacións —como lle digo— de todo tipo, dende o propio asesoramento técnico que facemos en Inspección de Traballo e as propias empresas, o seguimento e o control que se fai ás empresas, e fundamentalmente ás empresas máis pequenas, ás microempresas, aos autónomos, e toda unha serie de actuacións de formación, de información e de sensibilización.

E dígolle que, ademais, compartimos esa preocupación pola sinistralidade laboral porque continuamos insistindo na liña do que vostede mencionaba, en que hai que examinar e analizar moi ben as tendencias en canto á sinistralidade laboral. Neste sentido, creamos a finais do ano 2020, en decembro do ano 2020, un grupo de traballo, e deste grupo de traballo forma parte a Dirección Xeral de Relacións Laborais, o Consello Reitor do Issga e as organizacións empresariais e sindicais, precisamente para analizar esas últimas tendencias en materia de sinistralidade e facer propostas de medidas para a súa redución. Fixéronse dende decembro do ano 2020 oito reunións e consensuaron xa cinco campañas específicas, tres delas xa están presentadas e dúas están en fase de elaboración. E estas campañas basicamente están destinadas a promocionar a prevención de riscos laborais nos propios centros de traballo.

Todas estas medidas están complementadas coas actuacións que fai a Inspección de Traballo e Seguridade Social na comunidade autónoma, que lle podo informar de que non son poucas.

Respecto do cumprimento da normativa en materia de seguridade e saúde no traballo, os inspectores e as inspectoras de Traballo en Galicia realizaron no ano 2021 unhas 23.320 actuacións inspectoras e no que vai do ano 2022 xa levan 12.582 actuacións inspectoras.

Polo tanto, eu penso que esta política en materia preventiva si ten resultados no eido da seguridade, saúde e benestar dos nosos traballadores. Ben que é certo que concordo con vostede en que estes datos non son bos, porque ningún dato que non sexa cero vai ser bo en sinistralidade laboral.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As cifras, evidentemente, teñen un valor estatístico. Toda esa evolución de datos que vostede deu é certa. Pero tamén é certo que vostedes está dando uns datos, e hai outros que son máis favorables que os que vostede está dicindo aquí e que non menciona. Por exemplo, os accidentes laborais mortais no ano 2021 descenderon un 12,72 % respecto do ano 2020. Logo, a análise dos datos do ano 2022 creo que merece lamentablemente unha análise á parte, porque das trinta e tres vítimas que temos, vinte e unha son os mariñeiros que se deben a ese único accidente marítimo. Co cal simplemente digo que merecen unha análise diferente.

Pero nesa evolución dos datos, que teñen —como digo— un valor estatístico, tamén é certo que a nós e, dende logo, ao instituto e á consellería nos valen para coñecer e para revelar cales son os sectores e as actividades que deben ser obxecto de actuación prioritaria en todas esas actuacións que lles estou relatando. Polo tanto, existe un traballo técnico rigoroso, un traballo vixiante desas tendencias e dos indicadores que nos dan as estatísticas dos anos anteriores.

E por exemplificar esta cuestión cos datos do ano 2021, polo número de accidentes laborais e pola súa incendia nos sinistros mortais, o Issga ten analizado, entre outras cuestións, a intervención decidida que hai que facer na actividade forestal atendendo a operacións concretas ou riscos que teñen maior dificultade ou maior frecuencia de accidentes; por exemplo, roza e corta de árbores. Actuacións no sector da construción, onde estamos observando o risco de caída en traballos de altura, onde hai que profundar. No sector de servizos estamos vendo que hai que ampliar as actividades de seguridade ordinarias, a ergonomía, a psicosocioloxía aplicada ou a medicina do traballo, por poñer exemplos.

Logo, en canto aos técnicos habilitados dependentes do Issga, agora mesmo hai doce prazas de técnicos habilitados nas especialidades de Medicina do Traballo e de Seguridade do Traballo e de Hixiene Industrial. E realizan esas actuacións comprobatorias que vostedes coñecen nas empresas, e que son as que marcan os plans anuais do Issga e tamén da Comisión tripartita coa Inspección de Traballo. As súas competencias son as que son, as que veñen determinadas pola normativa estatal. Pero isto quere dicir dúas cousas:

A primeira, eu destacaría que, aínda que son doce, levan a cabo un traballo inxente e penso que completo. No ano 2021 realizaron 548 actuacións que afectaron 351 empresas. Desas, 439 estaban no sector da construción, a pesca, o agro, forestal, tinturerías, fabricación de produtos de panadería, industria, amianto e talleres de reparación. E as 109 restantes eran actuacións relativas á covid. No ano 2022 prevemos realizar outro tanto e engadir, ademais, aos sectores anteriores a xardinería.

E o traballo que estes técnicos realizan non é un traballo illado. É dicir, hai que entendelo como un traballo complementario cos outros cento vinte e tres técnicos que lle dicía; é complementario coa Inspección de Traballo. Polo tanto, non é que o traballo que realizan sexa menor, pero tampouco é menor o do resto dos técnicos, e penso que se complementa adecuadamente entre todos os axentes que están implicados na seguridade e saúde laboral na comunidade autónoma.

E sobre a coordinación, fundamentalmente a coordinación co Servizo Galego de Saúde que vostede dicía, eu estou completamente de acordo en que hai que continuar avanzando nese

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

reforzo, na colaboración e, ademais, porque as tendencias o están marcando precisamente na análise deses datos. Estamos vendo, por exemplo, un incremento de accidentes de traballo mortais que están moi vinculados a causas como infartos, derrames, patoloxías non traumáticas. Polo tanto, estes casos manifestan claramente que é necesaria unha maior coordinación entre a saúde pública e a saúde laboral.

Si quero dicir —e estou de acordo en que hai que continuar reforzando— que esta coordinación se está levando a cabo, e temos mostras xa e resultados da coordinación que estamos levando a cabo entre o Issga e o Sergas. Por exemplo, por dicir algúns casos, no ano 2021 fixeron, en investigación ou sospeita de enfermidades profesionais de xeito coordinado, duascentas dezaoito actuacións.

Logo estamos traballando moitísimo na detección de terceiros obrigados ao pago pola asistencia sanitaria prestada polo Sergas como consecuencia de accidentes de traballo. Entre os anos 2021 e 2022 facturamos principalmente ás mutuas 7,3 millóns de euros, o cal non é menor, porque eses son cartos que van ao Sergas para a sanidade de todos os galegos, porque recuperamos ao non estar adecuadamente cualificados, grazas ao labor que fai o Issga.

E logo estamos traballando en campañas e iniciativas vinculadas ao concepto integral de saúde, o que mencionaba antes, no contexto, nunha saúde laboral e de contornos laborais e saudables. Neste ano, en concreto, fixéronse catro campañas dirixidas fundamentalmente a pemes e a traballo autónomo.

Co cal penso que realmente si estamos facendo, coas competencias que ten a Comunidade Autónoma, un traballo coordinado e —como lle digo— un traballo fundamentalmente moi relevante por parte dos técnicos e das técnicas que traballan para o Issga e cunha estratexia clara de prevención en seguridade e saúde laboral.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidente.

Señora Lorenzana, primeiro, agradecer o ton, que creo que o temos en común, é dicir, a maneira de explicar as cousas e de discutilas, aínda que eu non podo estar de acordo con vostede. E voulle dicir por que.

Si que coincido en que os profesionais do Issga fan un bo traballo. Pero é que precisamente nós o que dicimos é que se reforce o persoal do Issga para facer un traballo mellor. ¿Por que? Porque dende logo as políticas de prevención de aquí non son efectivas. É dicir, no ano 2018 morreron sesenta e unha persoas traballadoras durante a xornada laboral, cunha variación interanual do índice de incidencia do 27,9 %; subiu un 27,9 % respecto do ano anterior. No ano 2019 morreron sesenta e cinco persoas traballadoras; aumentou o índice de incidencia

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en variación interanual, e en variación interanual os accidentes mortais aumentaron un 1,82 %. No ano 2020 morreron sesenta e unha persoas traballadoras, a pesar das restricións impostas pola pandemia., e o índice de incidencia e variación interanual baixou ese ano, é verdade, marcado precisamente polo confinamento, pero subiron igualmente as mortes. No ano 2021, efectivamente, cincuenta e tres persoas traballadoras falecidas. Pero no que vai do 2022 —e permítame, pero é que teño que dicilo— eu non podo excluír dese cómputo os mariñeiros do *Villa de Pitanxo*; nin creo que vostede tivera mala intención ao dicilo, pero eu non podo excluír eses traballadores dun cómputo de falecidos durante o traballo, porque entran tamén na parte das estatísticas.

Non me diga que as políticas de prevención da Xunta nestes trece anos funcionaron. Eu non digo que vostede non iniciara determinadas actuacións, como o que falaba en decembro do ano 2020 cos axentes sociais, pero é que durante trece anos non funcionaron. Recoñézano dunha vez, sen matices. ¿Por que? Porque as enfermidades e os accidentes nos lugares de traballo non son froito nin do destino, nin da casualidade, nin da mala sorte, senón que son o resultado de causas específicas.

Sen dúbida ningunha, as empresas teñen a obriga de prestar máis atención aos riscos para a saúde que afectan a seguridade e o benestar dos traballadores e as traballadoras. Isto non o digo eu, nin o BNG; isto dio Joachim Breuer, presidente da Asociación Internacional da Seguridade Social. Dos estudos deste organismo pódese concluír que os investimentos realizados polas empresas en materia de prevención de riscos laborais dos seus traballadores e traballadoras son altamente rendíbeis dende o punto de vista económico e directamente cuantificábel. Se hai un accidente, sempre ten unha causa. A prevención exixe coñecer esa causa e adoptar as medidas para que no volva acontecer.

¿Quen ten a competencia en materia de seguridade e prevención laboral no noso país? O Goberno galego. Polo que atendendo ás competencias do Goberno galego hai varias preguntas que me viñeron á cabeza unha e outra vez cando preparaba este tema:

¿Que traballo de concienciación e explicación didáctica fixo o Goberno galego do PP nestes trece anos para que as pequenas e medianas empresas, que constitúen o tecido empresarial galego, entendan a prevención como un investimento e non como un custo?

¿Que fixeron vostedes para fomentar unha cultura preventiva no noso tecido empresarial? As estatísticas están aí e din basicamente que nestes trece anos pouco se fixo ou, polo menos, pouco se acadou co que se fixo. Son números inasumíbeis para calquera goberno realmente comprometido coa protección social e laboral.

E respecto da interpretación dos datos, que imaxinaba que mo ía dicir, hai un artigo publicado polo Centro de Análise de Funcas con motivo do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo, e indicábase —leo textualmente—: «a exposición e interpretación dos datos sobre sinistralidade laboral adoecen a miúdo dun nesgo de selección, de maneira que os datos se escollen, presentan e explican empregándoos máis ben como elementos confirmatorios de ideas previas, "pre-xuízos", que como probas de evidencia fundamentais

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para describir e analizar unha realidade complexa, que evoluciona por moitos factores e precisa ser atendida antes que reprobala ou celebrala».

Precisamente por iso nesta réplica empecei dicindo os datos absolutos, porque eses son totalmente incontestábeis. De todos modos, tamén fixen unha análise deste problema con números absolutos, é dicir, persoas falecidas no desempeño do seu traballo, que é cru, pero eu creo que é algo necesario. Tamén o fixen dende o punto de vista máis técnico, máis frío, pero tamén necesario, acudindo —e repetino moitas veces— aos índices de incidencia, que son as persoas que sufriron accidentes por cada 100.000 traballadores. Fixen unha análise macro, pero tamén hai que facer unha análise micro.

Son vostedes os que teñen competencia en materia de prevención e saúde laboral. Son vostedes os que teñen que exixir que os procedementos de traballo estean redactados. Son vostedes os que deben conseguir que a prevención se integre na xestión diaria dunha empresa. Son vostedes os que deben amosar ás empresas que a prevención non é un custo, senón un investimento altamente rendíbel en termos económicos e perfectamente cuantificábeis. Tal e como indica a Asociación Internacional da Seguridade Social, é dicir, o organismo europeo de referencia en materia de prevención. Non o estamos inventando nós.

Un mundo sen sinistralidade laboral e sen as enfermidades profesionais estou seguro de que é posíbel; precísase sobre todo vontade política e orzamento. Demostren que están comprometidos con esta loita. Por Unai, polos falecidos no *Villa de Pitanxo* e por tantas outras persoas traballadoras que ano tras ano falecen nos postos de traballo están obrigados a facelo vostedes. Traballar nunca debe supoñer un risco para a vida, nunca. Actúen para reverter esta situación. Non o acadaron en trece anos, pero hai marxe de manobra. Empreguen todas as ferramentas ao seu alcance.

O BNG na moción que traeremos ao próximo pleno propoñeremos actuacións que muden a situación, porque o feito até agora non vale, non chega. Esa é a triste realidade. Actúen, que para iso gobernan, polo menos polo de agora, claro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

Peche da interpelación, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Eu creo que recoñecín xa na anterior intervención que os resultados non estamos obtendo, evidentemente, os esperados, porque os esperados para empezar teñen que ser cero. Entón, non vou entrar na análise dos datos porque penso que é evidente o que quixen dicir.

Eu o que non vou acordar con vostedes é que non existan medidas e non existan políticas que avanzan cara á seguridade e saúde das persoas por parte deste goberno e dos gobernos do Partido Popular en Galicia. Sinxelamente, porque, ademais, creo que non é certo.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede vincula moi directamente a mellora da seguridade e saúde no traballo ao número de efectivos, a que implementemos melloras no número de efectivos. Eu non digo que, evidentemente, o aumento do número de efectivos non poida mellorar a situación, pero estou totalmente de acordo con algo do que leu vostede: que todo accidente trae unha causa, e hai moitas outras cuestións que parten dende o punto de vista da estratexia, do xeito da tecnicidade con que se examina a sinistralidade laboral. E iso en Galicia estase facendo, e penso que se está facendo ben. Iso non quere dicir que non teñamos que mellorar; é evidente.

Temos unha estratexia clara e traballamos esa estratexia analizando —como lle dicía antes— non soamente esa estratexia que se está elaborando agora. Esta parte da base dos riscos nos oficios tradicionais en Galicia, dos riscos actuais e tamén dos riscos que se están vendo vir no futuro, para incorporar nela a idiosincrasia —digamos— da situación laboral na nosa comunidade autónoma. Como lle dicía, estamos tendo en conta xa anticipadamente nese grupo de traballo analizar esas novas tendencias para incorporalas a esa estratexia.

Estamos integrando a perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais; o cal tampouco é unha cuestión menor, e é importante avanzar porque en moitas ocasións estamos vendo que parte da problemática vén derivada precisamente tamén de non incorporar o factor da igualdade na prevención de riscos.

E estamos realizando actuacións específicas cos sectores. Mencionáballe antes o forestal ou o da construción, pero hai moitos outros, igual que traballamos moi especialmente cos autónomos e coas empresas máis pequenas, porque son precisamente tamén as que máis necesitan de instaurar nelas a cultura preventiva.

E si, estamos traballando moito tamén dende a Dirección Xeral de Relacións Laborais en formar e en sensibilizar os responsables de recursos humanos en todo o que eu denomino «benestar laboral das empresas», que abrangue, penso que dende a propia responsabilidade social e empresarial aos conceptos vinculados á conciliación, á corresponsabilidade, á igualdade laboral e á seguridade e saúde laboral, que é o primeiro dos puntos para que exista ese benestar laboral.

Estase traballando e formando —como saben, noutro eido, pero, por exemplo, en igualdade por primeira vez— responsables de recursos humanos nas empresas. Estamos investindo diñeiro para que poñan técnicos de prevención de risco propiamente —que mencionaba vostede ao principio— nas empresas que coñezan realmente o traballo que se desempeña, porque eu creo que, realmente, para avanzar, non soamente podemos traballar —eu penso— en calquera dos ámbitos do mercado laboral dende o organismo técnico, politicamente dende a Consellería, senón que temos que ter moito contacto coa empresa, e iso estase facendo.

Implementamos coa Inspección de Traballo un novo xeito de coordinación dende este ano 2022. Como saben, a Inspección de Traballo en Galicia —e falaba vostede mesmo da transferencia de recursos e servizos— a min o que me interesa é que sexa eficaz e funcione. E o feito é que, por exemplo, noutras comunidades autónomas onde xa se produciu a transferencia, por exemplo, País Vasco ou Cataluña, non estiveron exentos de problemas organizativos internos serios, que sempre acaban repercutindo no servizo.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu o que si creo é que temos que ter unha coordinación absoluta e constante entre a autoridade laboral e a Inspección de Traballo. É evidente que formamos parte do consello reitor do organismo e é evidente que esa reunión anual xa a había tamén co Sepe, coa Tesourería e coa Inspección, pero agora mesmo, como lle dicía, implementamos reunións trimestrais por provincias coa Xefatura Provincial da Inspección e coas xefaturas territoriais para coñecer de primeira man en cada provincia a situación de sinistralidade laboral e a problemática de sinistralidade laboral, porque entendemos que esa coordinación, ao igual que, por suposto, co Servizo Galego de Saúde, é fundamental.

Polo tanto, eu discrepo de vostede, e é incuestionable que os poderes públicos implicados na seguridade e saúde e o Goberno do Partido Popular en Galicia estamos concienciados e traballando para garantir cada vez unha menor sinistralidade laboral, pero tamén lle digo que estou convencida de que nesta tarefa, sen dúbida, se nos implicados todas e todos, imos conseguir mellores resultados e imos conseguir un mercado laboral máis prospero e máis seguro.

Polo tanto, quedo á espera desa moción que van presentar, porque todo o traballo é pouco. Por suposto que a miraremos e que intentaremos acordar con vostedes na medida do posible.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego sobre o uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Señor conselleiro.

No tempo en que o tempo andaba máis a modo, daba tempo a mastigar o tempo e a remoer as novidades. Os procesos de concentración parcelaria foron a apertura á modernidade dun rural ancorado no pasado, no autoconsumo, que viña de pasar por un período de compra da propiedade de parte dun bo número de caseiros. Falamos das décadas dos setenta ou dos sesenta. Aquelas parroquias que conseguían superar o escurantismo de tantos anos de fascismo, foros e amos e se atrevían a mirar o futuro abrían unha porta á esperanza. A parcelaria supoñía comunicacións viarias, fincas accesibles e con dimensións aceptables, accesos e utilización de maquinaria, conversión de parcelas de monte en pastizais, base para o *boom* lácteo que se agardaba.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non debemos esquecer nin os axentes de extensión agraria nin a investigación agraria pública ao servizo da modernización do rural, cómplices imprescindibles na necesidade compartida de saír da fame e do illamento. Claro que no seu momento os gobernos e os intereses alleos ao campesiñado non souberon ver a necesidade de estender o modelo, de xeneralizalo, de poñer toda a carne no asador. Cartos e vontades para facer de Galicia un país moderno e puxante, cun desenvolvemento agrario dinámico para o que contaba con todos os ases: territorio, climas, as xentes. E o proceso, que era moderno en si, quedouse, enferruxouse, fíxose lento e tedioso e deixou de cumprir, pasando a ser un accidente que mataba as ilusións en prazos medios de quince-vinte anos; quince-vinte anos de espera. Moita xente causou de agardar e foise, buscou outra opción na cidade ou na emigración, no estranxeiro.

Logo veu [*o asalto ao poder de 2009*]. *(Expresión retirada polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.)* Pasados os primeiros seis anos de facer para non facer, nace a Lei 4/2015, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, Metaga, unha mestura de acto de contrición e propaganda con contidos rimbombantes coma este. A idea é clara: buscar unha forma de mellorar as explotacións económica e tecnicamente para un desenvolvemento máis racional da agricultura —2015—. Tamén dicía: «Entre outras finalidades, destaca a pretensión de conseguir un máximo aproveitamento agrario da zona e non soamente un menor número de parcelas, pasando así a segundo termo o índice de redución e primando a viabilidade das explotacións». Para este fin a Metaga acentúa a importancia do chamado Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria ou Plan de cultivos.

E velaí que a teimosa realidade nos amosa que estas medidas, este Plan de reordenación de fincas de especial vocación agraria ou Plan de cultivos, que deberan ser guía e veo sobre o que xirase todo o proceso de reestruturación, é na realidade unha opción menor que só algúns técnicos —poucos— teñen en conta; os máis non lle ven utilidade, e ademais non lles resulta cómodo. *(Murmurios.)*

E así, unha vez máis, unha outra lei que podería ser fundamental para o rural deste noso país queda en papel mollado, a medio desenvolver e sen que teña modificado case nada. Conclusión: non hai vontade política.

E agora, xa rematado xuño do 2022, inmersos nunha situación de dependencia alimentaria e tecnolóxica, de altos prezos e de escaseza e carencia de insumos, sufrindo as consecuencias daquela chamada ao suicidio da PAC do 1992 que nos deixou sen a máis mínima soberanía alimentaria, cunha superficie en cultivo irrisoria, sometidos á brutalidade do mercado e extorsionados polas multinacionais, *lobbys* e demais mafias, aquí estamos, petando á porta, señor conselleiro, á porta do sentido común, mentres que por detrás desa porta só hai eucalipto, forestación, eólicos e viscosa. En suma, un rural en venda ao mellor postor; un rural suxeito a fins que pouco ou nada teñen a ver coas prédicas que emanan da súa consellería, do seu partido, con ese falar barato —descúlpeme— con que os charlatáns de feita tratan de embaucar os cidadáns.

O gran motor da recuperación da covid seica son os fondos Next Generation, mais ao rural de Galicia non lle toca nada; ao noso rural non lle toca nada. Coa que está caendo, coa carestía

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

alimentaria que se prevé para despois do verán, coas necesidades de abastecemento futuras, e aparecen os Next Generation para un rural moderno en base a viscosa e eucalipto. Nada lles preocupa que soamente o 4 % da nosa superficie estea destinada ao cultivo de alimentos para humanos, a media do Estado é o 26 %; do 4 % ao 26 %.

Pola contra, a superficie galega adicada a forestal ronda o 61 %; un terzo, eucalipto. ¡Vaia! 600.000 hectáreas sobradas. ¡Vaia que, polo que parece, o moderno é sumir carbono aquí con eucalipto, queimar combustibles fósiles e deforestar a amazonía para poder alimentar o noso gando e a nosa poboación humana! Preto de catro mil millóns de euros anuais en importar alimentos: repolos de Bretaña, pataca francesa, millo da Ucraína, da USA. E ata os primeiros pementos de Padrón, conselleiro, cando aquí aínda están sen plantar, xa os hai procedentes de Marrocos. ¿Que quere que lle diga? Pois que terras noutrora agrícolas e pecuarias aptas para o cultivo forraxeiro e alimentar —e hoxe plantadas con eucaliptos— están entorpecendo o posible mosaico mecanizado de utilización conxunta que faga rendible a obtención de cereais para o consumo humano ou forraxeiro, e están plantadas, señor conselleiro ilegalmente, ¡ilegalmente! E vostedes non queren velo nin aplicar a lei, facer que se cumpra, a primeira obriga dun goberno decente. Porque só o 1 % da nosa superficie está adicada ao cultivo de cereal para o consumo humano, ¡pan escaso para mes e medio!

Pois estas terras das que falamos —que, vulnerando a lei ao abeiro da desidia e o consentimento do Partido Popular nas institucións— fannos falta como país, como poboación, como pobo para producir elementos esenciais para a nosa alimentación: froita de todo tipo, maceiras, pereiras, ameixeiras, noces, avelás, pexegos, kiwis, cereixas, castañas, laranxas, limóns, xunto coa enorme variedade de hortalizas e leguminosas, allos, cebolas, patacas..., todo iso que a boa mesa dos galegos e das galegas agradece que sexa producido aquí. E tamén as forraxes e cereais en gran, que son imprescindibles para a alimentación da nosa cabana. *(Murmurios.)* —Debe ser moi interesante.— *(Pausa.)* E todo derivado e transformado destes produtos, que aportan nos países que teñen sentido común ese valor engadido que temos e que sempre botamos a faltar en todo o primario que aínda producimos.

Señor conselleiro, desde o BNG estamos a falarlle de facer a prevención necesaria para non seguir vendidos, dependendo do transporte e do que outros nos vendan, coas nosas terras ermas ou infrautilizadas a eucalipto. Nunca é tarde, conselleiro. Para comezar o labor de recuperar a base territorial e a terra de cultivo precísase valentía e consenso. A valentía non lla podemos emprestar; o consenso, si, cando queira. Identificadas 2.094 masas de concentración nas que o abandono supera o 50 %; delas 707 marcadas como zonas preferentes para polígonos agroforestais chegan a abarcar máis de 24.000 hectáreas. Hai cultivos, señor conselleiro —vostede sábeo—, cun rendemento moi superior ao eucalipto, só fai falla poñer medidas de expansión neste sentido e forxar un rural vivo, sostible e equilibrado. Sempre foi, pero agora, máis ca nunca, é unha cuestión estratéxica. Poñan medios, fagan prevención. A nosa produción de leite e carne de todo tipo precisa de cereal, e de fóra pode vir malo e moi caro.

Señor conselleiro, desde o BNG somos conscientes da necesidade dun plan de emerxencia na recuperación de cultivos, de primar producións, de facelas rendibles, de animar os

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

labregos e labregas a recuperar país, mais para iso cómpre restaurar a legalidade. A brutal suba de prezos dos cereais e as dificultades na subministración, debido á dependencia externa do noso país, Galicia, aconsellarían unha aposta en cultivo inmediato da terra agraria cun mínimo de vocación cerealista. A realidade amósanos que unha boa parte dos procesos de concentración parcelaria finalizados ultimamente están sendo plantados a eucalipto, ignorando estas necesidades, e o Goberno sábeo, vostede sábeo, sabe que se están vulnerando dobremente a lei. Por un lado, vulnérase a moratoria; por outro, a Metaga; e as outras terras, as terras de labor que xa están plantadas, hai que recuperalas, pasan das 50.000 hectáreas. Con Carlos del Álamo e Ence o PP apostou pola expansión do *globulus*; subvencionaron, convenceron, mentiron. Fagan agora outro tanto, pero á inversa, o país hállelo agradecer.

Créanos, señor conselleiro, a soberanía alimentaria está de moda, e máis vai estar cando os alimentos se encarezan máis e máis e a súa calidade estea baixo sospeita. A crise na que estamos e o agravamento que se aveciña xustifican sobradamente plans de urxencia a favor do sentido común. É unha oportunidade de ouro. ¡Aproveitémola!

Moitas grazas, de verdade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro de Medio Rural, don José González Vázquez.

(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Silencio, por favor, señor Rivas! Non houbo... Eu non percibín... Outra cousa é que os deputados queiran atender ou non. Eu niso non podo entrar. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero eu o que non percibín é que, dalgunha maneira, entorpecera a súa oratoria. *(O señor RIVAS CRUZ: Si, si...)* D9 4enso que non, e sabe que son bastante quisquilloso niso. Outra cousa é a atención; esa é outra historia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Despois, tamén eu quería falar con vostede doutro asunto, pero imos deixar que acabe a interpelación. Co señor Rivas.

Entón, agora imos á resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Presidente, señorías.

Eu quero comezar esta intervención dicindo que nunca na miña vida —e, dende logo, xa teño unha longa traxectoria profesional— ninguén me chamara «charlatán de feira». Pero, bueno, polo menos, vouno tomar no sentido da afabilidade que sempre temos nesta comparecencias.

A min gustaríame dicirlles, señorías, que vimos outra vez ao Parlamento de Galicia motivados pola estratexia política marca BNG, e esa estratexia é dicir non a todo o que veña

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Xunta de Galicia, incluso cando se están sacando adiante iniciativas propostas noutros momentos polos nacionalistas galegos —agora argumentareino—. A marca BNG é preferir ser unha oposición estéril que traballar en equipo a prol de Galicia. A tónica, señorías, xa empeza a ser demasiado habitual: hai que opoñerse a todo o que propoñamos dende aquí, dende o Goberno de Galicia, aínda que sexa bo para o país; ou, para máis inri, aínda que fose defendido anteriormente polo BNG. Isto foi o que pasou coa moratoria do eucalipto, explicitada no Plan forestal de Galicia, no que se intentou —señor Rivas, falaba vostede de consenso— consensuar. Foi consensuado, por suposto, co sector no Consello Forestal e, sen embargo, non houbo posibilidade de facelo co Bloque Nacionalista Galego.

Pero este discurso xa se escoitou moitas veces neste Parlamento —eu levo dende o 2016, pero xa se escoitou moitas veces, milleiros de veces—, nas redes, na rúa... Recordará o señor Vega, como presidente da Comisión 7ª, cantas veces viñeron mocións con este tema da moratoria do eucalipto. Mesmo o 1 de decembro do 2020 veu unha proposición non de lei —número 6000— cuxo punto primeiro insta a Xunta a establecer unha moratoria nas plantacións do eucalipto *nitens*. Escasos meses despois levamos esa moratoria na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia —que, por certo, me está falando de recuperación— e votan en contra da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Por certo, están pedindo agora o traspaso de competencias nesa lei, atribuímos á comunidade autónoma galega a facultade de investigación no solo rústico, e o Bloque Nacionalista Galego votou en contra dese traspaso de competencias; importantísimo, señorías, para poder mobilizar terra no noso territorio. Pero, bueno, tendo en conta que o Bloque é o partido das 100.000 hectáreas *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —antes eran ao ano, agora son cada dez anos; eu penso que se equivocaron de ceros no Bipartito cando falaban de 100.000 hectáreas ao ano—, agora din que se teñen que mobilizar 100.000 hectáreas en dez anos.

Eu penso —logo de escoitar o seu discurso e máis aló das palabras— que hai puntos nos que podemos intentar estar de acordo, e eu confío nese escenario, ou polo menos seguireino intentando, señor Rivas.

Pero voume centrar —se me permite— na súa pregunta, na cal se cuestionan se o Goberno galego é consciente das plantacións ilegais en parcelarias. Mire, eu quérolles lembrar, dando contexto á pregunta que fan hoxe aquí, primeiro, que as concentracións parcelarias —logo lle darei números—, moitas delas, son moi anteriores á Metaga —e sábeo vostede perfectamente— e que as concentracións parcelarias en Galicia se fixeron con carácter agrícola, pero tamén forestal. Concentrábase —e concéntrase— monte, e pódese seguir concentrando. É un feito que hai que evidenciar —porque a agraria, a terra de Galicia, serve para os tres usos: agrícola, gandeiro e forestal—, e haino que evidenciar xustamente para que non se produzan as mesmas exaxeracións nas que incorre sempre o Bloque. Señor Rivas, gustaríame que acreditara tecnicamente as 600.000 hectáreas sobradas de eucalipto que di, porque xa o dixo nesta Cámara. É falso. Se é capaz de acreditalo tecnicamente, diga cales son os datos técnicos que acreditan iso.

E, por suposto, señor Rivas, como lle digo, se hai concentracións forestais, pode haber eucalipto plantado naquelas con solo apto para facer plantacións de carácter forestal e nas que previamente xa había plantado eucalipto, tal e como recolle a moratoria que aprobou o

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Partido Popular —non o Bipartito; nin o pretendeu aprobar o Bloque cando gobernou—. E de non ser así —é dicir, se non cumpre eses requisitos—, é o propio Goberno galego o que se encarga de restaurar a legalidade —logo dareille datos ao respecto—. Existe un procedemento legal administrativo e garantista para a denuncia e posterior penalización ou sanción, así como tamén un plan de control específico que brota do Plan forestal de Galicia que vostedes dixeron que non servía para absolutamente nada no monte galego.

Pero quizais o que lles interese a vostedes non sexa saber se o Goberno é consciente ou non das plantacións ilegais —que lle respondo que o somos, pois loitamos contra elas—, senón máis ben, pola súa explicación e pola súa exposición de motivos, o que lles interesa realmente é fixar o punto de mira nestas supostas plantacións para evitar falar de datos positivos nas concentracións. Só hai que ver, como lle digo, a súa exposición de motivos.

Primeiro, falemos de como loitamos contra as plantacións ilegais. Téñolle que dicir que dende o ano pasado, señorías, como consecuencia do Plan forestal, temos un plan de control específico de plantacións ilegais; un plan de control implementado dende o Goberno autonómico, levándoo a nivel provincial e por distrito; un plan que unifica os criterios e que permite realizar campañas concretas por tipo de sanción; un plan creado pola Dirección Xeral de Ordenación e Planificación Forestal —como non pode ser doutro xeito—, pero en colaboración coa Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural, con Defensa do Monte —que tamén ten competencias neste ámbito— e coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, á que lle atribúe competencias, señor Rivas, no control das plantacións ilegais a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Este plan, por suposto, está a dar os seus froitos; por exemplo, un dato elocuente: os expedientes sancionadores no que levamos deste ano 2022, señorías, son máis do dobre que o ano 2021.

Pero, insisto, aquí o Bloque busca tapar características positivas sobre as concentracións. ¿Por que non se fala nada dos preto de 23.000 títulos, señorías, entregados das 21 concentracións rematadas dende o ano 2020? Beneficiaron máis de 10.000 propietarios en todo o territorio galego. Ata o 2020 as únicas iniciativas do Bloque eran para criticar que non se entregaban títulos. Mire, eu escoitei aquí moitísimas veces como me dicían que fixera autocrítica. Pois algún día vostedes podían dicir tamén, cando algo está ben e é bo para os galegos e as galegas, que está ben feito. Eu pódolle dicir, ademais, que en cada concello que tiven a oportunidade de entregar algún destes 22.000 títulos —porque vou persoalmente a todos eles— puiden comprobar o éxito do investimento que leva feito a Xunta de Galicia dende o ano 2009 —en concentracións parcelarias, señorías, 118 millóns de euros— para ir xuntando, pola vía da concentración da reestruturación, as pezas dun futuro no cal todo estea onde ten que estar.

Señor Rivas, a ordenación de usos, unha das máximas peticións do seu grupo parlamentario, ¿sabe onde está? Nos artigos correspondentes da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, á que vostedes votaron en contra, onde colle o catálogo de solos agropecuarios e forestais. Un camiño longo por percorrer, pero que deberiamos levar todos —como dixo vostede— de xeito consensuado. Xa estamos a traballar no mapa de usos, que é a foto inicial, e teremos que sacar adiante —seguro— o catálogo, no que todos nos poñeremos de acordo nos usos que se teñen que facer na terra agraria de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu teño que repetilo: quen fixo a moratoria non foi o Bipartito, foi o Partido Popular, e fíxoa —e isto ten que quedar claro, e dígoo con toda a claridade— non para prexudicar o recurso —que nós apoiamos, evidentemente, o aproveitamento forestal do noso monte, ¡só faltaría!—, nin tampouco para prexudicar os propietarios, eses máis de 80.000 propietarios que cortan eucaliptos todos os anos —que non é unha multinacional a que corta eses eucaliptos e cobra e leva os cartos para a súa familia e para moitas cousas que sabe vostede que se fan, porque vostede no seu territorio tamén ten eses propietarios—, senón que foi unha solución temporal namentres non se tiña o inventario forestal continuo; feito, señor Rivas, polas universidades galegas e que, dende logo, desmenten totalmente os datos que está dando vostede, que os imos ver antes de que remate este ano. Polo tanto, pediríalle que acredite con datos técnicos esas 600.000 hectáreas sobradas que vostede está trasladando.

Pero volvendo ao que é importante, porque parece que vén por aquí agora un ataque coas concentracións parcelarias —teñen que buscar algún sitio por onde entrar—, señorías, nós imos cumprir o compromiso nesta lexislatura de que por cada concentración, entregados os títulos, unha nova concentración decretada, porque somos totalmente conscientes da necesidade de mobilizar terra agraria en Galicia. *(Aplausos.)* E eu quero dicirlles que temos nestes momentos un total de 94 zonas en proceso de concentración —xa entregamos, como dixen antes, 22 concentracións, os títulos de todas—, das que 62 delas se atopan en fase de acordo; é dicir, que xa están permitindo que se poida traballar nelas. Como saben, eu comprometinme, ou trasladei a través do grupo parlamentario, que comparecerei nesta Cámara para explicar os progresos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, e tamén nesa comparecencia darei boa conta do traballo que se está facendo nas concentracións parcelarias.

E, se me permiten, continuarei na réplica dando máis datos sobre as sancións respecto das plantacións ilegais, nas que estamos traballando como Goberno da Xunta de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Conselleiro, a moratoria do eucalipto multiplicou o número de hectáreas de plantación, *(Aplausos.)* e levantou a veda do *nitens* no leste e no sur de Lugo. *(Aplausos.)* E vostede sábeo. Levantou a veda, ese foi o facto.

Di que moitas das concentracións son anteriores á Metaga. Claro, ese é o gran problema; o gran problema é que algunhas se eternizan. Algunhas foron publicadas —non cansarei de repetilo— no 1967 do século pasado, e entregáronse os títulos o 28 de decembro. Tiveron o valor de entregar os títulos case cen anos despois.

Mire, tamén se concentrou monte, evidentemente, pero vostede sabe tamén que dese monte válido se fixeron pastizais e que se apuntalaron cantidade de explotacións agrogandeiras de

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

explotacións, sobre todo de leite. Acredíteme vostede o contrario. A oposición somos nós, señor conselleiro, acredíteme vostede o contrario das 600.000 hectáreas que din técnicos e que dicimos nós. Claro, non, hai técnicos que apuntan máis de 600.000 hectáreas.

O Plan de control de plantacións ilegais non se ve por ningún lado; é máis, eu dígolle que explotacións que se abandonaron este ano e o ano pasado están plantadas ilegalmente a eucalipto; terras pastizais e terras de labor, e vostedes non din nada. E se vostede di algo no concello, diranlle: ¡Ah!, non é cousa nosa. E se fala vostede cos axentes medioambientais ou cos axentes forestais diranlle: Mira, é que acabo de saír dos incendios e estou cheo de denuncias e non dou feito. Esta é a realidade, o resto é *paleio*, como din os portugueses; é *paleio*.

¿Entregaron títulos? Certamente, moitos, e os que lles quedan por entregar. Vinte e trinta anos de espera.

A autocrítica correspóndelles a vostedes. Mire, o que pasa é que é un problema de modelo e vostede non entrou a fondo. Eu estoulle falando de que nos vai facer falta a terra agrícola e de que nos vai facer falta plantar, se queremos apuntalar as explotacións de carne, ata as de porcino e as avícolas, porque o cereal vai estar escaso. Non se consegue sacar, nin sequera con estas manobras da OTAN, o trigo de Ucraína. ¿E de onde nos vai vir? ¿E que clase de trigo, millo e soia nos vai vir? E a alternativa á soia, ¿como a facemos? ¿Hai experiencias con proteaxinosas? Iso debía preocuparlle e debía de estar pensando nun plan de emerxencia para este país xa, porque non se sementa cando un quere, seméntase na época precisa e propicia.

O que vostedes preconizan, permiten e promocionan, ademais de agresión forestal eucaliptizadora, é un espolio eólico e mineiro. O seu modelo nada deixa, nada transforma; queda o silencio e a ausencia. Ese rural de negocio, de espolio, de parte duns poucos bate frontalmente co rural que a nosa identidade —a deste país—, a orografía, a edafoloxía, climas e sabedoría humana exixen; un rural ocupado, xerador de vida —xerador de vida, señor Balseiro—, de riqueza compartida, de equilibrio ambiental, de biodiversidade, de xestión e de sustento do territorio. Ese é o rural que defendemos desde o BNG.

¿Que tería acontecido se vostedes non violentaran a democracia en 2009 e o Banco de Terras seguira co seu proceso de mobilización de terra agrícola? ¿E se as uxfor na ordenación e aproveitamento conxunto do monte seguiran a bo ritmo? 35 uxfor —unidades de xestión forestal— constituídas nun ano e *in crescendo*. Este era un dos grandes pecados, ¡este é un dos seus grandes pecados! A destrución da modernidade posible e de recuperación do vigor agrogandeiro camiñando á soberanía alimentaria.

E agora queren convencernos de que van facer e do que vai acontecer, e queren que acreditemos nas súas boas intencións: Ence, exemplo de dominio da política rural. Vostedes son escravos, servos mansos dos seus desexos. Hai poucos días, para vestir de bonito esta política, vaise Ence e anuncia a instalación nas Pontes dunha novidosa planta de biomateriais: 355 millóns de euros, 150 empregos directos e 400 indirectos; bueno, outros medios de desinformación máis agresivos falan de 1.190 entre directos e indirectos. Non se poñen de acordo. E para facer patente que é da man do PP a reunión anual do consello de

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

administración desta empresa celebrouse en San Caetano, con Rueda e Conde; e aproveitaron para facer o anuncio da boa nova: seica van facer tisú. O Next Generation de Altri ou as incursións da pasteira lusa Navigator Company alugando hectáreas e avivando o mercado da inframadeira. Porque vostedes, coas súas políticas continuadas de desmantelamento do rural, de abandono e forestación caótica fornecedora de lumes, prepararon o terreo para que agora fortes investimentos se aproveiten da situación.

Temos o territorio en venda, sae nos xornais como noticia destacada, e a ninguén se lle arrubian as fazulas. Todo normal, 4.500 hectáreas en xunto en venda e unha das ofertas no mercado: a compra continuada polas madeireiras das *ghicholas* de montes que non quixeron ordenar. E aí estamos, cun bo número de fincas de reemprazo plantadas de onte e de antonte, coa ilegalidade consentida por un goberno que vulnera e permite a vulneración das leis. Repito, vulnera e permite a vulneración das leis. Dúas veces votaron en contra de iniciativas onde se pedía a reposición da legalidade, ¡dúas veces nesta lexislatura!

As denuncias entre veciños non son o medio. Enfrontan aos poucos que quedamos. Moitos dos que pechan as explotacións —xa llelo dixen— por falta de relevo, plantan.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: Remato xa, presidente.

A administración, polo ben da soberanía alimentaria e do país en xeral, debera coidar, estimular e activar a agricultura e a gandería sostibles. Ese é o reto. Logo non han valer desculpas a medias nin exixencias de última hora. Xa estamos na última hora, conselleiro.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Para o peche da interpelación, o conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Señorías, ¡bailáronlle outra vez os números, porque falar de cen anos de atraso! En todo caso, a min o que me chama a atención é que protesten porque se atrasan as concentracións parcelarias e logo pidan que se paralicen, como pasou nalgunha de Lugo. Eu non acabo de entender esa situación, señor Rivas.

Tampouco acabo de entender que me diga que non hai denuncias e que despois, cando fala cos axentes forestais, digan que están cheos de denuncias. ¿Como é a cousa?, ¿hai denuncias ou non hai denuncias? Eu voulle acreditar agora que hai denuncias, pero debería vostede concretar un pouco os datos.

Miren, ¿saben cantas concentracións se fixeron ao longo destes anos —moitos anos— en Galicia, que son un instrumento fundamental para o desenvolvemento, entre outros, do

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sector gandeiro de vacún de leite de Galicia? 1.020. Poderiamos pensar por este discurso que o Bipartito fixo a maioría delas. ¿Cantas decretou o Bipartito en catro anos? Menos de dez. Imos deixalo aí.

Polo tanto, señorías, vostedes saben que a reestruturación, que a mobilización de terra, é un proceso e un procedemento complicado. Non se pode saír falando de 100.000 hectáreas, sabendo que baila un cero e que é difícil de mover. Eu contareille o que se está facendo, pero o que lle podo transmitir con toda claridade é a enorme ilusión que estamos vendo na xente dos pobos a través dos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. E, por suposto, seguiremos facendo concentracións parcelarias, pero imos facer moitos polígonos, moitas aldeas modelo e moitas agrupacións de xestión conxunta para darlles aos nosos gandeiros e agricultores a base territorial que demandan, señorías. *(Aplausos.)*

Volvendo, se me permiten, ao das plantacións ilegais, eu quero trasladarlle que claramente tanto a Lei de montes 7/2012 como a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia velan polo cumprimento da normativa. E en caso de producirse un incumprimento —plantación ilegal—, recollen o procedemento sancionador, que lle aseguro que cae con todo o seu peso sobre os infractores.

Miren, só en 2021 houbo máis de catrocentos apercibimentos, un total de 412, dos que a maioría pertencen ás provincias de Lugo e A Coruña, porque é onde hai máis aproveitamento forestal. Pero, ademais destes apercibimentos, tamén se abriron expedientes sancionadores. E para que vexan a progresión, señorías, no que levamos do ano 2022 duplicamos os expedientes de todo o ano 2021. O ano pasado houbo un total de 25 e nestes primeiros meses estamos xa en 51, xunto cos apercibimentos.

E volvo repetir que isto non vai en contra de ningún propietario. Pola vía do apercibimento imos pouco a pouco tratando de ordenar o que está no territorio.

A Xunta, señor Rivas, está totalmente comprometida tanto coa correcta ordenación dos predios como coa recuperación da terra agraria e co mantemento, por suposto, das explotacións agrogandeiras. Se me queren falar dese consenso, na próxima vez que traiamos algo de mobilización e queiramos falar en serio —e vostede sabe que a miña consellería neste ámbito fala en serio— acordemos e cheguemos a votacións nas que vostedes dean o voto favorable. E despois podemos falar de todo o que queira, se non se cumpre o que dicimos nesas leis. Pero o que non se pode facer é criticalas e ademais votalas en contra e despois virnos dicir que non facemos nada.

Nós fomos pioneiros, como digo, na posta en marcha dunha lei destinada, precisamente, á recuperación, que cumpre agora un ano de vixencia, con datos que eu darei na comparecencia, que xa lle anunciei na miña primeira intervención, pero que xa podo ir dicíndolle. Por exemplo, no caso dos polígonos, ademais dos dous que xa teñen no DOG decretado o seu inicio nestes momentos —Cualedro e Oímbra—, imos levar ao DOG no mes de xuño unha decena máis. E, como lle dicía antes, hai moitísimas peticións de veciños e veciñas do territorio rural galego de polígonos fundamentalmente, neste momento, agrogandeiros.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No caso das aldeas modelo, levamos recuperado a contorna dunha vintena de aldeas. Xa empeza a haber un número, ¡eh!, que xa non podemos dicir que non existen e xa imos a feiras como a de Silleda e vemos xente das aldeas modelo que está vendendo alí os seus produtos e presumindo, ademais, en fotos de que vende eses produtos cos voceiros do Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, non podemos dicir que é unha entelequia do conselleiro do Medio Rural, que é un, como me dixo antes, «charlatán de feira», porque esas fotos vémolas todos nas redes. Ademais, temos outras nove en tramitación.

Eu quero dicir aquí con claridade, señorías, que non é sinxelo recuperar e mobilizar terra nun territorio como o galego. Sábeno todos, sabémolo todos; é complicado. E probablemente o camiño que abre a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia sexa un camiño que teñamos que ir modificando entre todos. Eu apelo a ese consenso que dixo o señor Rivas. Traian aquí propostas de polígonos ou de agrupacións de xestión conxunta. Podémoslles chamar como vostede queira, o que nos interesa é que haxa xestión do territorio. Porque se o territorio está xestionado con actividade agrícola, gandeira e forestal, se priman os nosos agricultores e gandeiros e está ordenado e ben traballado, non hai incendios forestais. E temos esa autosuficiencia alimentaria na que todos estamos totalmente de acordo.

Pero tamén permítame que lle diga que cumpriremos, co que se dixo aquí, en sede parlamentaria, e eu non falo de 600.000 hectáreas sobradas, sen datos, senón que cumprirei co compromiso asumido en sede parlamentaria. Por cada concentración, con títulos entregados, nova concentración decretada. Traballaremos, xunto cos instrumentos da Lei de recuperación e concentración parcelaria, na mellora da estrutura territorial das explotacións agrarias, que ten, sen dúbida, que redundar no incremento da súa base territorial e nunha diminución dos seus custos de produción.

Mire, señor Rivas, a pesar da consigna que teñen de criticar todo o que fai o PP, eu sei que lle gustan estes datos, aínda que non o queiran dicir, pero podo lelo na súa mirada, señor Rivas. *(Murmurios.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Ben, pois dentro desta cordialidade coa que rematou esta interpelación, eu vou pedir tamén algo, e é que aquí debemos ser coidadosos coas expresións que utilizamos.

Señor Rivas, diríxome a vostede, e eu sei que nisto me vai entender. Penso que dicir nun parlamento «asalto ao poder no 2009» creo que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, «asalto ao poder» non me parece... Creo eu. *(Murmurios.)* Podiamos dicir «chegar ao poder», «coa chegada ao poder». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* «Asalto ao poder» ten unha connotación violenta. ¡Si, violenta! *(Murmurios.)* Entón, se non lle importa, imos pór a de «chegar ao poder». *(Protestas.)* Si, si. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Como que non pode ser? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdón, creo que pode ser porque «asalto» ten unha connotación de violencia e de violentar a democracia.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, ímolo deixar aí. Ademais, xa falei co señor Rivas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perfecto. Continuamos. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Como non...? ¡Pero parece mentira, señora Prado, que vostede é a vicepresidenta segunda! Non me diga a min agora que isto... *(Murmurios.)* ¡Por favor, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)* Imos razoar nisto. Imos razoar nisto, por favor. *(Murmurios.)*

Interpelacións.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os servizos de medicina interna

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

¡Co que temos escoitado aquí, ter que retirar unha expresión do señor Rivas! ¡É incrible! Da omertá chegáronme a falar a min, da omertá, que é unha cousa que usa a mafia para matar xente cando fala en contra. Da omertá chegáronme a falar a min. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Iso digo eu, por iso me queixei cando mo dixeron. En fin... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* «Nada que ver» di o señor Santalices. En fin, hai unha... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Á interpelación, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Hai unha certa tortícolis rectificante, ¿non? Só rectificamos cara a un lado.

O señor PRESIDENTE: Non, non...

O señor TORRADO QUINTELA: A ver se miraran máis para a esquerda para outras cousas tamén.

O señor PRESIDENTE: Non, non... Imos á medicina.

O señor TORRADO QUINTELA: Imos á interpelación, que non é pouca cousa.

O señor PRESIDENTE: Medicina interna. Medicina interna, iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Perdón?

O señor PRESIDENTE: Non, non, iso é problema del; o tempo, non.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor TORRADO QUINTELA: Estou por dialogar, pero non entendín.

O señor PRESIDENTE: Non, non.

O señor TORRADO QUINTELA: Non entendín. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. É o seu tempo, é dono del. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(*Un señor deputado:* ¡Empeza, home!)

O señor TORRADO QUINTELA: ¡Ah, que empece! *(Murmurios.)*

Si, si, ía empezar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non o estaba escoitando. *(Risos.)* ¡Moito máis directo! ¡Moito máis claro! Moitas grazas, vou a iso.

Señor conselleiro, falamos de medicina interna. Eu sei que non é un bo día para vostede para falar de medicina interna, porque tivo noticias bastante explícitas durante o día de hoxe. Porque despois do que pasa na primaria, que é algo que pasaba dende hai moito tempo e que vostedes non viron vir, agora está pasando nos hospitais. Cos problemas da primaria, e de non resolver a cuestión da primaria, saltan os hospitais, porque a mala xestión en primaria fai que se sature ou que se dificulte a xestión dalgúns servizos dos hospitais. En urxencias ocorre, e isto é unha evidencia, e pasa tamén en primaria e en medicina interna.

Son basicamente os mesmos problemas. Probablemente arrastren dende un tempo, un pouco máis adiante e, por tanto, explotan un pouco máis adiante, pero é a mesma situación. E se vostedes seguen polo mesmo camiño que seguiron coa primaria —que é: imos conseguir moitos titulares pero poucas solucións, que é polo que van agora—, teremos o mesmo problema dentro dos hospitais, fundamentalmente en medicina interna, que afecta todo o hospital, dentro de moi pouco tempo, ao igual que o temos agora en primaria.

Esta é a realidade porque medicina interna é un pouco a primaria dentro do hospital; podemos explicar que é algo parecido; non é o mesmo exemplo pero é algo parecido. É o servizo eixo central de todo funcionamento, é o servizo que hospitaliza, é o servizo que fai os seguimentos, é un servizo que foi acumulando moitas tarefas nos últimos tempos; sen embargo, foi perdendo profesionais, que se especializan noutras áreas e van creándose outras áreas, pero segue acollendo un gran volume de traballo. Polo tanto, necesitamos entender que é un servizo que sobredimensiona o traballo, pero perde capacidade de ter profesionais.

Coa covid fixeron un esforzo inxente. En xeral, evidentemente, todo o persoal sanitario, pero os de medicina interna probablemente foron dos que máis se esforzaron. Non poderiamos dicir que existen servizos que non o fixeron, pero é certo que hai algúns servizos que viviron a covid con máis cercanía e outros con menos, por fortuna para algúns. Pero interna ten pouca marxe de manobra, moi pouca marxe de manobra. Son os que hospitalizan, pero é que, ademais, son que fan moitas veces visitas a domicilio; son os que tratan cuestións

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

infecciosas; son, en moitas ocasións, os que necesitan facer vixilancia de moitos enfermos que *a priori* están hospitalizados por un problema moi específico, pero son os internistas os que o fan; e, sen embargo, é un servizo que apunta un problema esencial —¡oh, sorpresa!— : levan anos sen facerlle caso á hora de contratar persoal.

A verdade é que é curioso porque, probablemente, vostede teña unha explicación. Vostede terá unha explicación, incluso un culpable, e incluso un culpable que non será o PP e que non será o Goberno da Xunta. Pero é curioso que cada vez que hai un problema sempre xira arredor do mesmo, e vostedes, iso si, son moi enxeñosos á hora de encontrar algunha explicación, iso é certo. Estou ansioso por sabela. Non sabemos... O único que nós sabemos aquí é se a culpa vai ser de Pedro Sánchez, de Zapatero ou do Bipartito. Digamos que a quiniela vai entre eses tres. Imos ver un pouco a quen lle toca a culpa hoxe porque na ruleta da fortuna do Goberno do PP a culpa sempre vai para un deses tres.

En todo caso, a ver como é capaz vostede de explicar o que está pasando en medicina interna, porque a realidade é que hai un problema que comparten todos os profesionais, e vostede sábeo, a pesar de que intente transmitir outra cousa. Vostede sabe que eses problemas, ademais, explotan por algo que é, evidentemente, certo, e é que é un servizo que non ten os suficientes recursos, que é o que demandan. Porque non demandan maiores salarios, non é ese o problema, a ver se son capaces de entender. Cando falamos de recursos e de diñeiro non é porque a xente queira que lle paguen máis e punto. A xente non está pedindo para si. Demandan recursos para a estabilidade, demandan máis mans para traballar e demandan mellor organización. Non podo evitar dicirlle que os problemas principais están en Ourense e en Santiago.

A min ensináronme moito, cando estudei, que, se hai patróns que se repiten, hai que buscar cales son os puntos de coincidencia. E en Santiago e en Ourense, eu que sei, se escolleramos as xerencias por algo que non fora o apelido, igual estaban moito mellor. O outro día vin a Feijóo falar da prima de risco no Senado e non tiña moita idea; aquí igual coñecemos algo máis sobre o asunto. Hai que escoller ben os xerentes para que saiban resolver os problemas.

O problema é global pero, curiosamente, explota máis aí. E explota máis aí, ademais, porque hai direccións que non entenden os problemas que están pasando. En xeral, en todos os servizos de interna hai problemas, pero algúns deles moito maiores.

Non é un problema resolto, a pesar do que vostedes quixeron transmitir hai pouco. Fixeron unha xuntanza cos xefes de servizo e dixeron publicamente que estaba todo resolto; e saben que é mentira. O que fixeron foi utilizalos, utilizalos malamente, ademais; utilizalos para querer transmitir que xa estaba todo feito, porque a vostedes lles interesaron os titulares. O que fixeron foi poñer os xefes de servizo —enormes profesionais— aos pés dos cabalos e transmitirlles o problema: que resolvan eles cos seus.

E xa sabe o que lle está empezando a pasar, porque hoxe dimitiulle un xefe de servizo, o de Santiago —un profesional impecable, un dos mellores profesionais que temos no sistema sanitario galego—, e dimitiu porque está farto. Falou, porque ninguén o está escoitando, dende as direccións, e ten o apoio de todo o seu servizo e de moitos outros. E non é o primeiro que di o mesmo. Vostedes están ante unha situación na que xa non saben a quen botarlle a

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

culpa. Agora buscarán a outros, e buscarán o de sempre: contar que resolven as cousas e non solucionar nada. E temos un problema.

O exemplo de Santiago é instrutivo. Santiago ten uns 35 internistas —falabámolo o outro día e deu vostede unha explicación moi rocambolesca, que estou interesadísimo en saber como pode fiala para buscar algún culpable—, ningún menor de 45 anos. Pasan dúas prazas de MIR ao ano. Polo tanto, poñamos que un MIR termina arredor dos 30 anos; pois houbo 30 profesionais que terminaron o MIR en Santiago nos últimos quince anos e ningún quedou estabilizado no CHUS, ¡ningún! E a pregunta é: ¿por que? Porque pode ser que a vostedes non lles pareza un problema —¡quince anos así!—, ou incluso que empecen a descubrir agora o problema, pero é que o problema está en que aínda que resolvamos a cuestión agora, se a resolvemos con base na formación —que nunca é unha solución completa, aínda que está ben—, non imos ter solución ata dentro duns anos. ¿Por que non temos ese relevo xeracional? ¿Por que non hai máis profesionais? ¿Vaime negar vostede que moitos dos que se forman acaban na privada? ¿Vaime negar que hai internistas formados en Galicia que se foron fóra de Galicia? ¿Vaime negar que moitos dos internistas están contratados de maneira precaria?

Hai non moito tempo —falo en termos de minutos, antes de entrar no pleno— falaba con algunha persoa do servizo que previsiblemente vai asinar a súa praza por riba dos 40 anos —como moitos máis; eu dígolle que non moitos, pero ela sempre di que si— neste outubro. Unha praza que non é deste ano, senón que é do exame do ano pasado, pero que non é da convocatoria do ano pasado e tampouco é do 2019, nin do 2018; é do 2017, que se vén acumulando. Repasemos. No 2017 non hai, acumúlase; no 2018 non hai convocatoria, acumúlase; no 2019 non hai convocatoria, acumúlase; convócanse no 2020, examínanse no 2021 e asinan en outubro do 2022. ¡Veremos! E así non se poden soster os recursos humanos dun sistema.

Escoitou vostede estes días, ou leu nos medios, que a planificación dos recursos humanos do Sergas foi —e cítolle literalmente— «entre pésima e horrorosa». O novo presidente da Sociedade Galega de Medicina Interna dixo que «entre pésima e horrorosa». Nin sequera eu dixen tales cousas algunhas veces aquí, ¡nin sequera eu!, como dicía Manquiña, aínda que o pense. Pero, ¿alguén na Consellería cre que non temos un problema con isto? E, en virtude diso, ¿alguén na Consellería cre que están facendo ben as cousas? Non hai ninguén que asuma: cometemos un erro por deixadez, por abandono. Estanlle dimitindo xefes de servizo, estamos ao bordo dunha folga no hospital de Santiago, e pode que nalgúns outros hospitais, temos servizos de medicina interna que son eixos vertebradores dos hospitais ao bordo de non dar máis e de ter que parar, e ¿hai alguén á fronte que saiba dar algunha resposta sobre algo máis alá de botar as culpas? Porque a medicina interna non dá grandes titulares moitas veces, non é un gran transplante, non implantamos unhas máquinas fantásticas, non se sae nos medios de comunicación todos os días, que está moi ben iso; a medicina interna fai un traballo moi importante, pero dá menos titulares, debe ser por iso que se olvidaron tanto dela.

Nós o que lle plantexamos é que atendan a que hai unha realidade, unha realidade evidente no sistema. Hai un problema de recursos humanos, estamos pagando agora o problema dos

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

recortes que vostedes facían sorrindo e aplaudíndose a si mesmos, e agora temos un problema que estamos pagando. E como non é posible volver aos anos nos que vostedes aplaudían a austeridade como se fora o gran do mundo, porque vostedes non teñen ningún problema, pero a xente que vai a hospital si, entón agora, que xa non podemos volver alá, polo menos hai que tomar algunhas decisións contundentes, pero xa, ¡xa! Estamos nese momento, porque estamos probablemente no último tren, como dicía un especialista hai pouco.

Nós o que lle traemos é a nosa pregunta: ¿cren vostedes que hai un problema ou non? E se o cren —que aínda non o sabemos—, se o cren, ¿que teñen pensado facer...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...ademais de botarlle as culpas a alguén? A ver a quen lle toca hoxe e a ver se é capaz de darme algunha resposta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Neste pleno vimos falar da situación dos servizos sanitarios especializados de medicina interna dos hospitais públicos de Galicia, pero, antes de comezar a responder as súas preguntas, as tres que me formula, permítame corrixir de novo, unha vez máis, esa exposición catastrofista e recorrente, por outra banda, que fai da situación da sanidade galega e en especial da situación dos servizos de medicina interna.

Está claro que non imos lograr que vostedes deixen de repetir o seu mantra de que os profesionais sanitarios sufriron en Galicia unha política de recortes e de precarización, pero o que si imos facer é demostrar que é falso. Miren, podemos facelo, porque é tan sinxelo como comprobar como os investimentos na Consellería de Sanidade levan realizando no persoal unha serie de incrementos. Se collemos a Lei de orzamentos, podemos botar a conta. Nos orzamentos do ano 2009 os investimentos do Sergas no capítulo de persoal eran de 1.556 millóns de euros e nos orzamentos do 2022 este gasto ascende a 1.906 millóns de euros; é dicir, un 22,5 %, máis de 350 millóns de incremento nos presupostos do Servizo Galego de Saúde. Primeiro punto sobre —insisto— a súa catastrofista entrada.

Pero non queda aí a cousa. Se continuamos coas comparacións, podemos comprobar que, no día de hoxe, na sanidade pública galega traballan máis profesionais ca nunca, señor Torrado. A media diaria de profesionais no 2008 é de 36.256; a media diaria de profesionais no 2021 é de 42.783, incluso máis que na fase aguda da pandemia. É dicir, un 18 % máis de

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

profesionais sanitarios contratados; ou sexa, 6.500 profesionais máis traballando cada día na sanidade pública galega que cando vostedes gobernaban no ano 2008-2009. Un 22 % máis de presuposto e un 18 % máis de profesionais. ¿De que recortes me fala, señor Torrado?

No caso particular de medicina interna, debo dicirlle que en Galicia, no ano 2021, estiveron traballando nos hospitais do Sergas unha media de 315 internistas cada día; isto son 67 internistas máis que cando gobernaban vostedes no ano 2008, cando a media estaba en 248 profesionais de medicina interna. E debo dicirlle, ademais, que ningunha das áreas sanitarias conta hoxe con menos profesionais que os que había no 2008. Polo tanto, ese argumento que dixo vostede de que diminuíu o número de profesionais xa me dirá de onde o saca; sen falar, por suposto dos incrementos noutras especialidades que, curiosamente, comparten pacientes ou incluso lle quitan pacientes a medicina interna, pero non imos falar diso.

Ademais, melloramos as condicións laborais destes traballadores; sen ir máis lonxe, dende este ano 13.651 profesionais do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas teñen un incremento retributivo vinculado a un recoñecemento dun novo grao de carreira profesional. Na actualidade, 20.198 traballadores do Sergas e entidades adscritas perciben algún grao de carreira profesional, o que supera un incremento do 5,9 % do seu salario. De novo, investimentos en número de persoal e nas retribucións deste persoal. Como pode comprobar, o seu discurso catastrofista de maltrato e precarización laboral cae polo seu propio peso.

Na súa interpelación tamén fai referencia á atención primaria e fai unha estraña relación entre atención primaria e medicina interna, que non sei de onde a saca, porque eu comparto con vostede a relación entre medicina de atención primaria e urxencias, pero con interna vai ter vostede que esforzarse no seguinte turno para tratar de demostrarma. Como dicía, de primaria, a semana pasada, na miña comparecencia a petición propia, creo que dei as explicacións oportunas de cal é o problema e do que está facendo a Consellería para tratar de resolvelo.

E xa centrándonos no ámbito de medicina interna, hai que dicir que, efectivamente, estamos de acordo en que é unha especialidade que supón un servizo fundamental na organización e estruturación da estrutura hospitalaria debido a ese papel transversal na atención dos pacientes hospitalizados, así como na terminación —importantísima— dos ingresos e das altas.

E nós como administración que somos e plenamente conscientes diso, temos que dicir que xa na pandemia ese servizo foi un dos máis reforzados, tanto coas encomendas dos residentes que quedaron, como con outros servizos que colaboraron estreitamente, como non pode ser doutro xeito, por outra banda, co servizo de medicina interna; estou falando de neumoloxía e doutras especialidades, que se volcaron axudando estes especialistas tan críticos, que, por certo, seguen sendo críticos no día de hoxe. A pandemia non pasou, e temos máis de seis centos pacientes ingresados fundamentalmente; cada vez menos, porque están nas súas unidades correspondentes, pero moitos no ámbito de medicina interna.

Tamén somos conscientes de que a plantilla se atopa envellecida, motivo polo cal pedimos todas as prazas de promoción acreditadas para así poder formar o máximo de residentes posibles. Se nos remitimos a datos de prazas de formación de especialistas en medicina

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

interna, temos que dicir que nos últimos catro anos este goberno foi quen de ofertar o cen por cento das prazas acreditadas, cousa que vostedes non facían cando gobernaban. Sen ir máis lonxe, na etapa do Bipartito, apenas eramos capaces de ofertar 44 prazas de medicina interna, das 69. Formábanse o 69 % dos especialistas. Así que respecto da formación, condicións e persoal, lecciónns, as xustas.

Tamén hai que dicir que somos conscientes —espero que vostedes tamén— de que existe unha situación particular de déficit nos hospitais comarcais, e por iso, lonxe de evitar afrontar os problemas, a Xunta tomou decisións. No primeiro momento, as opcións que se formularon foron dúas. En primeiro lugar, acelerar a resolución desas ofertas que vostede comenta. Supoño que máis alá da escenificación que fai aquí, entenderá perfectamente como funciona un proceso de oferta pública de emprego e saberá... Si, si, claro, porque se acumulan, porque, se non acumularamos, a xente iría a tres, catro ou cinco prazas. Pero iso, se quere, coméntollo noutro momento.

O caso é que se van adxudicar, efectivamente, esas prazas, como vostede ben dicía en outubro, e o primeiro plantexamento para cubrir os comarcais foi adiantar esa resolución da OPE, facendo que as persoas que tiñan praza, que collían praza en propiedade nos hospitais comarcais, a puideran coller neste mes de xullo. Esa foi a primeira decisión que se tomou, insisto, para afrontar o problema dos hospitais comarcais, especialmente crítico no ámbito da atención primaria nalgún hospital en concreto.

En segundo lugar, exixir ao novo persoal contratado para os servizos de medicina interna de toda Galicia o compromiso de prestar asistencia nos hospitais comarcais no caso de ser necesario, como xa fixeramos —e sábeno neste Parlamento— co caso da especialidade de traumatoloxía.

Foi precisamente esa toma de decisións, e non a ausencia delas, a que motivou a carta á que vostede fai referencia dos xefes de servizo, que abordamos dende o inicio coa máxima vontade de diálogo. Vostede na súa pregunta falaba de por que evitamos afrontar o problema. Non, non, non evitamos afrontalo; en canto tivemos coñecemento desa carta, reunímonos cos profesionais. A carta entrou un martes e o xoves estabamos reunidos con eles.

Nesa reunión, na que participamos o equipo directivo da Consellería, o xerente das sete áreas sanitarias e, como dicía, todos os xefes de servizo, tomamos unha serie de medidas, seis en concreto, que as tomamos cos xefes de servizo. Primeira, aceptamos a súa demanda de pospoñer a resolución das ofertas públicas de emprego ata despois do verán para así non alterar as súas planificacións; primeira medida. Segunda medida, comprometémonos á cobertura completa de todas as vacantes de medicina interna. Terceira medida, fixamos establecer con eles novos contratos de reforzo con novos profesionais, nomeadamente os residentes recén rematados, por unha duración de seis meses, co compromiso de pasar un máximo dun mes nun hospital comarcal, se fose requirido. Cuarta, contemplamos a cobertura dos gastos de aloxamento e desprazamentos necesarios para os profesionais que foran requiridos para prestar servizo nos comarcais coa posibilidade de desfrutar, ademais, de medidas de flexibilización de xornada. Quinta medida, garantimos que o tempo de servizo que se prestase colaborando en hospitais comarcais se valoraría en futuras OPE e concursos

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

co triplo da puntuación asignada por un mes de servizo nos demais hospitais. E sexta medida, comprometémonos a buscar todas as fórmulas posibles para facer máis atractivas as prazas de medicina interna nos hospitais comarcais; incentivos para prazas de difícil cobertura que, como ben sabe, seguen sen regularse a nivel nacional, a pesar do compromiso de 2018 nese sentido.

Nos días posteriores a esta reunión tivemos unha xuntanza e diálogo con diferentes organizacións sindicais, na Mesa Sectorial e fóra dela, para abordar esta problemática e explicar e tamén axustar estas medidas. En consecuencia, estamos ofertando contratos aos residentes por riba da plantilla estrutural e, ademais, estamos realizando un estudo para reformular os plans funcionais dos servizos de medicina interna dos distintos centros hospitalarios en función das ratios requiridas polas particularidades da poboación galega, tanto tendo en conta factores tan importantes como o envellecemento da poboación como a dispersión.

Como ve, señoría, a Consellería de Sanidade non descansou en ningún momento para topar solucións aos problemas que xorden, e sempre contando co apoio e valoración dos profesionais médicos. Puxemos en todo momento por diante o interese dos pacientes, en particular o interese dos pacientes dos hospitais comarcais —dos que vostede, curiosamente, non falou nada—, e o seu dereito a recibir unha asistencia sanitaria completa, neste caso no eido de medicina interna. Se a especialidade de medicina interna é importante en calquera hospital, nos comarcais non lle conto o importante que é. Non deixa de ser curioso que sexan hoxe os partidos que levan anos acusándonos de querer pechar os hospitais comarcais os que cuestionan as medidas que se toman, precisamente, para garantir esa cobertura.

Mentres vostedes seguen intentando soprar e sorber ao mesmo tempo, nós seguiremos adoptando solucións valentes e dialogando co persoal sanitario para implantalas.

Señor Torrado, respecto desa relación entre Ourense e Santiago, voulle dicir a relación de Ourense co problema. Ourense ten un hospital comarcal, o Barco de Valdeorras, e os profesionais de Medicina Interna do Hospital de Ourense están sendo desprazados a facer gardas de medicina interna no Barco de Valdeorras. O que acabo de contar son medidas para que iso non teña que pasar.

Máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, hoxe véxoo moi enfadado, como se lle viu enfadado canda a carta dos internistas. Parece que lle molestou que a fiSxeran, e que o fixeran desas maneiras. Eu creo que tampouco hai que enfadarse porque a xente manifeste os seus problemas. *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Debe ser que vostede, cando me di que eu son catastrofista co dos recursos humanos, se eu estou citando os profesionais, o que di é que esa xente son catastrofistas, desastrosos, alarmistas e que non teñen nin idea. Debe ser, porque eu citei a profesionais falando disto, xente que sabe moitísimo máis ca min. Non xogamos nin na mesma liga; eles saben, e eu aprendo o que podo.

Entón, se vostede está dicindo que eles son uns alarmistas, entendo que a súa conclusión é: non hai ningún problema; e, por se acaso hai algún problema, a culpa é do Bipartito —por se acaso, non vaia ser; algunha crítica ao Bipartito e algunha a Pedro Sánchez por aí polo medio, pero problemas non hai—. Os que se queixan son alarmistas. Voullo repetir, estanlle dimitindo os xefes de servizo e hai cartas de profesionais, de gran número de profesionais, practicamente de servizos completos, dicíndolles que cren que hai un problema que non están vostedes afrontando. ¿Están equivocados tamén? ¿Estalles botando a bronca tamén por queixarse?

Dá a sensación de que con esta consellería empeza a pasar algo moi sorprendente: somos todos moi bos, pero, cando a xente se queixa, enfadámonos. E igual o que están facendo os profesionais é reivindicar un sistema que é máis deles que de ninguén, porque son os que o sosteñen, dicindo que hai xente facéndose moitas fotos e dando poucas solucións, que é o que está pasando neste goberno: moitas fotos e poucas solucións. E diso é do que se están queixando eles e elas. E nós facemos o noso traballo de trasladalo e de facer propostas, por exemplo, dos comarcais.

Pero ¿de verdade me vai trasladar a min agora que temos novos comarcais?, ¿a este grupo parlamentario, que deu toda a batalla que puido ata que parlamentariamente non houbo máis —porque as maiorías son as maiorías e son lexítimas—, por que vostedes non se cargaran as áreas sanitarias? Porque Ourense non ten un hospital comarcal, ten dous, por certo —xa querían cargarse o paritorio de Verín, e igual o queren cargar enteiro e xa non o mencionan—.

Nós defendemos esas áreas sanitarias, pero é que nós defendemos as áreas ata o punto de que eu mesmo —no nome do meu grupo político— defendín que tiñamos que ter un catálogo de servizos mínimos, entre os que se atopaba medicina interna, con profesionais vinculados a eses servizos. Porque non pode ser que unha persoa da Rúa, de Verín, do Vicedo ou de Boiro teña que ir ao seu hospital comarcal e teña cada vez un internista distinto, que é o que está pasando; e non só un internista, un hematólogo, un cardiólogo... Todos distintos. ¡Non pode ser! E hai solucións. ¿Ou, se non, como fan os policías ou os mestres cando alguén non quere ir a unha praza? Discriminación positiva, págase máis a praza, bonifícase na posterior carreira profesional... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque se vostedes están dando unha oferta que os profesionais non queren, ¡*es el mercado, amigos*! Vostedes pasaron dez anos ninguneando esa baixa porque tiñan a sartén polo mango, e agora os profesionais teñen eles a sartén polo mango e estanlles dicindo: pasamos dez anos tragando co que vós nos puxestes enriba e agora tedes que devolver o traballo feito. Eu creo que teñen razón e creo que hai que discriminar positivamente esas prazas. Pero, iso é o que nós defendiamos. Se lle deixo dúas intervencións máis, vai vostede votar contra a reforma sanitaria que puxeron vostedes na Lei de saúde. ¡É o que lle falta! ¡Pena que non fora deputado daquela, e xa andabamos máis cerca da maioría!

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Pero vostede nos vai explicar á oposición o que é defender os comarcais? ¡Claro que os profesionais deben de poder pasar polos comarcais! É máis, é que o sistema ten que garantir iso. Pero o que non podemos é dicirlles aos profesionais: mira, vas ter un contrato —que é o que están facendo vostedes— para que mañá, se eu quero, che mande a un comarcal; por certo, a calquera de Galicia, ¡a calquera!, que podes traballar en Cariño e ter que ir mañá traballar a Verín. ¡A calquera!

¡Así non! Poñámoslles contratos estables e poñamos contratos con boas condicións; e ademais prometámoslles —ou comprometamos e poñámolo por escrito— a eses profesionais, cando se van aos hospitais comarcais, que despois van ter a oportunidade de ir a un hospital da cidade. ¿Por que? Porque o gañaron, porque, ademais, están colaborando co sistema para cubrir prazas de difícil cobertura, con contratos estables. E iso é o que vostede non está facendo, porque é o que lles están dicindo eles nas mesas. E o que vostedes están dicindo é: si, si, si, imos facer, queremos facer iso...; pero, cando chegan os papeis, ¿sabe, o que pasa? Que iso desaparece.

Vostede veu aquí dicir que non hai ningún problema e que a xente que se queixa quéixase, bueno..., porque teñen intereses ocultos... Entón, a xente que está a piques de facer unha folga, ¿que é?. ¿por deporte?, ¿por gusto?, ¿porque veñen as vacacións e hai que facer unha folga? Faltoulle dicir iso. É unha cousa así o que lle faltou dicir.

Quedan poucos MIR no sistema, hai poucos profesionais que poidan agora mesmo cubrir todo ese traballo que fan. Temos a incapacidade no sistema de darlle o mesmo profesional nos comarcais á xente porque ten que estar cada día cun distinto. Os xefes de servizo están dimitindo, os profesionais están dicindo que están indo á folga, que están a piques de non soportar máis, e vostede vén aquí dicir que non pasa nada, que é un problema e que nós somos alarmistas. Sinceramente, eu non fun irónico nin sarcástico, pero eu dicía ao principio: a ver se hai alguén que se entere de que hai un problema. Eu non pensei que a pregunta real fose esa, e pensei que vostedes sabían que había un problema. Voume moito máis preocupado. Vostede non se dá conta de que isto está a piques de explotar. E de nada van valer os titulares de prensa, cando a xente necesite un internista e non sexa quen de telo porque están hipersaturados e non dan máis. E non nos van valer de nada as noticias.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Hai un problema grave, ¡grave!, e non vale que vostede me veña aquí contar cousas de hai quince anos. Cómprolle as que queira, dáme igual. É que non vou gastar saliva en discutir esas cousas —que podía—, ¡dáme igual! Hai un problema hoxe e a vostede parécelle ben empezar a culpar a alguén que estaba gobernando —moi ben, por certo— cando eu estaba na universidade. Señor conselleiro, hai un problema hoxe e vostede é o conselleiro de Sanidade. Eu estou convencido de que teñen a capacidade de dar algunhas respostas. Pode que non compartamos o modelo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor TORRADO QUINTELA: ...nin a liña estratéxica, pero algunha, si. Voume preocupado porque vostedes non é que non queiran dar respostas, é que cren que non hai un problema...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e que a xente que se queixa son uns interesados...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: A min iso preocúpame bastante, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Mire, señoría, dende a Xunta de Galicia levamos tomando medidas para fortalecer os servizos de medicina interna antes de que vostede se preocupase circunstancialmente por eles. *(Aplausos.)* E voulle poñer exemplos. Mire, nos orzamentos elaborados pola Xunta en 2022, incrementáronse as prazas en 17 postos —17— nos presupostos deste ano —prazas estables—, o que supuxo un aumento do cadro de persoal do 6,2 %, acadando así a cifra de 270 profesionais sanitarios estables.

Dicíalle antes que no 2008 —voulle dicir unha cousa desde o cariño—... Vostede é ben retorcido. Eu non utilicei o Bipartito para botarlle a culpa de nada... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Non, home, non, déixeme que acabe! Mire, eu díxenlle os datos que había no Bipartito, no 2008, e dígolle os que hai agora. Se vostede entende que iso é botarlle a culpa, ¡alá vostede! *(Aplausos.) (O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Bueno, pois fago esta referencia porque dicía antes nesa comparativa que no ano 2008 había 240 profesionais de atención en medicina interna, hoxe hai... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* —perdón, se me permite— 270 estables, e temos —como dicía antes— ata 315 a maiores. Polo tanto, non é un problema de botarlle a culpa a ninguén; o que estou dicindo é que hai máis profesionais de atención de medicina interna hoxe dos que había hai eses anos. É simplemente iso.

Na última OPE convocáronse un total de 47 prazas, que están a piques —como vostede ben dicía e lle comunicaba ese compañeiro seu, ou amigo, a persoa esa de corenta e tantos anos— ... E no proceso de consolidación de emprego que acabamos de aprobar estes días consolídanse 36 prazas máis. Polo tanto, digo que as prazas que temos en medicina interna son prazas maioritariamente estables, señor Torrado; non diga vostede que non é así.

Prazas MIR. Estamos falando —como digo— de 85 residentes neste momento, o cen por cento das prazas estanse a formar... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, 85.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Logo, datos de internistas en Galicia. Mire, xa sei que vostede, cando lle convén, utiliza o informe do INE, cando lle convén utiliza o informe do Colexio de Médicos... Pero, mire, o informe que imos utilizar —se lle parece ben— é o Informe do Ministerio de Sanidade que presentaba hai pouco tempo: Informe da necesidade de especialistas médicos 2021-2035. Di que en España hai unha media de 11,8 internistas por cada 100.000 habitantes; en Galicia —sorpréndase, señor Torrado—, 14,5. *(Aplausos.)* Somos a segunda comunidade autónoma en internistas. *(Aplausos.)* ¡E despois dirame vostede que invento datos...! Son do Ministerio de Sanidade, señor Torrado, ¡do Ministerio de Sanidade! *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, claro, claro, é o que dan todas as comunidades autónomas. ¡Segunda comunidade! Como digo, son datos do Ministerio.

O que digo é que esta é a ferramenta que utilizan todas as comunidades autónomas para medirse, e saímos nese contexto. E ademais os datos saen, señor Torrado. Mire, voulle facer as contas de novo. Temos 270 prazas estables en medicina interna. Temos 45 eventuais, efectivamente, en proceso de estabilización; e temos os 85 en MIR. Xusto suman 390, que son os 14,5 que fan todas as comunidades autónomas. Voulle dar o dato... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Bueno, home!... En Asturias —xa o dixen— tamén utilizan os MIR na contabilidade. Mire vostede, todas as comunidades autónomas contan os MIR, os propietarios e os que están en procesos eventuais. Polo tanto, bueno, se vostede vai tamén... Bueno, pero pode dicir tamén do INE...

Mire, ¡é tremendo! Non nos dimiten os xefes de servizo; dimitiu un xefe de servizo hoxe. Vaia por diante o meu máximo respecto... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdón, hoxe dimitiu un xefe de servizo... Bueno, igual vostede sabe dalgún máis que vai dimitir... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Mire, en primeiro lugar, o máximo respecto para un profesional médico e para calquera, e máximo de medicina interna; o máximo respecto para un profesional que dedica tempo persoal seu a tratar de mellorar a xestión dun servizo, ¡o máximo respecto! A min non me vai escoitar dicir hoxe nada sobre ese xefe de servizo, absolutamente nada; insisto, o máximo respecto. Pouco respecto para quen utiliza esa circunstancia para facer un titular de prensa ou unha interpelación parlamentaria. E se vostede coñece o caso, saberá os motivos; a min o que me dixeron o luns pasado era que se xubilaba, e vostede dime hoxe que dimitiu. Igual ten vostede máis información ca min. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero, insisto, o máximo respecto para ese xefe de servizo. *(Aplausos.)*

Como dicía, nós reunímonos con todos os xefes de servizo, reunímonos con todos os representantes legais e cos non legais dos traballadores e contámoslles xustamente isto. Porque o maior problema que temos agora mesmo coa atención de medicina interna é a cobertura dos comarcais. Estamos poñendo solucións para esa cobertura e temos, bueno, dificultades para facela, pero acabo de dar agora o dato das seis medidas que tomamos de xeito consensuado con eses xefes de servizo, incluído ese ao que vostede se refire.

Pola miña parte, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto 7 da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os contratos privados de patrocinio publicitario adxudicados no mes de maio pola Axencia de Turismo de Galicia mediante procedemento negociado sen publicidade a medios de comunicación con domicilio social en Madrid

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Iago Tabarés, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Bo día, señor vicepresidente.

Entre o día 2 de maio e o día 9 de maio de 2022 a Xunta de Galiza, a través da Axencia de Turismo, adxudicou cinco contratos privados de patrocinio publicitario por un importe global de 1.200.000 euros. Alén dalgunhas curiosidades de tramitación formal, como é a consecuencia dun corta e pega nas resolucións ou dun inusitado fervor adxudicador, concorren as seguintes notas sobre as que nos gustaría coñecer a súa reflexión.

Todos os contratos son adxudicados a dedo, non hai concorrencia competitiva nin hai publicidade. Utilizan un sistema, o procedemento negociado sen publicidade, que vostedes mesmos no BOE cualifican de pouco transparente e que permite a fraude e a corrupción. A Xunta de Galiza, en contra do que é legalmente exixible, non xustifica a razón de por que utiliza ese sistema.

O contrato negociado sen publicidade só pode utilizarse por causas taxadas e xustificadas, e vostedes nin alegan ningunha desas causas e moito menos xustifican o porqué da súa utilización. Todos estes contratos realizados a dedo son convenios de comunicación radicados fóra de Galiza, mesmo fóra de Ourense. Á marxe do inicio do expediente, resulta curioso que todos os convites foron o mesmo día, o día 21 de abril de 2022. Todos os contratos son supostamente para a promoción do Xacobeo 2021-2022 e, curiosamente, adxudican en maio de 2022 cun prazo de execución de catro meses, polo que estarían cumpridos, por tanto, cando practicamente remata o obxecto de promoción, é dicir, o Xacobeo. O lóxico sería que foran anteriores —2019, 2020 ou 2021—, pero non ao remate do Ano Xacobeo.

Resúltame igualmente ilustrativo que os contratos de patrocinio publicitario con medios de comunicación se realicen cando as audiencias dos medios son menores. Aproximadamente a diferenza entre xuño, xullo e setembro —o prazo de execución do contrato— e marzo é un 25 % de menor audiencia.

A adxudicación dos contratos son tras a dimisión do presidente; polo tanto, a Presidencia, o Goberno e os altos cargos da Xunta estaban en funcións. Ergo, eses contratos son ilegais. Son para a posta en valor de programas e proxectos descoñecidos ou inexistentes: proxecto *Camiño dos sentidos*, proxecto *Deja tu huella en Galicia*, experiencia *Camiña Galicia*, experiencia

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Camiño en primeira persoa, o proxecto de *Debates en el Camino.* E nin a Axencia de Turismo nin Google coñecen nada deses proxectos que vostedes promocionaban con tantos recursos públicos.

Por tanto, contratos de elevada contía, cun goberno en funcións, cun procedemento que permite a fraude...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

Grazas, terminou o tempo. Grazas. *(Aplausos.)*

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señorías, a verdade é que, con esta pregunta, o Bloque segue a demostrar que non é capaz de asumir que en Galicia vaiamos celebrar un bienio xacobeo. Se habitualmente xa non soporta a idea dun ano xacobeo, a idea dun bienio a verdade é que o saca das súas casillas e perden o norte. ¡Que lle imos facer! Aquela campaña famosa de «rachemos o Xacobeo» é o que leva hoxe a formular esta pregunta que fai o deputado. Aquela campaña foi a maior senrazón e o maior dislate político que vivimos dende que se opuxeron á famosa construción da autopista co de «navallada a Galicia». Pero, a partir de aí, sigan vostedes por ese camiño.

O peor de todo é o razoamento que teñen sempre para opoñerse a calquera tipo de iniciativa que beneficie o Xacobeo. E é que vostedes cren que, cando ao Xacobeo lle vai ben, lle vai ben ao Goberno. Equivócanse. Se ao Xacobeo lle vai ben, vaille ben a Galicia. *(Aplausos.)* É unha diferenza importante. Porque a campaña da que antes lles falaba cambiárona vostedes cando recibiron presión de todo o sector. ¡Menos mal! Está sempre ben rectificar se é para ben.

Pero non acabamos de comprender, efectivamente, que o Xacobeo supuxo moito para Galicia, señor Tabarés; supuxo moito para todos os sectores, para a hostalería, para o turismo e tamén para a nosa economía. Polo tanto, hai que felicitar a boa marcha do Xacobeo e intentar empurrar, axudar e promocionar, pero promocionar o Xacobeo falando ben e non intentando botar enriba da mesa acusacións que son mentira.

Sabe vostede que a Axencia de Turismo de Galicia sempre tivo unha folla de ruta clara en canto á promoción de Galicia e do Xacobeo. No ano 2021, en plena pandemia, cando a mobilidade estaba reducida, ou cando estivo restrinxida nalgún momento ao longo de todo o ano, pois loxicamente apostouse pola promoción de Galicia a nivel nacional. Non había tráfico internacional de viaxeiros no ano 2021 ou, cando menos, era moi reducido; polo tanto, a estratexia de promoción era vinculala ao territorio nacional. Pero no ano 2022, cando o tráfico internacional de viaxeiros se reactiva, loxicamente a Axencia Galega de Turismo cambia e posibilita esa estratexia.

Desta estratexia está informado o Parlamento a través das comparecencias da directora xeral de Turismo e tamén do hoxe presidente da Xunta, cando era conselleiro da Presidencia. E

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estes contratos de patrocinio, señor Tabarés, vostede debería saber —e estou seguro de que o sabe pero aínda así o agocha— que son contratos de patrocinio que se fixeron sempre, sempre, durante anos, incluso cando estaba o Bipartito. Son contratos de patrocinio. Fixéronse antes, fanse agora e vanse seguir facendo, porque sabe vostede que son perfectamente legais.

Di vostede que no período en que se fixeron estaba a Xunta en funcións e que son ilegais. Mire, non se equivoque. Chegouno a dicir aquí hai un momento. É mentira e explicareillo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Aplausos.)

Réplica do señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Si, señor presidente.

Non estamos en contra da promoción do Xacobeo, pero unha cousa é curiosa: que promocionen o Xacobeo cando o Xacobeo está rematando. Desde logo, vexamos o da ilegalidade: Lei da Xunta e do seu presidente, artigo 21 *(Murmurios.)* —está a piques de rematar— e artigo 29, e Lei de transparencia e bo goberno. Están en funcións, e en funcións non teñen esas atribucións e competencias.

Respecto das dúbidas de legalidade, pois gustaríanos esa aclaración que a vostede non lle deu tempo facer, porque realmente creo que non estamos a falar de promoción do Xacobeo. Estamos a falar de metaverso Núñez Feijóo, de promoción dunha realidade paralela promocionando a súa chegada a Madrid, fomentando unha persoa presuntamente dialogante e demócrata cando nunca pretendeu ningún acordo e mesmo foi el, e non as discrepancias no seo do Bipartito —lean as actas das sesións— quen impediu que este país teña un estatuto e teña transferencias. *(Fortes murmurios.)* Lean as actas das sesións... *(Fortes murmurios.)*

¿Agora non están berrando? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Sigo? Descónteme despois o tempo.

O que estamos vendo son as irregularidades neste procedemento de adxudicación, porque, se mira as resolucións, por exemplo, o día 4 de maio a empresa presenta proposicións, o día 4 de maio convídase o licitador a negociar, o día 4 de maio esa empresa di que non hai negociacións, o día 4 de maio o órgano negociador eleva ao órgano de contratación, o día 4 de maio procede á valoración... Isto non é un problema xacobeo, é un problema das ilegalidades que nos está custando o patrocinio, pero o patrocinio de Núñez Feijóo, fomentar esa realidade paralela, a realidade paralela dun presunto bo xestor que multiplica por tres a débeda de Galiza, que multiplica por tres a precariedade na Administración pública, que persegue a sanidade pública que só se sustenta debido ao esforzo extenuante dos traballadores e das traballadoras da sanidade pública, que obriga á mocidade galega á emigración, que somos a cola na dependencia. É dicir, o problema non é o Xacobeo, o

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

problema é que están investindo recursos públicos que pola mañá negan para defender dereitos fundamentais noutra cousa diferente ao que é o patrocinio publicitario.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés. Grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta polo vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Mire, no período que estivo a Xunta en funcións cumpriu estritamente coa legalidade, coa Lei de transparencia e bo goberno. Esta norma establece mecanismos que aseguran a continuidade na xestión ordinaria, e ademais esta norma estaba pensada para que, cando hai un cambio de goberno, o goberno saínte non condicione os exercicios futuros do goberno entrante. E vostede sábeo. Vostede sabe que non era o caso. Pero, mire, estes contratos, en todo caso, seguiron e foron adiante seguindo, como lle dicía, toda a legalidade —cos informes da Asesoría e da Intervención Xeral da Xunta, por suposto, e con transparencia, porque está perfectamente todo colgado na páxina web, onde vostede pode acceder a todo tipo de información—. Sobre a oportunidade, como dicía vostede na pregunta, ¡oia!, eu tráiolle os datos do que supuxo o incremento de viaxeiros do 2019 ao 2021 e ao 2022; de que nacionalidades son ou incluso por comunidades. Polo tanto, as campañas de publicidade están máis que satisfeitas.

Di vostede que o Xacobeo acabou. É que ese é o problema. É que non sabe do que fala. Temos ata decembro e temos unha tempada por diante, dende hoxe ata finais de ano, moi importante coa chegada de peregrinos. Eu invítoos realmente a que fagan o Camiño de Santiago algunha vez na súa vida. *(Aplausos.)* ¡Algunha vez, algunha vez!

Pero, mire, esa acusación velada de que se fixo para promocionar... Pero, ¡oia!, ¿realmente vostede cre o que está dicindo? Porque este tipo de contratos, señor Tabarés —pregúntelles aos compañeiros que teñen algunha relación con algún deputado provincial—, son os que fai a Deputación de Pontevedra ou a Deputación de Lugo, por exemplo, por dicir algunhas, ou a Deputación da Coruña. Por certo, vostedes gobernan nesas deputacións. Eu supoño que aí non estarán pagando a campaña de Ana Pontón. *(Murmurios.)* Espero que non. Eu non o creo, por iso tampouco os acuso. O que pasa é que vostedes son bastante retorcidos. Vostedes teñen un prisma co que miran todo aquilo que non é coincidente co seu pois un pouco defectuoso. E pensan que sempre hai agochadas cousas detrás, maldades que veñen de non sei onde. Non é así, non é así, ¡non é así, señor Tabarés! Non é así. Fíxese.

Fala vostede do domicilio das empresas. A Deputación de Lugo fixo un contrato para o Resurrection Fest cunha empresa de Vigo e fixo outro cunha empresa de Barcelona. Será que tiña algún interese a Deputación de Lugo. Pero a Deputación de Pontevedra, igual: fixo un contrato cunha empresa da Coruña e con outra de Madrid. Pero ¿que agochan? E é un

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

contrato de patrocinio igual que este, sen publicidade, sen concorrencia. Porque este tipo de contratos de patrocinio, señor Tabarés, sabe vostede que só se poden facer con aqueles... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois eu creo que si, que o sabe. Só se poden facer naqueles casos coa xente que presta ese servizo. Sábeo de sobra. Polo tanto, vén aquí a espallar unha especie de maldade do Grupo Parlamentario Popular, do Goberno da Xunta de Galicia, para favorecer a non sei quen. Non é verdade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente. Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Vostedes están fóra da realidade. E invítoo a facer...

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo. Grazas. *(O señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pronuncia palabras que non se perciben.)* Terminou o tempo, señor vicepresidente, terminou.

(Aplausos.)

Pregunta de D. Ramón Carballo Páez e doce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a decisión do Goberno municipal de Lugo de manter pechado, sen uso e sen mantemento, o novo auditorio

O señor PESIDENTE: Pregunta do señor Carballo Páez.

O señor CARBALLO PÁEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

A cidade de Lugo a inicios do 2000 xa tiña necesidade dun novo auditorio ao quedar obsoleto e con falta de equipamento o Gustavo Freire. Daquela ao señor Orozco, alcalde de Lugo, e á Xunta parécelles boa idea facer un novo auditorio no cuartel de San Fernando e deséñase un proxecto. Pero coa chegada do Bigoberno á Xunta a parte nacionalista rexeitou esa posibilidade, e tivo que ser de novo un goberno do Partido Popular na Xunta, con Alberto Núñez Feijóo, quen dispuxese dos terreos e do presuposto para o novo auditorio de Lugo. Investíronse máis de 21 millóns de euros na infraestrutura pero sen equipamento, xa que ese era o acordo firmado entre o señor Orozco e a Xunta. Así, en 2016 a obra estaba remataba pero faltaba o equipamento, outros tres millóns e medio de euros. Aí entra a nova alcaldesa, a señora Méndez, quen lle pide ao presidente Feijóo que sexa a Xunta quen poña o equipamento. A Xunta accede á demanda do Concello e en 2018 remata todo o investimento. Comunícalle ao Concello que xa pode recepcionar a obra, pero a señora alcaldesa fai oídos xordos a esta petición.

En 2019, coa entrada do BNG no goberno municipal e como responsable da área de cultura, móstralle ao señor Balseiro —delegado da Xunta daquela— o interese en recepcionar a obra. Así, a señora alcaldesa séntese presionada e encarga un informe aos técnicos municipais, que xunto cos técnicos da Xunta reflicten unhas pequenas deficiencias. A Xunta arránxaas en moi pouco tempo.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Despois disto, en 2020 técnicos municipais e da Xunta dan o visto bo á infraestrutura e fírmase a acta de recepción sen reflectir ningunha deficiencia. A partir de aí empeza o baile da señora Méndez e do señor Arroxo, que non saben que facer con esa magnífica infraestrutura cultural e poñen en marcha unha estratexia para non abrir o auditorio, que permanece pechado e deteriorándose día a día. Alegan deficiencias que son incapaces de valorar e incluso agora sacan da chisteira unha obra dun millón e medio de euros para adecentar a parcela e urbanizar o entorno, algo que debían ter feito xa hai seis anos, cando remataron as obras. Pero todo iso, conselleira, faise co único fin de non abrilo ata chegar ás eleccións municipais de 2023, ao sentirse incapaces da súa xestión.

Por todo isto, conselleira, preguntámoslle que valoración fai o Goberno galego desta decisión dos responsables municipais da cidade de Lugo de manter pechado, sen uso e sen mantemento ningún, o novo auditorio, no que a Xunta de Galicia investiu nada máis e nada menos que 25 millóns de euros.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Carballo.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señor Carballo, a realidade é que coa construción deste auditorio a Xunta de Galicia cumpriu. Cumpriu e deu resposta a aquela inquedanza que hai uns cantos anos se lle trasladaba ao presidente da Xunta de Galicia. E Lugo non podía ser menos. Lugo non podía estar sen unhas instalacións dignas.

O que ocorre agora mesmo é que alguén se esqueceu, que os gobernantes de Lugo se esqueceron, de que o auditorio non é deles, o auditorio non é da Xunta de Galicia. O auditorio é dos lucenses. *(Aplausos.)*

Polo tanto, despois dese traballo, que foi un traballo continuo, un traballo ademais moi louvado, porque este auditorio recibiu premios de arquitectura, recibiu tamén nominacións —por exemplo, foi seleccionado ao premio Bienal de Arquitectura 2017 ou tivo o premio Lledó Arquitectura 2018 na categoría de obra nova—, ¿a alguén se lle ocorre dicir que ten defectos estruturais? Os defectos estruturais deben estar nos viadutos, como así está comprobado, pero non no auditorio de Lugo. Foron 25 millóns, 25 millóns entre obra, equipamento e mantemento; un investimento íntegro por parte do Goberno galego, pero un investimento que é de todos os galegos e de todas as galegas. E alguén non está permitindo que este gran contedor de cultura, como é este auditorio, este magnífico auditorio, poida ser utilizado pola cultura galega, pero tamén por todos os lucenses e por todos os galegos.

Permitimos facer realidade un soño, un soño que leva seis anos morto no olvido. Foi un soño que se tivo e hai seis anos que se rematou. Foi, en concreto, no ano 2016. Acabouse

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

integramente pero xa naquel entón alguén dixo: Isto non se abre, porque eu non vou equipalo. E entón volveuse facer un esforzo e licitouse, adxudicouse e equipouse —equipouse ademais coa mellor das tecnoloxías—. Déronse os cursos pertinentes, e non foi nada doado. Non foi nada doado porque ata a alcaldesa non permitía que os técnicos municipais asistiran aos cursos, co cal tiñamos días postos, horas postas, aparecía a empresa e resulta que os empregados municipais non podían aparecer porque alguén lles estaba coartando esa liberdade para que fora así.

Ao final conseguiuse, conseguiuse despois de moitos ires e vires. Entregouse, entregouse. E é que non se podía facer nada máis que a recepción polo Concello de Lugo. Aí estaban as actas, aí estaban os técnicos, e eran técnicos da Xunta de Galicia, eran técnicos do Concello, pero incluso tamén eran auditorías externas. E a pesar de todo iso, agora cúmprense dous anos da entrega dese auditorio e segue pechado. E ¿saben por que segue pechado? Primeiro, porque imaxino que non saben moi ben o que facer con el.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Grazas, ten outro turno despois.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): E, segundo, porque hai unha...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas.

Grazas, ten outro turno.

(Aplausos.)

Réplica do señor Carballo.

O señor CARBALLO PÁEZ: Grazas, presidente.

E grazas, conselleira, por esa valoración que vén reflectir o compromiso do Goberno galego coas infraestruturas culturais na cidade de Lugo fronte a ese desprezo do bigoberno municipal para dar contido e deseñar un modelo de xestión para ese novo auditorio municipal.

O que vemos en Lugo todos os días, conselleira, é que o bigoberno municipal só se puxo de acordo o primeiro día para facer o goberno máis caro da historia da cidade de Lugo, pero son incapaces de pórse de acordo para defender e xestionar os intereses xerais da cidade. *(Aplausos.)* Dínolo incluso o propio nome do auditorio. A señora Ferreiro, do BNG, anuncia a bombo e platillo nunha comisión que se chamaría auditorio Fuxan os Ventos; e ao día seguinte a señora alcaldesa desméntea dicindo que o nome se decidirá no seu día, botando abaixo a proposta do seu socio de goberno.

Detrás de todo, conselleira, o que temos en Lugo é que a parte socialista, que é a titular da infraestrutura nestes momentos, non quere que pase a ser xestionado pola parte nacionalista e a responsable de cultura. E, mentres, os lucenses e os galegos vemos como esa magnífica

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

infraestrutura se segue deteriorando, infraestrutura na que a Xunta, como di, investiu 25 millóns de euros.

Por iso tamén nos gustaría saber, conselleira, que opina o Goberno galego desa actitude do bigoberno municipal de desprezo a ese investimento na cidade de Lugo. Pero de todas formas, conselleira, non se deixe influír por eses que só pretenden desprestixiar o investimento da Xunta na cidade de Lugo polo simple feito de levar o selo do Partido Popular. Sempre terán vostedes o respaldo deste grupo parlamentario e tamén da cidade de Lugo. E, xa lle digo, será tamén un goberno municipal do Partido Popular quen poña esa infraestrutura a disposición de todos os lucenses, de todos os galegos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Carballo, grazas.

(Aplausos.)

Peche da pregunta pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señor Carballo, o que é demostrable cen por cento é que, por un lado, a Xunta de Galicia sempre ofreceu ao Concello de Lugo colaboración e coordinación absoluta. Créanme que tivo moitísima paciencia. Sobre todo, eu teño que pedir desculpas aos técnicos da Xunta de Galicia, porque tiveron un traballo inmenso. Non foi un traballo só de coordinación, senón moitas veces de aloumiñar simplemente para poder falar, o cal é moi triste.

Eu observaba os deputados do BNG e dáballes a risa. E eu non sei como lles pode dar a risa un investimento do Plan Hurbe de 25 millóns de euros e ter ese auditorio totalmente pechado. *(Aplausos.)* E está pechado porque non hai entendemento entre o BNG e o PSOE. Aquí non vivamos equivocados. Vese que a alcaldesa ten medo de que os do BNG teñan demasiada proliferación coas súas ideas, ou viceversa, pero non hai outra realidade máis ca esa.

Primeiro, é moi triste ver que unha infraestrutura como esta —unha infraestrutura da cal están todas as actas, está recepcionada, non houbo nin unha soa alegación a esa recepción— de repente, despois de dous anos, está totalmente pechada, sen ningún tipo de ventilación, e que se diga que ten defectos de carácter estrutural. É que é tremendo, e hai que ser moi pouco profesional para que isto sexa así.

En segundo lugar, cando un chega a un entendemento para poder gobernar durante catro anos, o mínimo é que lle dea explicacións á cidadanía. Explicacións non hai ningunha, absolutamente ningunha. Pero aquí alguén tería que poñer os papeis e as cartas boca arriba e dicir que hai unha deixadez de funcións en toda regra por parte do goberno municipal de Lugo. *(Aplausos.)*

Houbo investimento, construción do inmoble, mantemento durante moito tempo e incluso da parcela exterior, efectivamente. Desde que deixamos hai dous anos de facer o

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mantemento desa parcela, está como unha auténtica selva. Esa é a realidade. E, a partir de aí, ¿que ocorre coas instalacións? Efectivamente, son instalacións de última tecnoloxía. Non se abriu, non se ventilou, non se utilizaron os aparellos e agora dirán que é culpa dos demais que eses aparellos non vaian funcionar. Recibiron os cursos pertinentes e a cidadanía quere ver aberto o auditorio. Todos están desexando ver o auditorio, pero tamén as organizacións e as asociacións. E séguense rindo, rinse dos lucense, rinse de toda Galicia. *(Aplausos.)* É dicir, ¡como se poden rir dunha instalación que se rematou no ano 2016, *(Murmurios.)* que no ano 2019 se equipou, que no ano 2020 se entregou e que durante dous anos está pechada!

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo, grazas. Grazas, conselleira, terminou o tempo.

(Aplausos.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio!

Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración polo Goberno galego da sentenza do Tribunal Supremo de Xustiza que desestima a reclamación feita pola empresa concesionaria da AP-9 sobre o pagamento das peaxes en sombra de Rande e A Barcala

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Conselleira, hoxe o Grupo Parlamentario Popular quere interesarse por un asunto que ten as súas raíces nun tempo que trae moi bos recordos ás súas señorías da oposición, o do Goberno Bipartito. Durante aqueles anos —gloriosos anos segundo a propaganda oficial do momento— Galicia era unha terra feliz na que existía un goberno perfectamente coordinado, no que non había lugar para as desavinzas entre nacionalistas e socialistas, a TVG era un remanso de obxectividade informativa e incluso os eólicos eran unha bendición para a nosa terra, un lugar onde os cans se ataban con longaínzas e os recursos públicos eran infinitos. E calquera que desmentise esta idílica versión da realidade galega era un —cito literalmente— «desesperado que mascaba a derrota».

Pero todo soño ten un final e «o soño bipartito» rematou cando os galegos foron convocados ás urnas e dixeron o mesmo que din sempre que se lles dá voz: que Galicia está mellor gobernada cando a goberna o Partido Popular de Galicia. *(Aplausos.)*

E aqueles felices anos de esmorga orzamentaria trouxeron como consecuencia unha longa resaca de crise, paro, ameazas de rescate pola Unión Europea e tamén de cargas inasumibles para Galicia. Entre as múltiples e desagradables consecuencias daquela resaca atópase a cuestión sobre a que hoxe nos interesamos: o financiamento con cartos dos galegos das obrigas que correspondían exclusivamente ao Goberno do Estado. Porque iso foi exactamente o que pasou cando se tomou a decisión de establecer peaxes na sombra en Rande e na Barcala. A Xunta máis nacionalista da nosa historia asumiu que era normal que os galegos

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dedicasen 400 millóns de euros das arcas públicas galegas para reducir o custo das peaxes nunha autovía de titularidade exclusivamente estatal. Así entenden os nacionalistas galegos a defensa da autonomía e o autogoberno cando lles toca gobernar, e así actúan os socialistas galegos cando teñen que escoller entre defender os intereses de Galicia ou os intereses dun presidente socialista.

Afortunadamente a coincidencia dun presidente popular en Galicia e dun presidente popular en España puxo fin a este disparate, e o Estado pasou a asumir o custo íntegro desa medida e liberounos daquela inxusta carga. *(Aplausos.)* Galicia recuperou 400 millóns de euros que permitiron aumentar os recursos destinados á sanidade pública, á educación pública e ás políticas sociais. Pero, como nada é eterno, volveron os socialistas ao Goberno e, aínda que pareza incrible, o goberno de Pedro Sánchez volve reclamar ao Goberno galego o pago da metade das peaxes de Rande e da Barcala. Afortunadamente a colonización socialista das institucións aínda non chegou a todos os estamentos da xustiza e por iso hoxe podemos preguntar sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre a sentenza do Tribunal Supremo que desestima esta tropelía que o goberno do señor Sánchez pretendía impoñer aos galegos.

Moitas grazas, conselleira. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Pazos.

Para contestar á pregunta ten a palabra a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Váquez Mourelle): Grazas.

Pois, señoría, o certo é que para nós, como Xunta de Galicia, é moi satisfactorio poder estar hoxe aquí no Parlamento e poder facer a valoración sobre esa sentenza do tribunal, porque son moi boas novas na defensa lexítima que facemos dende a Xunta de Galicia dos intereses dos galegos. Nestes tempos, desgraciadamente, hai moitas noticias negativas en materia de mobilidade que teñen a súa orixe no Goberno de España. Temos a Lei de mobilidade sostible que impulsa o Goberno de España, temos o novo mapa de concesións de autobuses estatal, e unha noticia negativa máis en materia de mobilidade era que o Goberno de España, en alianza con Audasa, lles reclamaba aos galegos algo que non tiñan que pagar. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén darlle a razón á Xunta e, polo tanto, darlles a razón aos galegos: os galegos non teñen que pagar esa compensación a Audasa pola peaxe en sombra da autoestrada estatal en Rande e A Barcala.

Polo tanto, é un gran alivio para as arcas públicas, pero, sobre todo, un gran alivio para o peto dos galegos. Non estamos a falar soamente de aforrarlles aos galegos 15,6 millóns de euros, senón que estamos a falar de aforrarlles aos galegos 400 millóns de euros de aquí ao final da concesión. Polo tanto, estamos moi satisfeitos pola sentenza do tribunal, por conseguir aforrarlles 400 millóns de euros aos galegos e corrixir esta grave inxustiza que pretendía o Goberno de España, xunto con Audasa, a de que pagaran os galegos algo que non tiñan que pagar. Era un despropósito pagar unha bonificación dunha autoestrada estatal cos cartos dos galegos, e tivemos que desfacer ese convenio do Bipartito na época de

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rodríguez Zapatero, no ano 2006, no que a Xunta de Galicia do Bipartito e o Goberno de España socialista acordaron que a metade fose cos cartos dos galegos.

E, polo tanto, estamos satisfeitos por esta sentenza, unha sentenza que se vén sumar a outra sentenza que tamén lle negou rotundamente a Audasa cobrar da Xunta de Galicia esas bonificacións da AP-9 en Rande e A Barcala. Foi rotundo o tribunal dicindo que non lle corresponde á Administración autonómica pagar por esas peaxes desa AP-9 de titularidade estatal en Rande e A Barcala. E defendemos dende a Xunta de Galicia o sentido común: as bonificacións dunha peaxe estatal tenas que pagar o Goberno de España, porque é de titularidade estatal, un argumento que xa acordamos no ano 2017 —goberno de Mariano Rajoy e Xunta de Galicia—, polo cal era o Estado, o Goberno de España, quen pagaba a totalidade. E, polo tanto, felicitámonos por que Galicia ganase con esa sentenza, e tamén lamentamos esa pretensión do Goberno de España de endosarlles aos galegos unha débeda que nunca tiveron que ter pagado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Pois moitas grazas, conselleira.

Grazas pola resposta, por actuar, sobre todo, en defensa dos intereses de Galicia e, por min, por aplicar un ben cada día máis escaso na política española e galega: o sentido común —tan necesario fronte á demagoxia—, o sentido común que impulsou a construción dunha vía que hoxe se converteu na arteria principal da mobilidade galega fronte á demagoxia de quen a cualificaba como «unha navallada» ao territorio; o sentido común que indicaba que Galicia non tiña que pagar esta peaxe fronte á demagoxia —por certo, dalgún entusiasta sanchista que non só pedía que seguísemos pagando senón que chegou a pedir aquí, en sede parlamentaria, que puxésemos máis cartos dos galegos para bonificar peaxes estatais—.

Conselleira, este grupo quere felicitar o Goberno galego por facer oídos xordos a estas propostas e defender ata o final o tratamento xusto que Galicia merece e exixe. E por iso queremos animalos a continuar por esa vía, exixindo, por certo, a transferencia da AP-9 nos termos acordados neste Parlamento e non con esa cesión *low cost* que defenden agora os socialistas alá en Madrid e que calan aquí en Galicia.

Por certo, vostedes comprenderán que, como redondelán, non podo rematar esta pregunta sen recordar tamén os compromisos que o Goberno de España ten pendentes coa miña vila respecto da AP-9. En primeiro lugar, a eliminación total e definitiva da peaxe máis inxusta de España, a de Redondela, e a execución das obras de compensación pola ampliación da ponte de Rande —pendentes, por certo, dende hai máis tempo do que os redondeláns somos quen de recordar—. E se o goberno do señor Sánchez, pola razón que fora, non é quen de cumprir, pois sempre ten a opción de convocar eleccións. Estou seguro de que esa sería unha elección motivo de alegría para a comarca de Redondela, e estou seguro de que tamén motivo de alegría para os veciños dos Peares. *(Risos.)*

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pazos.

Para a réplica do Goberno ten a palabra dona Ethel María Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois o certo, señoría, é que nós, dende logo, como Xunta de Galicia pensamos que os investimentos públicos teñen que ir aos cidadáns, teñen que ir ao territorio e non teñen que ir a concesionarias privadas —como Audasa na AP-9—. Eses 400 millóns de euros que pretendía o Goberno de España que destinaramos a Audasa dende Galicia pois nós ímolos destinar ao territorio, aos cidadáns. *(Aplausos.)* E, por suposto, quedarán en Galicia e non se pagarán a Audasa como se pretendía por parte do actual Goberno de España. *(Aplausos.)*

Nós temos falado moito da AP-9. Temos falado da AP-9, dese informe da Comisión Galega da Competencia —e seguimos agardando ao Goberno de España—. O informe da Comisión Galega da Competencia indica claramente que esas subas exponenciais da AP-9 autorizadas no ano 2011 —polo tanto, por un goberno socialista— son excesivas, e son axudas de Estado. Seguimos sen resposta por parte do Goberno de España a pesar de telo denunciado.

Tamén temos falado moito do Consello Consultivo de Galicia, dese informe no que indica que esas subas exponenciais acordadas por un goberno socialista en España para a AP-9 son nulas de pleno dereito. Témolo denunciado ante o Goberno de España e seguimos esperando. E, dende logo, pedimos en innumerables ocasións medidas que evidencien e que palíen estas subas extraordinarias acumuladas, o que supón un enriquecemento de Audasa. Pedimos en innumerables ocasións, en múltiples ocasións, que se revisaran eses acordos e seguimos esperando.

Todos coincidimos en que a AP-9 é unha autoestrada fundamental que vertebra o 60 % do noso territorio. E o certo é que, bueno, falaba na miña primeira intervención desas dúas sentenzas xudiciais recentes. A última deixa moito máis claro aínda que ten que ser o Goberno de España quen subvencione esas compensacións de peaxe dunha autoestrada estatal. Tamén falamos moito aquí da transferencia da titularidade da AP-9, unha tramitación que seguimos demandando e da que nada se sabe dende o pasado 21 de setembro —que se paralizou cun cambio de criterio que vimos no Grupo Socialista—. Ese bandazo, dende logo, non o comprendemos, e agardamos unha explicación sobre esa transferencia da AP-9 que seguimos demandando e sobre que se rachase o acordo unánime desta Cámara.

E, dende logo, sobre as bonificacións e a repercusión desas bonificacións, o certo é que vimos como deses 55 millóns de euros que se destinaron á bonificación da AP-9 se deixaron de gastar 38 millóns de euros. ¿Por que non se poden destinar, polo tanto, 3,2 á subvención da AP-53, que non ten ningunha subvención? Tamén o rexeitan.

Nós —insistimos— defendemos os intereses dos galegos e conseguimos que eses 400 millóns de euros non se paguen a Audasa e queden no territorio, queden en Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de Dª Carmen María Pomar Tojo e once deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información dispoñible por parte da Xunta de Galicia en relación coas circunstancias, causas e posibles solucións en que traballa o Goberno de España para a reparación do viaduto colapsado na A-6

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por un tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, poderá imaxinar perfectamente vostede a enorme inquedanza que provoca comprobar como se desploma un dos principais viadutos da autovía do noroeste, da A-6, preto do municipio lucense de Pedrafita. É lóxico que estean alarmados os veciños da zona, os transportistas, os usuarios desta vía, que non deixa de ser unha das principais portas de entrada a Galicia desde a Meseta.

Algúns medios apuntaban a que desde a súa inauguración en 2001 ata o momento do colapso soportou un paso duns 150 millóns de vehículos. En todo caso, o que si sabemos é que tiña unha intensidade media de paso de 10.000 vehículos ao día. E causa alarma observar como veu abaixo unha obra de enxeñería destas características. Ninguén nega o desafío técnico que supuxo sortear o paso do porto de Pedrafita, pero o que non sabiamos era que ese paso [...] *(Inaudible por un breve corte na gravación.)*. E gustaríanos saber se o Ministerio de Transportes xa foi máis preciso e lle trasladou as causas deste derrubamento, se teñen que ver con algún defecto oculto que non se tiña detectado tras un ano de traballos nesa zona nese mesmo treito ou se incluso puido deberse a problemas posteriores derivados da súa reparación. Ante a alarma, necesitamos información, ter datos e telos con transparencia; pedirémolos hoxe mesmo nesta Cámara pola unanimidade dos tres grupos que a formamos.

E necesitamos saber tamén en que está traballando o Ministerio para dar unha solución efectiva ao peche da circulación nesa autovía —que lles está a xerar un problema certamente relevante a moitas empresas, aos transportes e usuarios recorrentes desta vía—. Nese senso, permítame felicitala a vostede e ao seu equipo porque polo menos, ante a inacción do Ministerio, a súa consellería e vostede actuaron e tomaron a iniciativa de poñer alternativas de circulación, de mobilidade. E non debemos esquecer que o Ministerio de Transportes é a administración competente no mantemento, conservación e, se é o caso, a reparación desta autovía.

Señora conselleira, gustaríanos que nos aclarase que información dispón a Xunta de Galicia en relación coas circunstancias, as causas e as posibles solucións nas que traballa o Goberno de España para a reparación do viaduto da A-6 colapsado.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Para responder, ten a palabra a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade por tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois, señoría, pode imaxinar a preocupación que temos na Xunta de Galicia e todos os galegos polo colapso do viaduto na A-6, que non ten precedentes nas obras públicas do país. E estamos especialmente preocupados polo impacto económico e social dese colapso da A-6, que é unha das principais vías de comunicación entre a Meseta e Galicia e que é, dende logo, fundamental para a mobilidade das provincias da Coruña e Lugo coa Meseta.

O certo é que o peche desta autovía, que é excepcional, vemos claramente que se vai prolongar no tempo, e iso son repercusións moi negativas e cuantiosas para os intereses económicos de Galicia. Estamos no inicio do verán, estamos nun ano Xacobeo e estamos a falar dunha estrada fundamental para o paso do transporte de vehículos, de transportes especiais, de transporte de mercadorías, que xa están nunha situación realmente complexa pola suba dos carburantes e moi castigado. E, polo tanto, estamos sen alternativas para os transportes especiais, para o transporte de mercadorías e tamén para ese paso continuado de moitos vehículos pesados pola propia travesía de Pedrafita.

Transcorreron tres semanas —en concreto, vinte e tres días— e constatamos xa non con preocupación, eu diría que constatamos con alarma que non temos nada de información. Non sabemos nada das causas do colapso, non sabemos nada das alternativas viables, rápidas e áxiles para facilitar a mobilidade do transporte de mercadorías e dos transportes especiais. E o máis perturbador é que tampouco sabemos a ciencia certa se é certo que se iniciou esa enxeñería forense para analizar as causas do colapso.

Dende a Xunta de Galicia solicitamos transparencia máxima, axilidade máxima, para evitar especulacións e evitar inquedanzas. Porque a falta de información o que xera é a especulación, e é o que está a fomentar o Goberno de España ao non dar información. E o certo é que vemos dous vanos colapsados, e trasladóusenos que se ía agardar incluso a que colapsara o terceiro. Eu creo que gobernar é, dende logo, actuar e non limitarse a observar. E gobernar tamén é decidir. Nós trasladamos tres alternativas, e tamén constatamos algo moi relevante, e é que hai 26 millóns de euros investidos nunha obra de emerxencia, que leva un ano pechado ese viaduto coas obras de emerxencia e, polo tanto, supervisándose e actuándose nese viaduto. E o resultado deses 26 millóns de euros e un ano pechado pois aí está: o colapso do viaduto.

É algo moi relevante, insólito e inaceptable que teñamos que agardar ata mañá a que nos dean alternativas. É inexplicable que a Xunta de Galicia tarde moito menos en ter alternativas que o Goberno de España en decidir sobre esas alternativas.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra novamente o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

E grazas, señora conselleira, pola súa información. Pero, sinceramente, non podemos entender nin podemos compartir nin podemos avalar a actitude que está a ter neste momento o Ministerio, para quen saber as causas e traballar na solución non parece ser unha prioridade.

Vostede díxoo, hai preocupación, efectivamente, hai preocupación en Galicia, por suposto, preocupación nunha boa parte da provincia da Coruña e moita preocupación na provincia de Lugo, na que o noventa e moitos por cento viaxa por esa autovía. Hai impacto económico e social, por suposto, porque esa é a saída da despensa de España nos produtos importantes, nos produtos da pesca, nos produtos da agricultura, nos produtos lácteos de Galicia. E non hai nada de información. Pero, sobre todo, señora conselleira —e vostede é unha profesional, que é enxeñeira de camiños—, hai algo que chama a atención. Este viaduto leva vinte e un anos operativo, leva un ano en reparación, o director dixo el mesmo que o ían abrir este verán unha vez que terminaran as obras, gastáronse 26 millóns de euros en reparalo e, unha vez que aparentemente estaba reparado, cae abaixo. Levamos vinte e tres días esperando e non hai ningunha solución. E neses vinte e tres días, aos trece días cae a outra parte e non se sabe que se vai facer co que queda, se se vai esperar tamén a que caia. Nin se sabe o tempo que vai estar a autovía cerrada. Cando menos, algunha responsabilidade de alguén ten que haber.

E, señora conselleira, eu xa sei o que quere facer o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego: queren meter o Partido Popular co Partido Socialista. Pero quen goberna neste momento e quen ten a responsabilidade é o Partido Socialista, o señor Sánchez. Tamén a ten o Partido Socialista en Galicia; e o Bloque, que o apoiou.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Moitas grazas.

(Fortes murmurios.)

Silencio. Despois protestan cando lles toca do outro lado.

Para a réplica, a señora conselleira. Ten tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Váquez Mourelle): Grazas.

Pois, señorías, levamos vinte e tres días dende o colapso do viaduto na A-6 e non temos nin información nin solucións para a mobilidade e a conectividade a través da A-6 e conectar

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia coa Meseta a través dese eixe necesario e imprescindible para as provincias de Lugo e A Coruña.

O certo é que nos din que temos que agardar ata mañá, a ver se nos ofrecen algunha solución e se nos dan opinión sobre as alternativas que trasladamos desde a Xunta de Galicia. Volvo insistir en que é inexplicable que a Xunta de Galicia faga e propoña en menos tempo —con trazados, con plantas, con perfís, con seccións— tres alternativas e se tarde moito máis en decidir sobre esas alternativas. E, como dicía vostede, o certo é que non tería que ser agardar ata mañá, tiña que ser antonte xa, para que nos dean información sobre as alternativas e, sobre todo, solucións.

Nós cremos, traballamos e practicamos a lealdade institucional. Pedimos unha mesa de traballo, pedimos un grupo de traballo. Rexeitóusenos ese grupo de traballo sendo leais e construtivos. Foi rexeitado ese grupo de traballo para ter información en tempo real e para ter información puntual. Achegamos solucións para garantir o tráfico do transporte especial —que está sendo un mazazo fundamentalmente para o porto de Ferrol—. E é esa a nosa prioridade, achegar solucións agora que está pechado o viaduto da A-6.

Remitimos o pasado xoves tres alternativas viables, tres alternativas que fixemos en moi pouco tempo. E estalle a levar moito máis tempo ao Goberno de España decidir e opinar sobre tres opcións que son viables e que permiten o tráfico de transportes especiais, que permiten o tráfico de mercadorías e que evitan o paso de todo ese tráfico de case dez mil vehículos diarios pola propia travesía de Pedrafita, que causa inseguridade viaria, ruídos e certos problemas. Eu insisto en que é inexplicable que a Xunta de Galicia tarde menos tempo no deseño de tres alternativas que o Goberno de España en avalialas, decidir, e que nos diga sobre elas que haxa que esperar a mañá.

E, insisto, son tres alternativas viables. A que consideramos máis idónea é un ramal directo entre a nacional VI e a A-6 antes dos túneles de Pedrafita e unha vez pasado o propio viaduto colapsado. Hai outra alternativa, que é habilitar con dobre sentido o ramal xa existente e tamén entrar antes dos túneles de Pedrafita. E outra alternativa é unha circunvalación.

Eu non entendo que teñamos que agardar ata mañá para un problema que é de índole nacional. Conscientes da complexidade do problema xa non estamos preocupados, eu diría que estamos alarmados, porque non temos respostas, non temos solucións eficaces e viables para garantir a mobilidade. E insisto en que temos tres alternativas, respostas e solucións inmediatas, a ver que nos din mañá, porque non puido ser antonte.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de Dª Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a colaboración do Goberno galego co Goberno central na mellora do mapa de transportes

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra dona Patricia Otero.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Conselleira, a verdade é que vostede agora pedía celeridade. Eu quero recordarlle tamén, como dicía vostede, que gobernar é actuar e que tardaron máis de corenta e catro días, cando se derrubou esa estrada do Courel, de competencia autonómica, en artellar un desvío provisional. Polo tanto, aplíquense os mesmos feitos. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, conselleira, vostedes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora conselleira, saben, aínda que non o queiran recoñecer, que son numerosas as queixas que ao longo de todo o territorio galego se están a dar, tanto de colectivos de usuarios así como dos propios concellos, no relativo ao funcionamento do servizo público galego de transportes por estrada: atrasos e reducións de frecuencias, supresión de servizos sen previo aviso, falla de publicidade de horarios, falta de prazas nos autobuses, anuncios de mellora feitos por vostedes e incumpridos reiteradamente, faltas de puntualidade, nenos e nenas que chegan tarde aos colexios, nenos e nenas que quedan máis de media hora esperando na parada do autobús, ou autobuses escolares que xa nin sequera aparecen e deixan tirado o alumnado.

A Xunta de Galicia nega esta realidade existente, que consiste en que moitísimos cidadáns todos os días non teñen un servizo público de transporte por estrada que se adecúe nin minimamente ás súas necesidades. Estamos a ver cada día —repito— como son constantes estas queixas.

Dende este grupo parlamentario témoslle pedido en numerosas ocasións que escoite as queixas e demandas dos usuarios, que as analice para atopar solucións, que reformule os pregos de contratación para dar resposta e se adecúen ás necesidades de mobilidade dos galegos e das galegas. Non abdiquen tampouco das súas responsabilidades de control e inspección sobre os contratos asinados coas adxudicatarias e, no suposto de detectar incumprimentos, procedan a sancionar.

Perante esta situación, a Xunta nega esa realidade —repito— e di que se trata de problemas puntuais e non de problemas estruturais. E, se non recoñecen a realidade e os problemas, dificilmente van atopar solucións.

Agora, en vez de resolver esta situación e de poñerse a traballar, de gobernar —que é actuar, como vostede dicía—, buscan un novo elemento de confrontación co Goberno central —niso si que son especialistas—: un documento que terxiversan, un documento que empregan torticeiramente para tapar as súas propias vergoñas, señora conselleira. E estou a falar do borrador do Plan de transporte estatal, que vostede sabe que se trata dunha proposta inicial, dun borrador que se realizou para traballar de maneira coordinada e conxunta coas comunidade autónomas. Este plan en fase de borrador —con aplicación temporal 2024— pretende mellorar e actualizar un mapa concesional de transportes que está obsoleto. Ten máis de trinta anos.

Pedímoslles que aproveiten a oportunidade para melloralo, que deixen de facer de comentaristas deste borrador, de emitir bulos e que se poñan a traballar na mellora deste

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

documento. Por iso, ¿vai a Xunta colaborar co Goberno central na mellora do mapa de transportes?

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a contestación ten a palabra a señora conselleira de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Váquez Mourelle): Vexo que defende vostede máis ao Goberno de España que aos galegos na cuestión do viaduto. *(Murmurios.)* Polo tanto, nós seguiremos defendendo, dende logo, a Galicia mentres vostedes intentan defender o indefendible, que son as accións do Goberno de España atacando a Galicia.

Eu veño aquí respostar á súa pregunta, que a teño por escrito. A pregunta, cando empecei a ler o primeiro parágrafo, falaba de urxencia —¡emoción por ver cal era a urxencia!—; o segundo parágrafo fala do Plan de transporte de Galicia. Pois fálame no primeiro parágrafo da urxencia do Plan de transporte de Galicia, que está xa implantado na súa totalidade desde decembro de 2020, que xa se iniciou en 2017, e máis ben no 2009, cando chegamos ao Goberno e tiñan unha desfeita porque entraba en vigor un regulamento europeo que, pola súa inacción, o que facía era dilapidar todas as liñas de transporte, e tivemos que dar solucións. Iso si que é non actuar, é a inacción absoluta.

Cando cheguei ao segundo parágrafo tamén falaba vostede de que hai que adaptar mellor as liñas de transporte. Coincido, coincido con vostede en que hai que adaptar as liñas de transporte ás necesidades de Galicia e ás necesidades do territorio. Eu asumo as súas propias palabras e pídolle ao Goberno de España que recapacite, modifique e mellore o seu mapa de concesións, e que as adapte ás necesidades dos galegos e ás necesidades doutras comunidades autónomas. Porque non é a Xunta de Galicia a única que denuncia esta desfeita e o abandono do rural co novo mapa de concesións. Hai malestar en todas as comunidades autónomas e en moitos concellos. Hai un recorte drástico de paradas, señoría. Hai 23 concellos que quedan sen parada, 76 servizos interiores que se eliminan, 1.100 rutas que xa non teñen servizos directos. Polo tanto, hai un malestar que non soamente é da Xunta de Galicia, senón de moitas comunidades autónomas.

O Goberno de España non primou o interese social nin o interese público no plan de transporte. Si, pódolle dar moitísimos datos. O que primou foi a rendibilidade económica das concesionarias do transporte. Iso é o que primou para deseñar ese mapa de transporte e pídeme que veña defender e colaborar co Goberno de España no mapa de concesións de transporte estatal, un plan que non contribúe a facer país, un plan que non vertebra o territorio. ¿É así como vostedes queren contribuír tamén á mobilidade sostible, eliminando paradas, recortando servizos do noso rural e do rural enteiro de España? ¿Pídeme que colaboremos co Goberno de España neste mapa de transportes? Dende logo que coa pregunta eu quedei perplexa cando a lin e agora cando lla volvín escoitar.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós imos presentar alegacións. Temos convocados os concellos afectados o luns —eses vinte e tres con paradas eliminadas— e sumaremos esforzos para pedir a rectificación dese mapa de transporte. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, vexo que hai moi pouca coordinación entre o Goberno galego e o grupo parlamentario que sustenta o Goberno, porque a maioría das iniciativas que trouxo a debate o Grupo Parlamentario Popular foron polo trámite de urxencia. Eu, a verdade, non sei de que se estraña vostede. *(Aplausos.)*

Eu estaba a dicirlle que aproveitara a oportunidade, que aproveitara a oportunidade porque vostede sabe —e está a mentir aquí en sede parlamentaria— que o documento que presentou o Goberno de España é un documento aberto, é un borrador sobre o que se pode traballar. Se o Goberno galego considera que ese documento se pode mellorar, eu o que lle pido é que practique por unha vez iso que predica tanto vostede e que lle pide ao Goberno central: a lealdade institucional. Nesa lealdade institucional, colabore co Goberno central, faga as aportacións que crea pertinentes o Goberno galego e complemente e mellore ese mapa concesional. Porque a verdade é que é unha oportunidade.

Pero é que lle corresponde tamén ao Goberno galego complementar e harmonizar os servizos da Xunta cos do Estado. Pero asegúrense vostedes de que funcionen os nodos desde as principais localidades cara a outras comunidades autónomas e que tamén funcione o transporte dende as zonas do rural —ese que tanto din querer e tanto din protexer— cara ás cidades, para posteriormente enlazar despois con outros territorios fóra da nosa comunidade, e para así garantir —que aí coincidimos, conselleira— as peculiaridades que ten Galicia no que respecta á dispersión territorial e poboacional.

Polo tanto, o que lles pedimos —se a vostedes non lles gusta ese documento— é que colaboren co Goberno central, que o melloren e que o fagan máis efectivo para os galegos e para as galegas. Pero tamén, como gobernar é actuar, actúen e melloren o Plan de transporte público por estrada de Galicia e adecúeno ás necesidades de mobilidade dos galegos e das galegas, que levan moitísimo tempo emitindo moitas queixas polo mal funcionamento deste plan.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Otero.

Para a réplica do Goberno, por tres minutos, ten a palabra novamente a conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Váquez Mourelle): Grazas.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, critícame vostede a min o que o Partido Socialista de Betanzos confirma que rectifique o Goberno de España: o mapa de concesións empregado no mapa concesional de liñas de transporte. Vostede ¿non sabe da moción aprobada polo Partido Socialista de Betanzos? Fale co Partido Socialista en Betanzos, que confirma o mesmo ca nós. *(Murmurios.)* Polo tanto, que rectifique o Goberno de España... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non me pida que apoie un mapa de transportes que incluso o Partido Socialista de Betanzos di que se rectifique. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Fala de colaborar co Goberno de España na mellora do plan de transporte. O plan de transporte estatal pedimos que se rectifique. Por iso imos manter unha xuntanza o próximo luns cos alcaldes para sumar esforzos, facer alegacións e todos xuntos solicitar que se rectifique ese novo mapa de transporte.

Pídeme aquí comparativas e que fagamos dende a Xunta de Galicia... Eu podo comparar o novo mapa de concesións estatal —que é unha poda aos servizos de transporte no rural— e o ambicioso plan de transporte público da Xunta de Galicia, eficaz e competitivo. E aí están os datos, porque o novo mapa de concesións, xunto co anteproxecto de lei de mobilidade que propón o Partido Socialista no Goberno de España e xunto con este novo mapa de transportes, é un modelo de inmobilidade. Se para vostedes a mobilidade sostible é que no noso rural non se mova ninguén, pois ¿que quere que lles diga? Non llelo podemos permitir nin, dende logo, aprobar.

Dinme que colaboremos. Dende logo, utilizar as comunidades autónomas como escudo para este tema paréceme un auténtico abuso. Porque o Goberno de España ten que financiar e ten que realizar os servizos de transporte que lle corresponden. *(Aplausos.)*

É algo moi sinxelo, vouno resumir en catro datos:

Paradas: o executivo central reduce nun 53 % as paradas; o noso plan de transporte incrementa un 160 % as paradas.

Servizos: o Goberno de España reduce nun 35 % os servizos con este novo mapa de transportes; a Xunta de Galicia incrementounos nun 97 %.

Rutas: o executivo central reduce nun 47 % as rutas; a Xunta de Galicia incrementa nun 270 % as rutas co novo plan de transporte.

En cuestión de cartos, o Goberno de España quere recortar e non destinar cartos. A Xunta de Galicia destina máis de oitenta millóns de euros no transporte público. Polo tanto, subvencionamos máis do setenta e seis por cento do transporte público interurbano —competencia da Xunta de Galicia— para que sexa máis accesible, xunto coas bonificacións, ademais, que facemos coa Tarxeta Xente Nova.

Polo tanto, nós si que colaboramos, nós si que traballamos polo transporte público, por un transporte sostible, e eu insisto en que o próximo luns quedaremos cos alcaldes para solicitar a rectificación, por parte do Goberno de España, deste novo mapa de concesións. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos agora á seguinte pregunta.

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a inclusión da oferta do novo bacharelato Xeral e o bacharelato de Artes para o curso 2022-2023 nos centros educativos do Val Miñor

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra dona María Leticia Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, conselleiro.

Hoxe traemos aquí unha reivindicación dos veciños e veciñas de Baiona, de Gondomar, de Nigrán e, concretamente, tamén unha reivindicación do IES Auga da Laxe, de Gondomar, que, no seu Consello Escolar, informou de que, segundo os datos ofrecidos pola Xunta de Galicia, este centro non vai contar coa nova modalidade de bacharelato Xeral nin coa modalidade de bacharelato de Artes para o curso 2022-2023.

O Consello Escolar deste IES dirixiuse á súa consellaría no mes de maio para solicitar a implantación no Val Miñor do bacharelato de Artes e da nova modalidade do bacharelato Xeral que, como acabo de dicir, se impartirá o ano que vén.

Ningún instituto, polo tanto, do Val Miñor tería o novo bacharelato Xeral nin o bacharelato de Artes. Por parte da veciñanza destes concellos e tamén do IES Auga da Laxe, valórase moi negativamente o feito de que a súa consellaría non incluíse ningún centro educativo do Val Miñor na selección de centros que van ofertar as citadas modalidades para o próximo curso; unha decisión que supón unha limitación importante para que o alumnado da comarca poida acceder a estes estudos, xa que se vería obrigado a facer un desprazamento que dificultaría moito a súa escolla do bacharelato.

Esta decisión da súa consellería de non ofertar o bacharelato Xeral o próximo curso en ningún centro educativo da comarca limita, aínda máis, o dereito do alumnado da zona a acceder ás diferentes vías do bacharelato, sobre todo, se temos en conta que tampouco se vai ofrecer no Val Miñor a modalidade de Artes, que supón unha discriminación para o alumnado e as súas familias.

Señor conselleiro, realmente gustaríanos que reconsiderase a súa decisión e estudase incluír a oferta do novo bacharelato Xeral e do bacharelato de Artes nos centros educativos do Val Miñor; unha comarca que, polas súas características xeográficas e polo seu volume de poboación, debería contar con todas as modalidades de bacharelato, sen ter que obrigar o seu alumnado a desprazarse fóra da súa zona.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso, hoxe o noso grupo parlamentario queremos apoiar esta reivindicación da veciñanza do Val Miñor e, por iso, a nosa pregunta é: ¿vai a súa consellería incluír a oferta do novo bacharelato Xeral e do bacharelato de Artes para o curso que vén nalgún centro do Val Miñor?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Espero, señor conselleiro... *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señora Gallego, moitas grazas.

Ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

En política, ás veces acértase e ás veces, non. Ás veces, as decisións son correctas, ás veces incorrectas e ás veces tamén se pegan tiros nos pés. E eu creo que, neste caso, é unha iniciativa na cal o Partido Socialista se pega un tiro no pé. Porque é, cando menos, curioso que, despois da sucesión de acontecementos educativos e de accións educativas impulsadas polo Partido Socialista —a inmensa maioría tremendamente desacertadas—, esteamos falando aquí do que acabamos de escoitar.

Todo o que ten que ver coa LOMLOE é un auténtico desacerto, e todo o que ten que ver coa súa tramitación, cos seus obxectivos e todo o que ten que ver tamén co seu desenvolvemento, cheo de improvisación, cheo de caos e cheo de descrédito. E todo o que ten que ver, en concreto, cos bacharelatos e, en concreto, co bacharelato Xeral é un auténtico —se me permite a expresión— desatino.

Dá a sensación de que o que existe realmente en toda esta acción política é un interese en xerar caos, en cambiar as cousas por cambiar, en improvisar, en banalizar e en cambiar por pura ideoloxía.

Porque, falando do bacharelato, hai que dicir que o bacharelato é unha etapa educativa tremendamente significativa, importante e decisiva nos alumnos. Todo o que coñecemos —véxase a tramitación dos currículos que se aprobaron por parte do Estado hai moi poucas semanas— fálanos de incertezas, de inseguridade e de frivolidade. Estase a falar da ABAU a través dos medios de comunicación. Temos unha serie de información, pero as comunidades autónomas non temos nin tan sequera un borrador do que se quere facer coa ABAU, coa significancia que ten para centos de miles de familias no conxunto de España e para moitísimas en Galicia.

Vostede fala de dúas modalidades de bacharelato. A verdade é que é difícil de entender por que se segrega e se fragmenta a modalidade de Artes en dúas diferentes: en Deseño e en Artes Escénicas, e por que se crea un bacharelato Xeral. Francamente, un bacharelato Xeral do que aínda non escoitamos unha explicación coherente de para que serve, que itinerarios

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

deseña, cales son os obxectivos didácticos, que opcións e oportunidades lles dá aos alumnos... ¡Non escoitamos nada!

E os datos son demoledores, ¡autenticamente demoledores! En Galicia —obrigados, obviamente, pola lei— ofertamos bacharelato Xeral en trinta e seis institutos. En nove, tivemos cero solicitudes; en tres, tivemos unha solicitude; en tres, tivemos dúas solicitudes, e así constantemente. É un invento que inventaron vostedes na LOMLOE e é un fracaso absoluto. Realmente, está ubicado nas cidades, nas áreas metropolitanas, nas cabeceiras de comarca, pero non xera ningún interese por parte dos alumnos. Co cal sorpréndeme...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...que vostedes estean defendendo algo que certamente... *(O señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten tres minutos despois.

Moitas grazas.

Señora Gallego, ten dous minutos.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidenta.

¿Como non?, todo un clásico, señor conselleiro: a culpa é do Goberno de España. ¿Como non? ¡Todo un clásico! Xa estamos acostumados a que aquí a culpa de todo sexa do Goberno de España. Pero, non me respondeu: ¿vai o Val Miñor ter algún instituto que teña o novo bacharelato Xeral e o bacharelato de Artes? ¿Pode responderme?

De verdade, voullo explicar, porque di que non sabe por que hai unha dobre vía da modalidade. O Goberno de España atendeu as reivindicacións dun importante sector da comunidade educativa para recuperar a dobre modalidade de Artes: Artes Plásticas, Imaxe e Deseño, e Música e Artes Escénicas. É dicir, foi unha reivindicación, ¡foi unha reivindicación!

E o novo bacharelato Xeral está pensado para aqueles estudantes que buscan unha formación máis global e flexible e permite unha configuración practicamente individualizada. Todo isto foron acordos coa comunidade educativa. Pero, claro, vostedes de acordos non entenden. Vostedes fan todo por unanimidade, non falan con ninguén, non dialogan e demais.

Pero, de verdade, vou ao tema. Os pais e as nais do Val Miñor están moi preocupados, ¡preocupadísimos!, polos estudos dos seus fillos e fillas, xa que moitos deles non poderán facer o novo bacharelato nin o bacharelato de Artes porque non os van ter no Val Miñor e non queren que os seus fillos se despracen. ¿Sabe cal é o instituto máis cerca no que poden facelo? En Mos. ¿Sabe por que? Porque nos de Vigo xa non hai prazas, dende un principio. A

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mos teñen que ir dende Baiona, dende Gondomar ou dende Nigrán, e os pais, loxicamente, non queren iso. Creo que é bastante fácil de entender.

De verdade, ¿cal é a explicación de por que non vai haber bacharelato no Val Miñor, nin o bacharelato Xeral nin o bacharelato de Artes? Por certo, tampouco o hai no Baixo Miño. Non sei que pasa aí, de Pontevedra para baixo, para o sur.

Se pode explicarmo, agradeceríallo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Gallego.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Pois si, señora Gallego, vou estar de acordo con vostede nun tema: a culpa é do Partido Socialista que goberna en Madrid, *(Murmurios.)* non o dubide nin un minuto, ¡non o dubide nin un minuto! *(Aplausos.)* Á parte, vostede acaba aquí de confirmalo. ¿Di vostede que o bacharelato Xeral é froito dun acordo e dunha demanda da comunidade educativa? Trinta e seis institutos en Galicia: demanda en nove, cero e en tres, unha solicitude. ¡Está ben, hai unha solicitude! E en tres, dúas. E así podíalle seguir dicindo.

E vostede e este grupo parlamentario non se preocuparon en ningún momento da improvisación, do caos que xerou a aplicación da LOMLOE e preocúpanse dun caso concreto dun instituto concreto, que demanda unha modalidade concreta de bacharelato que é un fiasco, e teñen que recoñecer que é un auténtico fiasco.

Vostede non falou aquí dos decretos de bacharelato. Estou seguro de que en setembro, ao mellor, son capaces de pegar outro tiro no pé e, ao mellor, son capaces de dicir que os decretos de bacharelato non están definitivamente publicados por parte da Xunta. Serán capaces de dicilo, tal e como están dicindo o que están dicindo. E eu direilles: miren, dende outubro do ano pasado, estámoslles dicindo ao Estado que publique os decretos de bacharelato. E iso é así, ¡é literalmente así!

Co cal realmente o que se plantexa dun caso concreto, dun bacharelato concreto e de dúas modalidades concretas de bacharelato ten pouco sentido; certamente, ten mínimo sentido. E, á parte, xa non é que o diga a Xunta e que o diga este partido político. Hai un medio de comunicación, fíxese vostede, sospeitoso de proximidade ao Goberno como é *El País* —e dígoo literalmente porque está publicado— dixo hai moi pouco tempo... E digo que é moi próximo porque nos enterabamos moitas veces das cousas do Ministerio por *El País* e non pola información do Ministerio, por iso ten que ser moi próximo e ter moito coñecemento interno do Ministerio, porque era francamente curioso que para enterarse do que ía dicir o Ministerio *(Risos) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* nas conferencias sectoriais tres días antes o sabiamos por *El País* e tres días despois chegábanos a documentación ás consellerías. Por iso digo que é importante. *(Murmurios.)* Fíxese o que di *El País*, altavoz cuasi

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

real do Goberno: «*El nuevo bachillerato general fracasa*». Dío *El País* o 8 de xuño do ano 2022: «*El nuevo bachillerato general fracasa. Comunidades e institutos renuncian a desplegar a gran escala la modalidad por problemas organizativos y retraso en el desarrollo de la Ley de educación*».

Por moito que insistan é un auténtico fracaso. O bacharelato Xeral é un fracaso. «*¿Dónde están los alumnos para bachillerato General?*», preguntábase outro medio de comunicación. Os datos son clarísimos, ¡os datos son clarísimos!

En todos os institutos de Galicia imos ter as dúas modalidades de Ciencias e de Humanidades, sen dúbida. En todos os institutos onde había bacharelato das Artes vai seguir habendo. En todos os institutos onde ofertamos bacharelato Xeral, en caso hipotético de que exista posibilidade...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...ímolo dar. E os datos... *(O señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. *(Murmurios.)*

Moitas grazas, señor conselleiro. *(O señor Torrado Quintela palabras que non se perciben.)*

Ben, vamos ver... ¡Señor Torrado, por favor! *(Aplausos.)*

Eu recoñezo que poden estar cansados, que foron dúas sesións intensas, pero eu creo que debemos de respectarnos, ¿non? Se non lle deixan contestar... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Podes comprobalo, ¡eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu creo que non está sendo moi xusta na valoración, pero imos ir á segunda... *(Murmurios.)* Non, porque...

A ver se nos tranquilizamos e imos á seguinte pregunta. Polo menos, se escoitamos con respecto e educación cando se intervén, seguro que os tempos será moito máis fácil controlalos tamén.

Imos á seguinte pregunta.

Pregunta de Dª María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra dona María do Carme González Iglesias por tres minutos.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Boa tarde a todas e a todos.

Quero dar a benvida, en primeiro lugar, ao comité de empresa de Ilunion, que hoxe nos acompaña neste hemiciclo. ¡Benvidos!

Ilunion Servizos Industriais é un centro especial de emprego que presta servizo no sector da automoción. En Vigo e na súa área traballan para Ilunion máis de seiscentas persoas en Stellantis, Benteler, Denso ou Lear. A precariedade e a inseguridade laboral que sofre o persoal de Ilunion, xunto cos altos ritmos de traballo aos que están sometidos, non se axustan ás finalidades para as que foron constituídos os centros especiais de emprego. Os traballadores e as traballadoras de Ilunion fan o mesmo traballo e nas mesmas condicións que as persoas que traballan para Stellantis e para o resto da industria da automoción en postos sen adaptar, pero con salarios máis baixos e con peores condicións de traballo. Reciben un salario arredor dun 25 % inferior ao que percibe unha persoa sen discapacidade facendo o mesmo traballo e nas mesmas condicións. Unha traballadora de Ilunion cobra arredor de 1.050 euros brutos, mentres unha traballadora de Stellantis cobra 1.300 euros brutos, segundo o convenio do sector.

A Orde de axudas a centros especiais de emprego da Consellería de Emprego e Igualdade, no artigo 4.3, di que as condicións do posto de traballo deben adaptarse ás condicións individuais de cada persoa, de xeito que esta poida desenvolver as tarefas básicas do seu posto de traballo sen menoscabo das súas capacidades. A realidade é que os postos de traballo non están adaptados en Ilunion; son as persoas as que se adaptan ao posto de traballo e non o posto de traballo ás persoas, como marca a normativa.

Como dato, cómpre dicir que arredor de seis persoas non superan o período de proba todos os meses. A presión á que está sometido este persoal, debido aos altos ritmos de traballo que marca a cadea de montaxe, xunto coa falta de adaptación do posto, provoca numerosas baixas, xa que nas persoas con discapacidade se agravan as súas doenzas ou aparecen outras pola súa condición, e vense obrigadas a coller unha baixa. Non reciben a formación obrigatoria establecida por lei. A formación debería durar quince días, nos que deberían estar acompañados no posto, e ao cuarto ou quinto día xa os deixan sós e toda a responsabilidade cae sobre eles.

A súa consellería concedeulle a Ilunion nos últimos tres anos axudas por máis de 6.700.000 euros para promover a integración laboral das persoas con discapacidade. E é moi significativo que nestas axudas só 8.000 euros sexan para a adaptación de postos de traballo. ¿Que mecanismos de control fixo a súa consellería para que estas axudas se axusten á orde? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora González.

Para contestarlle, ten a palabra dona María Jesús Lorenzana Somoza por tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A ver, señora González, plantexa vostede un montón de cuestións todas mesturadas. Eu vou tratar de estruturar a resposta. Ademais, o comité de empresa creo que tivo bastantes reunións coa Inspección de Traballo e coa dirección xeral, co cal coñece ben o asunto.

Axudas concedidas a este centro especial de emprego, —efectivamente, eu teño os datos dos dous últimos anos—, 5,7 millóns, dos cales —non é a cantidade que vostede di—, unidades de apoio nestes dous anos, xa soamente 332.000 euros; en investimento a activos e asistencia técnica, 174.000 euros... Ben, en calquera caso, a totalidade destas axudas, como subvencións públicas, están, evidentemente, xustificadas e, polo tanto, pagadas e revisadas. Isto é unha cuestión.

Outra cuestión é o relativo á situación que vostede define como de precariedade laboral dentro deste centro. Téñense realizado numerosísimas actuacións por parte da Inspección Provincial de Pontevedra a instancia, a meirande parte delas, da CIG, como sindicato, ademais, maioritario do comité de empresa. En concreto, son 57 as inspeccións que se realizaron entre o ano 2021 e o que levamos do 2022 nas máis diversas materias: en prevención de riscos, en tempos de traballo, en dereitos dos traballadores, en control das condicións salariais, en cesión ilegal. Co cal, penso que se está levando a cabo o seguimento deste centro, tanto desde o punto de vista das subvencións como desde o punto de vista da Inspección de Traballo.

Cousa distinta é o que vostede está plantexando, que é a cuestión relevante e que non ten que ver co seguimento que se fai dende a Consellería ou dende a Inspección —é que está mesturando, eu non sei se de xeito deliberado, para que o escoite o comité de empresa—, que é a aplicación do convenio colectivo. ¿Que convenio colectivo hai que aplicar a este centro? Este centro é un centro sen ánimo de lucro, e vostede creo que sabe —igual que o sabe o comité de empresa— que o convenio colectivo xeral que se aplica aos centros e servizos de discapacidade determina que o convenio colectivo do sector non se pode aplicar aos centros sen ánimo de lucro. Esta é a razón pola que existe unha desigualdade en canto aos salarios, cuestión que foi tratada coa Inspección de Traballo; de feito, a Xefatura Provincial da Inspección tivo varias reunións co comité de empresa, co presidente do comité de empresa, co responsable comarcal sectorial da CIG e tamén co responsable nacional de negociación colectiva do citado sindicato. Con el tamén se reuniu a directora xeral de Relacións Laborais, e o tema de fondo e substancial era este: cal é o convenio colectivo de aplicación. No informe que realiza e que se envía á inspección territorial, a Inspección de Traballo sinala que non pode entrar, porque non ten competencia, a determinar o convenio colectivo cando o centro é sen ánimo de lucro.

Eu o que lle podo dicir é que o centro está rexistrado como centro sen ánimo de lucro e que presenta anualmente a memoria xustificativa e a documentación correspondente que exixe actualmente a normativa vixente. Non obstante o cal, a Consellería está levando a cabo agora mesmo —comeza este ano— auditorías con mostras do 10 % dos centros especiais de emprego para comprobar tamén a contabilidade. E o que lle digo é que, dado o interese manifestado polo seu partido e estando aquí o comité de empresa, imos incluír nesa mostra este centro para comprobar —como un control extraordinario e que non se fai en ningunha comunidade autónoma— que, efectivamente, se están destinando as reservas que ten o centro dentro dos centros do grupo...

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, conselleira.

(A señora Lorenzana Somoza pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Aínda ten despois un turno de tres minutos.

Para a réplica ten a palabra dona Carme.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Conselleira, si, hai un problema de convenio, pero eu aquí non veño falar do convenio, veño falar das axudas que a súa consellería destina a Ilunion Servizos Industriais para o fomento do emprego de persoas con discapacidade. E podemos reducir a cantidade o que queira, eu falaba do 2020, 2021 e 2022; en tres anos Ilunion Servizos Industriais recibiu máis de 6.700.000 euros.

E o que aquí preguntamos é: ¿que controis se fixeron sobre ese diñeiro? ¿Que tipo de adaptacións do posto de traballo, segundo marca o propio decreto de axudas no punto 4.3, se fixeron con ese diñeiro? Porque é moi sintomático que deses 6.700.000 só 8.000 euros son para a adaptación de postos de traballo.

¿Saben vostedes que por non poñer unhas luces para persoas xordas non poden contratar persoas xordas? Non existe a integración, señora conselleira. Diso é do que estamos falando aquí hoxe, e iso é o que ten que facer a súa consellería: velar pola integración das persoas con discapacidade no mercado laboral.

É certo, hai numerosas inspeccións e numerosas denuncias, porque outra das condicións é cumprir o convenio, e non o están facendo en moitas materias. Entón, pode facer vostede a auditoría que queira, pero o que estamos pedindo é: ¿que se fixo ata o de agora? ¿Como se comprobou que se estaban cumprindo as condicións que ten que cumprir Ilunion Servizos Industriais para recibir 6.700.000 euros da Xunta de Galiza?

Mire, señora conselleira, a obriga do Goberno galego é velar por que as persoas con discapacidade teñan un posto de traballo digno, e iso é o que facemos dende o BNG e ímolo seguir facendo. Facémolo no Parlamento galego, en Madrid e onde faga falta. Porque a precariedade non é integración. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora González.

Para a réplica do Goberno, a conselleira, por tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señora González, de verdade que non sei se non me está entendendo o que estou dicindo ou que o que está facendo é política co comité de empresa, que ten aquí, e ten que xustificar, porque veu a CIG ao Parlamento de Galicia, porque, se non, é incomprensible.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dos 5,7 millóns de euros que se pagaron entre o ano 2021 e o ano 2022 —e vostede penso que o debería de saber, xa que vén aquí preguntar isto—, a meirande parte vai en custo salarial, é o programa III; o que se subvenciona son as nóminas dos traballadores. Estoulle dicindo que en unidades de apoio xa soamente nestes dous anos se aboaron, ademais deses 5,2, 332.000 euros; e vostede sáeme con 8.000 euros en tres anos. Entón, non entendo de onde saen esas contas. *(Murmurios.)* Estas son as contas que se presentaron e que se xustificaron na Consellería. Estas son as contas que se xustificaron.

Segundo. Vostede estame dicindo que é un centro que leva 57 inspeccións de traballo no último ano e medio e que non ten ningún posto adaptado. ¿Centro especial de emprego sen ánimo de lucro, 57 inspeccións de traballo, e non ten ningún posto adaptado? ¿E quere que eu o crea? É dicir, que a inspectora, que se dedica ás denuncias que presenta a CIG na Inspección de Traballo en Pontevedra, nesas 57 actuacións inspectoras, non fixo nada e por iso o centro está nestas condicións que vostede está dicindo.

Mire, os corenta millóns de euros que están destinados no Plan de emprego de discapacidade e exclusión social, un por un, cada euro, nos sete programas que están vixentes, son vixiados, supervisados e, dende logo, controlados por funcionarios públicos. Non teña a menor dúbida.

Segundo, somos a única comunidade autónoma que temos un plan específico de inspección para a vixilancia do cumprimento da legalidade en centros especiais de emprego, posto en marcha neste ano 2022. ¡A única comunidade autónoma en toda España!, e vostede dime que non estamos cumprindo coas nosas obrigas de seguimento.

E, a maiores, o que lle estou intentando dicir é que, cando un centro especial de emprego é sen ánimo de lucro, nel non se pode aplicar un convenio do sector, estallo dicindo a Inspección de Traballo. Entón, a única maneira de poder aplicar o convenio do sector sería que non fose sen ánimo de lucro; razón pola cal, a maiores, e como un control extraordinario, vou realizar estas auditorías para ver se realmente as memorias xustificativas responden á imaxe fiel da contabilidade destas empresas, e ese xa é un control absolutamente extraordinario.

Polo tanto, o Goberno está facendo todo o control ordinario que ten que facer, a Inspección de Traballo tamén, e, dende logo, faise este control extraordinario, que é, ademais, a máis, porque repito que non se fai en ningunha comunidade autónoma.

E, nada máis.

Si me gustaría aclarar que vostede dicía na súa exposición de motivos que este texto refundido non prevé ou elimina un requisito, que é o paso do emprego protexido ao emprego ordinario. Un texto refundido non pode eliminar un requisito que estaba na lei anterior porque soamente refunde os textos anteriores. Co cal, este é o obxectivo último de todas as políticas de emprego a favor da discapacidade e, dende logo, o obxectivo claro que ten este goberno: o tránsito da maior parte do emprego protexido ao emprego ordinario. E para iso está este plan e estes corenta millóns de euros de emprego para a discapacidade e as persoas en risco de exclusión social.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos xa á última pregunta desta sesión plenaria.

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia para dotar de dous profesionais de psiquiatría o cadro de persoal do Servizo de Saúde Mental da Mariña

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por tres minutos, ten a palabra don Daniel Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleiro.

Vou comezar con tres titulares: «Duplícanse os intentos de suicidio e autolesións entre os adolescentes», «Galicia está á cabeza de España no consumo de tranquilizantes e somníferos», e coidado con este último, «Case un 10 % dos alumnos de secundaria intentaron suicidarse». Todos estes titulares, desgraciadamente, non son un mal pesadelo, senón que son unha realidade que estamos a vivir e que vive a sociedade galega, e que, coma sempre, se centra máis nas clases populares e, neste caso —como imos ver—, na mocidade. Evidentemente, a pandemia tivo moito que ver nisto, pero sempre que falemos de saúde mental debemos tamén aludir a esas dificultades para poder pagar, por exemplo, o alugueiro, para poder chegar a fin de mes ou, por exemplo, por estar nunha lista de agarda moi longa, que tamén condicionan, sen dúbida, a saúde mental das persoas. Pero como isto é moi amplo, imos falar do que podemos facer e de como poder facerlle fronte, neste caso nun punto concreto deste país, que é a comarca da Mariña.

Resulta que quizais ante a situación que estamos a vivir, ademais, despois da pandemia, tamén deberiamos de estar a falar de como incrementar os servizos de saúde mental. En concreto, na Mariña, do que estamos a falar é de que dos tres psiquiatras que tiña o Servizo de Saúde Mental da Mariña, no día de hoxe hai unha soa profesional; ou, o que é o mesmo, que ao total dunha comarca de preto de 70.000 habitantes só os atende unha soa profesional. E todo isto, evidentemente, xera unha serie de consecuencias que podemos relatar aquí:

A primeira. Cincocentas persoas están en lista de agarda, esperando para ser atendidos sobre uns asuntos e unhas doenzas que non deben de agardar moito.

A segunda. Todas aquelas persoas que estaban sendo atendidas a domicilio agora teñen que acudir aos seus centros de saúde. E digo eu que se estaban sendo atendidas a domicilio por algo sería.

A terceira. A pesar dos graves titulares —gravísimos e terribles— que lin antes: os mozos e mozas da Mariña non poden ser atendidos na propia comarca porque se teñen que desprazar, coma sempre, a Lugo, porque non contamos con psiquiatría infantoxuvenil.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A cuarta: a atención ás residencias que se facía antes agora tense que facer con horas extras dos traballadores, polo que poden imaxinar como de cansos están todos os traballadores e traballadoras, e, evidentemente, as listas de agarda que se aumentaron.

Logo poderiamos irnos tamén a psicoloxía, na que, ademais de que xa sabemos que a incrementaron cunha traballadora máis —temporal, tamén hai que dicilo—, estamos por baixo das medias. Porque se a ratio da media española, que xa non é moi elevada, é de 6 profesionais por cada 100.000 habitantes, a da Mariña é de 2,8.

Ben, este é o diagnóstico, que é duro e bastante terrible. Entón, agardamos que se trate este debate cun pouco máis de serenidade e que recorden que levan trece anos gobernando na sanidade galega e que teñen todas as competencias.

Por iso claramente lle preguntamos hoxe se van cubrir as prazas de psiquiatría que seguen baleiras no Servizo de Saúde Mental da Mariña.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Castro.

Para contestar, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, por tres minutos.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidenta.

Señorías, señor Castro, respecto da súa pregunta, teño que dicirlle que si, que a Xunta de Galicia está totalmente disposta a dotar canto antes dos profesionais de psiquiatría que require o Servizo de Saúde Mental da Mariña.

A día de hoxe a Unidade de Saúde Mental de Burela conta cunha dotación de prazas de persoal axeitada á poboación da área afectada. Así pois, esta unidade conta con 3 facultativos, 2 en consulta externa e interconsultas hospitalarias e 1 que visita as residencias sociosanitarias e dá soporte á unidade de coidados; 2 enfermeiras, unha en consulta e outra na unidade de coidados, e 1 TCAE na unidade de continuidade de coidados; 2 psicólogos clínicos; e 1 administrativo.

O problema que aconteceu, como vostede relata, é que coincidiron as baixas médicas de dous dos profesionais sanitarios da Unidade de Saúde Mental. Estas dúas ausencias concéntranse na categoría profesional de facultativo, xa que, a pesar de realizar os chamamentos ordinarios ás listas de contratación en repetidas ocasións, non atopamos especialistas dispoñibles para cubrir estas vacantes.

Pola nosa parte, estamos tentando resolver este problema canto antes para que os pacientes da zona da Mariña non se vexan afectados. E por iso desde o Hospital Universitario Lucus Augusti estanse realizando apoios ás consultas externas. E comunícolle —e xa o acaba de dicir vostede— que dende o pasado 20 de xuño se incorporou á Unidade de Saúde Mental unha psicóloga clínica máis.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende a Xunta de Galicia somos conscientes da importancia da saúde mental e, sobre todo, da concienciación xurdida nos últimos tempos na sociedade galega. Por iso, o compromiso da Xunta de Galicia coa saúde mental está máis que presente no noso día a día.

O sistema sanitario de Galicia está a vivir unha importante transformación no seu conxunto, prestando unha atención máis completa e especializada no referente á saúde mental. Por este motivo, a Xunta de Galicia aprobou o Plan de saúde mental 2020-2024, cuxa dotación orzamentaria ascende ata 83 millóns de euros para estes exercicios.

Pero, indo especificamente á situación da área de Lugo, dende que puxemos en marcha o Plan de saúde mental 2020-2024, do que falaba anteriormente, nesta área incorporáronse 12 novos profesionais, 3 psicólogos clínicos, 3 psiquiatras, 3 enfermeiras especialistas en saúde mental e 1 traballador social, para ter programas de psicoloxía de enlace en primaria e no hospital, para reforzar o programa sociosanitario que agora chega a 33 residencias de toda a provincia de Lugo, para ter un programa preventivo de suicidio ou para ter un hospital de día de saúde mental infantoxuvenil, efectivamente, no Hospital Lucus Augusti, como hai un en cada unha das sete áreas sanitarias. É dicir, creamos servizos de saúde mental que non existían antes da posta en marcha deste plan.

Ese é o obxectivo deste goberno. Probablemente tamén por iso nos sexa tan difícil atopar substitutos a eses profesionais.

Pola miña parte, de momento, máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidenta.

Está moi ben que nos explique a teoría, que está moi ben, pero, evidentemente, cando hai baixas, hai que cubrilas, porque están dando un servizo moi importante, e máis no contexto no que estamos a vivir. Pensen que, por exemplo, se este parlamento, se esta cámara fose unha aula a día de hoxe de secundaria, segundo o que din os estudos feitos a máis de 16.000 persoas no Estado español, dentro desta aula hipotética habería sete ou oito persoas que se intentaran suicidar. É terrible, é terrible, e cando estamos dando estes datos, o que non vale é que teñamos que vir aquí debater de que se cubran esas prazas. Cando chegan estes datos, que son terribles, teriamos que estar falando de canto se van aumentar. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

E dino ademais os propios profesionais, díxoo vostede tamén. Hai 7 unidades de saúde mental infantoxuvenil, porque ademais é moi importante, porque o 75 % destas problemáticas aparecen nesta área, pero xera esperas de até un ano, e moitas veces só son atendidos ao final eses pacientes, eses doentes, pola atención primaria. Entón, creo que está claro que do que teriamos que chegar aquí a falar sería de como aumentamos eses servizos de saúde mental.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E logo outro tema é a centralización, porque, coma sempre, a saúde ten que estar o máis preto da casa. E aquí estamos a falar de que na Mariña non existe a psiquiatría infantoxuvenil, non existe a unidade de prevención do suicidio, porque todas están en Lugo. Se non temos ese servizo cerca dos fogares da xente, ¿como llo imos ofrecer, e máis no momento que estamos a vivir?

Volvémosllo preguntar: ¿esas dúas prazas de psiquiatría vanse cubrir? ¿Cando e como?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Castro.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señoría, vostede sabe ben que a nivel nacional existe unha situación sanitaria complexa no que ao déficit de determinadas especialidades médicas se refire. Se atendemos o informe de oferta e necesidades de especialistas médicos 2021-2035, as proxeccións sobre os vindeiros anos na especialidade de psiquiatría mostran un déficit moderado de psiquiatras, o que fai que nos poñamos a traballar para evitar situacións de vacantes como as acontecidas.

Dende a Xunta de Galicia temos posto medidas en marcha para intentar paliar esta situación, e sábeo perfectamente, aínda que a vostedes lles resulta máis sinxelo empregar o argumento do desmantelamento para calquera servizo no que haxa unha incidencia.

Señoría, para que se faga unha idea, das 241 prazas incorporadas, previstas no período de vixencia do Plan de saúde mental, están contratados xa 120 profesionais, a maiores do que había ao principio do plan.

Ademais, intentamos acercar estes servizos á poboación, efectivamente, implantándoos nos hospitais comarcais. Por iso no Hospital da Mariña a Unidade de Saúde Mental conta cunha plantilla de 9 profesionais, que acabo de detallar hai un momentiño. Porque nós facemos unha aposta decidida polos hospitais comarcais.

Se me pregunta se vai haber hospital infantoxuvenil no Hospital Comarcal de Burela, teño que dicirlle que non, que o acabamos de montar en Lugo, igual que no resto das sete áreas sanitarias.

Pero, se aínda non lle parecen dabondo estas medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia, tamén se está a incrementar o número de prazas concertadas con entidades sociais do eido da saúde mental, o que permitirá que a finais do plan teñamos aumentado ata 1.500 prazas financiadas en pisos protexidos, centros residenciais e de rehabilitación psicosocial.

Os orzamentos neste ano recollen 8,1 millóns de euros para o financiamento de prazas concertadas con entidades de saúde mental, un 30 % máis do que había no ano 2020, cando se iniciou o plan.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Só na área de Lugo o Sergas presta servizos de atención sanitaria ás persoas que padecen trastorno mental persistente a través dun concerto con 13 unidades de apoio comunitario, 1 unidade residencial, 6 centros de habilitación psicosocial e laboral e 6 pisos protexidos, as cales supoñen un total de 215 prazas financiadas.

E, precisamente, un dos últimos servizos postos en marcha foi, este mesmo abril, con 29 novas prazas concertadas, un centro da Asociación de Axuda ao Enfermo Mental A Mariña, en Viveiro, unha entidade que xa xestiona un centro de habilitación psicosocial e laboral en Burela e na que por certo se recibiu a través do Plan de saúde mental unha axuda do Goberno galego para o seu equipamento.

Como pode observar, dende a Xunta de Galicia apostamos polas políticas activas en saúde mental en todos os ámbitos e tentamos solucionar do mellor xeito posible os inconvenientes que xorden.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, conselleiro.

Pois, non habendo máis asuntos na orde do día, rematamos a sesión. Boa tarde-noite a todos.

Remata a sesión ás sete e corenta e un minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-uwLAyOpSO-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/